



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 3

Sesión plenaria
3 de setembro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGknA204Ex88
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto único. Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.



SUMARIO

Retómase a sesión ás once e corenta e oito minutos da mañá.

Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia. (Continuación.)

O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona Sandra Vázquez Domínguez, por maternidade, e a súa delegación de voto ao abeiro do disposto no artigo 84.3 e 4 do Regulamento da Cámara. (Páx. 5.)

A continuación, o señor presidente explica a ordenación do debate. (Páx. 5.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Caballero Míguez (S) (Páx. 5.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 16.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 26.)

Resposta do candidato a presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 35.)

O señor presidente suspende a sesión e anuncia que se retomará ás cinco da tarde. (Páx. 56.)

Suspéndese a sesión á unha e trinta e cinco minutos da tarde e retómase ás cinco e cinco minutos da tarde.

O señor presidente comunica a inasistencia de dona María González Albert e a súa delegación de voto na deputada dona Ana Pontón Mondelo. (Páx. 57.) Así mesmo, anuncia que tras a rolda de réplica dos grupos parlamentarios e da derradeira intervención do candidato se procederá á votación. (Páx. 57.)

Réplica dos grupos parlamentarios: Sr. Caballero Míguez (S) (Páx. 57.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 60.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 63.)

Dúplica do candidato a presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 67.)

Suspéndese a sesión ás seis e trinta e seis minutos da tarde e retómase ás seis e cincuenta minutos da tarde.

O señor presidente reinicia a sesión e anuncia que se vai proceder á votación para a elección do candidato a presidente da Xunta de Galicia. Así mesmo, lembra que a votación é por chamamento e que se deixan para o final os membros do Goberno en funcións e os membros da Mesa. A continuación dálle a palabra á señora secretaria da Mesa para que saque á sorte a letra pola que empezará o chamamento das señoras e dos señores deputados. (Páx. 79.)



A señora secretaria (Porro Martínez) saca á sorte a letra, que é o “p”, e procede a efectuar o chamamento. (Páx. 79..)

Resultado da votación: votos a favor, 42; votos en contra, 33, e ningunha abstención. (Páx. 81.)

O señor presidente comunica o resultado da votación e a obtención da maioría absoluta polo candidato. En consecuencia, proclama elixido presidente da Xunta de Galicia a don Alberto Núñez Feijóo. (Páx. 81.)

Remata a sesión ás seis e cincuenta e oito minutos da tarde.



Retómase a sesión ás once e corenta e oito minutos da mañá.

Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia. (Continuación.)

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión.

Xustifica e inasistencia e delegación de voto a deputada Sandra Vázquez Domínguez por maternidade, que, ao abeiro do disposto no artigo 84.3 e no artigo 4 do Regulamento da Cámara, exerce o seu dereito á delegación de voto para esta sesión no deputado don Pedro Puy Fraga.

Procede agora a intervención dos representantes dos grupos parlamentarios. E isto farémolo de conformidade co acordado pola Mesa e Xunta de Portavoces o 27 de agosto de 2020. Para iso poderán facer uso da palabra por un tempo de 35 minutos. O candidato poderá contestar individual ou globalmente aos grupos parlamentarios, conforme o disposto no artigo 136.4 do Regulamento.

Tras o debate levarase a efecto a votación. Eu comunicarei oportunamente cando será esa hora e farei os avisos correspondentes.

Polo tanto, agora procederemos á primeira intervención, que corresponde ao Grupo Parlamentario Socialista por un tempo de 35 minutos.

Ten a palabra o señor Gonzalo Caballero Miguez.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Señor presidente, señoras e señores deputados, galegos e galegas que seguen este debate a través dos medios de comunicación, a través tamén da Televisión de Galicia, señor candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, quero empezar esta intervención cun saúdo fraternal e agarimoso a tantos galegos e galegas e a tantas familias que sufriron esta crise sanitaria e sufriron a covid, ás familias dos 644 galegos que faleceron pola covid, a aqueles 3.847 galegos e galegas que están hoxe contaxiados e especialmente a aqueles 14 que están ingresados en unidades de coidado intensivo. A todos eles un saúdo, unha aperta, un agarimo. Quero dicirlles a todos os galegos que o PSdeG está e estará á altura das circunstancias ante unha crise de tanta envergadura.

En segundo lugar, quero hoxe sinalar tamén unha satisfacción e unha ledicia serena porque, ante a demanda presentada pola Administración xeral do Estado, a xustiza recuperou o pazo de Meirás para o público; (*Aplausos.*) un avance coa memoria histórica, coa memoria democrática; un avance coa dignidade das represalias do franquismo e tamén unha garantía para seguir construíndo unha democracia mellor. Quero recoñecer o traballo feito por todas as administracións, e nomeadamente pola Secretaría de Estado de Memoria Democrática, que presentou co Goberno de España a demanda, á que se incorporaron as distintas administracións de carácter autonómico, provincial e local.



O 12 de xullo os galegos e as galegas acudimos ás urnas. Foron as eleccións da covid, distintas a outras calquera que houbera ao longo da etapa democrática. Unhas eleccións nas que o nivel de participación caeu ata o 48 % dos galegos e galegas que teñen dereito a voto, o 58 % dos galegos con dereito ao voto residentes no territorio da nosa comunidade. Foron unhas eleccións distintas e unhas eleccións nas que 253.000 galegos e galegas votaron as listas do Partido Socialista de Galicia. A eles querémoslles dicir que imos cumprir coa súa mensaxe, que sabemos o que queren do Grupo Parlamentario Socialista e que imos actuar con responsabilidade. E a todos os galegos e galegas lles dicimos que o Grupo Parlamentario Socialista, que os socialistas, imos estar á altura das circunstancias, poñendo o mellor de nós mesmos para unha lexislatura tan complexa.

O Partido Popular gañou as eleccións e trasladamos os parabéns a esa forza política e tamén ao seu candidato, con 627.000 votos, 50.000 votos menos que hai catro anos; unha maioría lexítima para gobernar, unha maioría que dá forza ao Partido Popular para abrir unha lexislatura durante catro anos e a un parlamento no que hai tres forzas políticas: a forza conservadora, a forza nacionalista —á que lle trasladamos tamén os parabéns polo resultado acadado— e a forza dos Socialistas de Galicia. A maioría hai que xestionala con acerto, porque as maiorías non garanten o acerto nas políticas públicas, e para iso todos teremos que estar á altura dos momentos. Porque hai moitos galegos que votaron, pero tamén hai moitos galegos que non foron votar nunhas circunstancias tan complexas. E, por iso, todos temos que poñer o mellor de nós mesmos para construír esa Galicia mellor.

Nós somos a alternativa ás políticas do Partido Popular. Os 253.000 galegos e galegas que nos votaron fixérono porque nos piden algo distinto do que vostedes aplicaron ao longo destes once anos. Imos ser coherentes coas ideas, cos valores e coas propostas socialistas, e ímolo ser porque nós defendemos o público para o fundamental fronte a aqueles que defenden o privado para todo, porque defendemos a loita pola igualdade como unha bandeira de referencia e porque cremos que as políticas son fórmulas de reformar e de cambiar e non só de conservar dende a inacción. Seremos e somos unha alternativa porque cremos que a saída desta crise hai que facela dunha forma distinta a como se xestionou a crise do ano 2008 e do ano 2009. As políticas da ortodoxia e da austeridade están xa superadas, e esta ten que ser unha saída á crise con políticas públicas distintas. *(Aplausos.)*

A crise que estamos vivindo é a crise da covid. Esta situación tan complexa, de tanta envergadura, exige as mellores políticas públicas, e por iso esta ten que ser a lexislatura da protección das persoas ante a crise económica, social e sanitaria. *(Aplausos.)* O Parlamento de Galicia e o autogoberno de Galicia temos que defender a cidadanía ante esta complexidade, construíndo un cinto protector para que ninguén quede atrás e tamén buscando oportunidades para os galegos e para as galegas. Nós estamos fronte ás políticas de recortes, estamos fronte ás políticas de desmantelamento do público, estamos fronte ás políticas que non cren no Estado do benestar e no apoio do público para conseguir unha recuperación mellor. O noso proxecto é alternativo, porque Galicia foi a peor, foi a menos en once anos de goberno do Partido Popular. A Galicia real non vive na Arcadia feliz que nos traslada o Partido Popular. En once anos de goberno Galicia perdeu poboación, perdeu emprego, hai 70.000 ocupados menos que antes da crise da covid. A crise da covid deixou o tecido produtivo máis feble, máis complexo, no sector primario, no sector industrial, porque, ademais, ante esta crise,



vemos como falta resposta suficiente por parte do Goberno galego e como falta proxecto a longo e medio prazo para Galicia.

Hai catro anos, señor candidato, vostede facía compromisos, e incumpriu moitos dos seus compromisos do discurso de investidura. Prometía unha nova lei de emprego de Galicia e ninguén sabe desa lei. Prometía que acabariamos a lexislatura cunha taxa de paro por debaixo dos dous díxitos e ao empezar este ano, no primeiro trimestre de 2020, a taxa de desemprego estaba no 12 %. Prometeu a lexislatura do rural e non traballou polo medio rural de Galicia. Prometeu moitas infraestruturas que están no seu discurso e non o cumpriu, por exemplo, a prolongación da autovía da Costa da Morte. Prometeu que chegaríamos a un 2020 coas rías galegas totalmente saneadas e volve prometelo agora neste discurso de investidura. Prometeu en sanidade múltiples investimentos en hospitais, dende o Gran Montecelo a tantos investimentos noutras cidades, e volve prometélos agora. Prometeu un programa de apoio a persoas maiores que viven soas e tráeo hoxe de novo a este Parlamento. E prometeu sete residencias públicas, unha en cada unha das grandes cidades galegas, e non o cumpriu. (*Aplausos.*) Por iso necesitamos un novo enfoque e por iso necesitamos un novo reto.

Vostede preguntaba onte, señor candidato, para que serven os ministerios de goberno en España, pero o que os galegos e as galegas se preguntan hoxe é para que serve unha consellería de Economía que non acadou as medidas necesarias para apoiar o tecido produtivo do noso país, pregúntanse para que serve unha consellería de Política Social que exime as súas responsabilidades en tantos ámbitos das políticas e pregúntanse para que serve unha consellería de Educación que non tomou medidas para o inicio do curso escolar. E, por iso, tamén se preguntan para que serve un goberno da Xunta de Galicia que exime as súas responsabilidades e que quere que nas súas competencias outros lle fagan os deberes.

E, por iso, hai que mudar esa forma de acción. Non podemos seguir poñéndonos de perfil ou de medio lado ante unha crise de tanta gravidade, de tanta complexidade, hai que gobernar e hai que tomar medidas en circunstancias complexas. Dende logo, dende unha posición alternativa, queremos trasladarlle ao Partido Popular que terá a man tendida do PSdeG-PSOE. Os nosos votos non son necesarios ante unha maioría absoluta, pero imos poñer o mellor de nós mesmos para dialogar, para aportar, para buscar acordos, para poder acompañar o clima político do país e para facer as mellores políticas onde o Partido Popular carece de contidos ou carece de proxectos. É para iso unha responsabilidade na que asumimos que nesta lexislatura da protección das persoas todos temos que estar á altura deste tempo.

E para iso queremos abordar catro grandes eixos de avance, de avance que ten que liderar a maioría do Partido Popular, pero no que pode contar coa vocación de diálogo e de construción dende o Partido Socialista de Galicia. En primeiro lugar, para facer unha defensa férrea do social, da prioridade do social, nunha lexislatura na que temos que dar protección á cidadanía para que ninguén quede atrás; unha defensa e fortalecemento do sistema sanitario público, da prioridade das políticas sociais, dun novo modelo de residencias e de atención de maiores, para apostar por unha educación con garantías, por unhas políticas de igualdade, por unha defensa da causa feminista —si se pode sinalar o feminismo tamén no discurso de investidura—; (*Aplausos.*) por unhas políticas que teñen que dar oportunidades á xente nova. A prioridade da política social vai ser a liña vermella do Partido Socialista de Galicia. Non pode



haber máis retrocesos, máis recortes e máis abandonos, hai que facer unha política de protección da cidadanía, e queremos traballar dende a oposición apoiando o Goberno da Xunta en todas aquelas medidas que permitan ese avance.

En segundo lugar, queremos tamén falar da reactivación económica do país. É necesario un plan Rexurde para a reconstrución económica, para o impulso dos sectores produtivos, para a creación de emprego pola covid, e facelo dende a sustentabilidade e dende os retos da transición ecolóxica e da dixitalización, tamén para apostar polo medio rural e pola vertebración territorial; unha segunda gran liña de acordo para traballar pola reconstrución económica do noso país.

En terceiro lugar, creemos unha liña de acordo que é fundamental para traballar pola rexeneración e pola calidade das institucións.

E, en cuarto lugar, o maior acordo que pode acadar esta lexislatura da protección das persoas, o maior acordo que temos que ter os grupos parlamentarios representados neste hemiciclo é que Galicia ten un estatuto e ten un autogoberno, e, ante os problemas de Galicia, necesitamos un goberno da Xunta de Galicia que exerza as súas competencias, as do Estatuto de autonomía, en políticas sociais, en industria, en economía, en sanidade e en educación. Esa é a maior responsabilidade do gran acordo que ten que haber na lexislatura. A lexislatura da protección das persoas ten o reto de acadar un acordo para que o Goberno da Xunta exerza e cumpra coa súa responsabilidade. *(Aplausos.)* Apliquen o Estatuto de autonomía como maior garantía para esta lexislatura.

Ao longo destes once anos de goberno do Partido Popular evidenciouse un tipo de políticas sanitarias que son distintas das que o Partido Socialista defende para o noso país. A crise da covid evidenciou que a prioridade do sistema sanitario público é fundamental, e, se cabe, aínda máis agora. O balance de once anos de recortes, de precarización do emprego e de desmantelamento de tantos servizos das políticas do Partido Popular para nós é negativo, e para os galegos e galegas que votan ao Partido Socialista o balance da xestión en sanidade do Partido Popular tamén é negativo. Vostede parte dunha análise que é irreal, dun número de investimentos que non se cumpren, porque os orzamentos da Xunta de Galicia, en termos reais, neste ano, son inferiores aos que había cando vostede chegou á Xunta de Galicia se actualiza as partidas de acordo co IPC, algo que sabe calquera alumno de 1º de Economía ou que sabe calquera familia. Recortou 2.000 millóns de euros en sanidade en once anos en termos reais, porque hai 500 camas menos en hospitais públicos que cando vostede chegou á fronte da Xunta de Galicia, porque recortou en orzamentos, en persoal e en atención primaria, porque eliminou servizos en moitos hospitais comarcais e porque o emprego está máis precarizado.

Hai unha falsidade da realidade cando se quere vender ese investimento, esa aposta que non se deu. Nós cremos que hai que facer unha aposta clara, e dende logo cremos que esta crise evidenciou a necesidade dunha emenda á totalidade das políticas sanitarias do Partido Popular. Para iso imos plantexar propostas, imos plantexar ideas, imos traballar co que temos: un proxecto para Galicia. Entre outras cousas porque hai novos fondos. Na primeira parte do fondo da covid, Galicia recibe 268 millóns de euros para gastar en sanidade, e hai que



fortalecer a rede de profesionais e de recursos de saúde pública, hai que implementar un auténtico plan de mellora da atención primaria —que foi a gran danada ao longo das súas política— e hai que facer unha dotación de novos centros de atención primaria e cumprir cos compromisos cos hospitais.

É necesario, ademais, adecuar as ratios de usuarios por médico para conseguir que haxa unha menor carga de pacientes por cada médico en atención primaria. E, por suposto, hai que establecer un programa extraordinario de estabilización de recursos humanos, porque hai marxe para facelo, e vostede nin tan sequera cumpre co mínimo que se pode establecer, que é chegar a xerar o máximo de prazas estables que permite a lexislación vixente.

É necesario traballar nesa liña para convocar 5.000 prazas estables para profesionais sanitarios nesta lexislatura, e hai que colaborar coas demais comunidades autónomas e co Ministerio de Sanidade e co Goberno de España para chegar a un acordo que permita avanzar cara á supresión da taxa de reposición para o sistema sanitario. Hai que convocar esas prazas que foron cubertas por persoas eventuais de maneira continua durante tantos anos. Hai moitas enfermeiras e enfermeiros que acumulan contratos diarios, semanais e que están reclamando a este Goberno e a esta Cámara autonómica un maior compromiso. Hai que rebaixar a eventualidade por debaixo do 8 %, e hai que desenvolver un plan galego de saúde mental, que vostedes volven desempoa agora, nestes momentos, despois de non telo cumprido en todos os anos que tiveron de goberno.

É importante, señor candidato, desenvolver un catálogo de servizos hospitalarios básicos que garanta a presenza permanente, nos hospitais comarcais, dos servizos de maior uso e as necesidades da poboación con persoal estable no propio centro, e hai que reforzalo tamén ante os riscos que implica esta crise da covid. Temos que apostar polo público, para que ao final desta lexislatura consigamos que toda a poboación galega teña como hospital de referencia un centro público de xestión pública e temos, ademais, que elevar o investimento en investigación sanitaria.

Hai que avanzar tamén cara a un reto que é complexo, pero no que hai dificultades e que temos que asumir tamén colectivamente —coincido seguramente con vostede nesa intención—, que é que hai que incorporar progresivamente a atención bucodental plena no Sergas para as persoas con máis dificultades. Polo tanto, queremos traballar no eido da sanidade.

No seu discurso, señor candidato, señor Feijóo, coincidimos cando onte plantexaba que hai que facer un reforzo do departamento de saúde pública, ou cando anunciaba que se vai abrir unha liña de tests masivos a partir de mostras de saliva. Dende logo, dámoslles a todos os profesionais sanitarios e tamén aos responsables todos os parabéns para que iso vaia adiante, pero falla a credibilidade do Partido Popular en todo aquilo que puideron facer en once anos e non fixeron: o seu compromiso coa atención primaria, o seu compromiso coa saúde mental e o seu compromiso co persoal. Ese é un reto; hai retos antigos que non cumpriron e que esperemos que agora cumpran nestes próximos catro anos.

Vostede prometía onte, señor Feijóo, un novo servizo galego de saúde, unha renovación integral do Sergas. ¿Pero cal é o modelo? ¿Cal é o proxecto? ¿En que vai cambiar a organización,



o funcionamento dese sistema? Porque nada aclarou. Falou da mellora das condicións dos profesionais sanitarios, pero non se concretaron. E falou tamén de remitir unha lei orgánica de saúde nestes días ao Goberno de España; unha lei orgánica da que o resto dos grupos parlamentarios non temos ningún coñecemento. Eu quero preguntarlle se vostede cre que cada unha das dezasete comunidades autónomas debe remitir o seu proxecto de lei orgánica de saúde pública para arranxar as dificultades que hai no país, (*Aplausos.*) porque vostede e o Partido Popular teñen tamén deputados no Goberno de España, e hai unha comisión, a Comisión para a Reconstrución Económica e Social, cunha área sanitaria na que vostede, os seus deputados e o seu líder, o señor Casado, poden tamén levala adiante —primeiro, pactada polo menos coas comunidades que vostedes gobernan—.

As políticas que vostede aplicou, señor Feijóo, en materia sanitaria, non son as nosas, e nós estamos abertos a colaborar na defensa da sanidade pública e en facelo coa Consellería de Sanidade e coa Presidencia do Goberno da Xunta de Galicia fronte aos recortes e fronte aos retrocesos que houbo no pasado. Temos que apostar por unha sanidade pública, pero apostar pola sanidade pública non é poñer un cartel en Verín que diga: «hospital público». Os galegos e galegas que nos escoitan saben das listas de espera, dos problemas de citas en atención primaria —especialmente nestas semanas do verán— e tamén das feblezas dun sistema telefónico que afasta o tipo de tratamentos.

Os galegos que nos escoitan queren saber tamén cales son os 6.000 rastrexadores que vostede coñece e que ninguén máis coñece. Os galegos que nos escoitan queren seriedade e compromiso na defensa da sanidade, e aí estaremos co Goberno da Xunta de Galicia.

En segundo lugar, dentro do ámbito social, quería sinalar tamén a importancia das residencias e das políticas sociais en conxunto. A crise da covid evidenciou os riscos para maiores e residencias, e o certo é o que está acontecendo nestes días na residencia do Incio, onde xa houbo sete falecementos, o que amosa unha vez máis que a situación que se está vivindo é terrible, que é moi complexa.

Temos que afrontar un debate en profundidade do tema das residencias e tomar todas as medidas necesarias para que non se poida repetir o que aconteceu. Case a metade dos falecidos en Galicia foron maiores en residencias. Galicia necesita un novo modelo de residencias e un novo modelo de atención aos maiores, como vostede mesmo recoñeceu ao longo da campaña electoral. Fallaron os protocolos, fallou a inspección e non cumprimos no número de prazas de iniciativa pública que hai en Galicia en residencias de maiores, onde, segundo os baremos da Organización Mundial da Saúde, fallan 14.000 residencias. Hai que cumprir nesta lexislatura avanzando.

O Consello de Contas, no seu informe do 2016, apuntaba que a previsión de inspeccións descendeu de forma inmensa neses anos, que o sistema de inspeccións e sancións estaba viciado e que non se cumpría coas inspeccións ás residencias. A directora da residencia DomusVi, en Santiago, fixo pública unha carta de enorme gravidade ante a primeira ola da pandemia, sinalando que se lle indicara que tiña que priorizar os enfermos covid para o hospital e non derivar a aqueles pacientes que eran máis graves; é dicir, que os máis graves tiñan que estar na residencia na orde de prioridades.



As denuncias públicas dos traballadores e das traballadoras das residencias e as declaracións dos familiares exixen unha resposta. Eu quero pedirlle, señor candidato, señor Feijóo, que hoxe mesmo se comprometa nesta Cámara parlamentaria a respaldar unha comisión de investigación para estudar que ocorreu nas residencias, para aprender dos erros e para, con base nestas conclusións, construír un mellor modelo de residencias en Galicia. *(Aplausos.)* Debémosllelo ás vítimas, debémosllelo ás familias, debémosllo a Galicia, por dignidade.

Señor Feijóo, onte anunciaba vostede un novo protocolo de residencias e de sanidade, e anunciaba tamén unha nova normativa que regule as condicións de apertura e actividade de residencias de maiores. ¿Eran errados os protocolos e as normativas que existían? ¿Como vai desenvolver esa nova normativa para regularas? Queremos contribuír porque sabemos que é un tema complexo, porque sabemos que todos estamos preocupados polo que ocorre nas residencias e cos nosos maiores, pero queremos tamén ter a información desa nova normativa que vostede anuncia e que pasou de forma menor no seu discurso de investidura, pero que ten un enorme calado político polo que pasou nas residencias, e diso temos que aprender para aplicalo de cara ao futuro.

É necesario ese novo modelo e é necesaria a auditoría e a revisión do cumprimento das normativas e protocolos existentes nas residencias. Hai que apostar polo público, hai que, ademais, facer residencias integradas, hai que ver tamén cando se aplican e por que non se buscan eses mecanismos en residencias como a do Incio, tamén para dar as mellores garantías.

Estamos todos os grupos parlamentarios moi preocupados polo que aconteceu nas residencias, polo que ocorre e polo que pode pasar. Dende logo que todas as críticas que nós facemos á xestión durante este tempo as facemos co carácter construtivo que debemos ter, sabendo que cada vez que hai un problema cada un dos membros do Goberno e do Grupo Popular —tamén no persoal— están preocupados, pero temos que dar no político a mellor resposta, nas competencias do Goberno da Xunta, e tamén coa responsabilidade da oposición.

As políticas sociais son fundamentais, porque, segundo distintas estimacións e baremos, o número de galegos que vivían en situación de pobreza antes da crise da covid, pode estar entre os 540.000 ou os 622.000, ou incluso algo máis. Agora, con datos dalgún informe como o de Oxfam, anúnciase que hai 44.000 galegos máis en situación de pobreza. Temos que fortalecer o contrato social, o cinto protector ao Estado do benestar. Hai avances no Estado, e temos que tomar tamén a responsabilidade. Temos que defender, sen dúbida, avances, como o ingreso mínimo vital, pero asumir tamén as competencias e responsabilidades da Xunta cando existe demora e demora para recoñecer casos de dependencia, ou tamén para tramitar a Risga. Hai moitos problemas, porque os concellos teñen que chegar alí, onde o Goberno da Xunta de Galicia non cumpre, e a prioridade do social é fundamental para que ninguén quede atrás.

Temos que desenvolver tamén unha nova política de vivenda —e logo, se teño tempo, farei unha referencia maior— e tamén unha política de mocidade baseada en tres grandes eixos: vivenda, emprego e formación.



Os galegos e galegas están preocupados. Nos medios de comunicación dío así un veciño. Está entre dúas fronteas: unha polo seu avó, interno na residencia de Aldán, e polo que está protagonizando protestas na rúa para reivindicar unha mellor asistencia xeriátrica, e outra pola súa filla de 11 anos, que con 3 anos sufriu un ictus que lle provocou unha hemiparesia, unha paralización de todo un lateral do corpo e que lle retrae o músculo. Asegura que esta segunda batalla se está xogando tamén con estes pequenos, e que non entende que as clínicas de fisioterapia poidan traballar a nivel privado e que eles non poidan ter pola Seguridade Social, como antes —aínda que era escaso—, dúas sesións á semana de 20 minutos. As familias ían aos hospitais, pero agora non se lles di nada nin saben nada sobre a reapertura de fisioterapia. Así nolo recolle hoxe un medio de comunicación e eu trasládoo aquí, porque é a voz da xente, das dificultades da xente, máis alá do discurso xeral que podemos facer da preocupación.

Esa preocupación haina tamén ante o inicio do curso escolar, que é complexo, pero, sen dúbida, houbo un suspenso radical por parte da xestión da Consellería de Educación. *(Aplausos.)* Son necesarios dez grandes ámbitos de accións. É necesario apostar por máis docentes para baixar os rateos de alumnado por aula, e mentres outras comunidades buscaron fórmulas de contratación de persoal docente extraordinario para iniciar o curso, Galicia quedou na cola á hora de facelo; porque non se estudou tampouco a posibilidade de utilizar espazos adicionais para desdobrar clases; porque non se abordou un plan de dixitalización do alumnado para estar preparados todos os nenos e todas as nenas de Galicia se hai un problema de paralización da actividade no seu centro escolar —é necesario que todos teñan un ordenador, un dispositivo e datos para poder seguir o curso escolar ante calquera situación—; porque é necesario dotar de mecanismos de prevención —de máscaras, de control de temperatura—; porque hai que reforzar a asistencia sanitaria e porque os mestres non son profesionais sanitarios e están aterrados ante unha situación tan complexa; porque hai que traballar na organización dos accesos, garantir o funcionamento das aulas de madrugadores e dos comedores dos distintos centros escolares para evitar riscos; porque hai que habilitar liñas de axudas á conciliación e porque, ademais, hai que desenvolver, señora conselleira, un plan específico de atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, que son os que máis sofren esta crise ante unha falla de reforzos. *(Aplausos.)*

Nos fondos da covid o Goberno da Xunta de Galicia acaba de dispor de 93 millóns de euros para poder facer máis políticas no ámbito das súas competencias. Haberá que ver cantos profesores se van contratar, en que se vai investir e cal é o plan de ensinanza virtual. Temos que facelo.

Teño tamén que sinalar que é importante avanzar na política universitaria, buscando que ninguén quede sen acceso. Hai unha medida que neste Parlamento pedimos e que se pode facer sen un gran custo orzamentario, que é aplicar que as primeiras matrículas no sistema universitario galego sexan gratuítas para todas e todos os estudantes de Galicia. Pódese facer, implica pouco custo e pódese abordar.

E, dende logo, queremoslle pedir, señor candidato, señor Feijóo, un claro compromiso co sistema universitario galego e coa universidade pública, que o seu goberno non vaia tomar ningunha medida que poña en risco, que ameace, a universidade pública de todos os galegos e de todas as galegas. Co sistema universitario público non se xoga e hai que traballar cos



tres reitores para acadar calquera acordo que modifique o mapa de titulacións ou, dende logo, a creación de calquera sistema. *(Aplausos.)*

Querémoslle pedir ademais, señor Feijóo, que afonde nas políticas de igualdade, dende logo, na loita contra a violencia machista e na defensa dos dereitos das mulleres, porque ese é un reto fundamental. En todas as crises as mulleres saen máis mal paradas e máis danadas ante unha situación.

E querémoslle dicir tamén que tente, na configuración do seu goberno, de atender unha demanda histórica do movemento feminista galego. Cree vostede unha consellería de igualdade para darlle representación ao poder das mulleres, para darlle impulso ao compromiso feminista, *(Aplausos.)* e para tamén ter un xesto que equipare esa situación. *(Aplausos.)*

Queremos ampliar as redes de centros de información para a muller, que hai que levalos a todas as comarcas. É necesario desenvolver vivendas de acollida para todas as mulleres que son vítimas ou que foron vítimas de violencia machista. Temos que afondar niso. E, dende logo, en materia de igualdade, prestaremos toda a colaboración e toda a disposición de mellorar, porque é un reto no que temos que estar todos e todas.

Señor candidato, se no ámbito das políticas sociais temos unha fonda preocupación, quérolle dicir que ante unha crise sen precedentes, cun desplome tan amplo da actividade económica, estamos fundamente preocupados polo seu discurso económico. Os traballadores que escoiten ese discurso están máis alertados, os autónomos, que están cheos de dificultades, máis preocupados, os parados, sen liña de acción e os empresarios, máis preocupados. O seu discurso preocupa porque carece dun diagnóstico realista e sobre todo dun plan de acción. Non hai folla de ruta en materia económica no Goberno da Xunta. Para vostede o gran balance é que Galicia ía moi ben, mellor que o resto antes da crise e que Galicia vai tamén mellor ao longo da crise. Pero o certo é que Galicia perde oportunidades, que hai menos capacidade de emprego, que é un país no que as posibilidades de futuro son menores e que por iso cae tamén a poboación, porque alí onde hai emprego hai cidadáns dispostos a estar traballando, a xerar riqueza e a contribuír. E aquí pérdese poboación ocupada e temos que ver cal é o efecto desta crise na poboación ocupada do país.

A súa visión foi parcial e sesgada ante certos indicadores que intentan evitar que temos unha comunidade con menos rendas, con menos salarios e unha economía menos dinámica e menos competitiva e que se se perderon 70.000 postos de traballo dende o ano 2009 ao ano 2020 —70.000 ocupados menos no mesmo tempo en que en España se crearon 670.000 empregos—. Esta crise da covid é unha alerta para todos. Galicia sufriu unha caída moi forte no nivel de produción, no segundo trimestre, unha caída do 17,9 %, onde o 22 % dos traballadores de Galicia se viron afectados polos ERTE ou por despidos, onde a produción industrial chegou a caer un 42 %, onde a cifra de negocios do sector servizos caeu nun 19 %, onde as exportacións chegaron a caer un 35,4 % nos peores momentos da crise. É unha recesión histórica tamén en Galicia.

É unha economía cun comportamento menos cíclico, cun comportamento con menos picos, pero moi forte, ademais, en hostalería, en ocio, en cultura, en turismo, en transporte. Ne-



cesitamos algo máis, porque é certo que ter unha economía baseada nun determinado nivel no sector agroalimentario ou tamén na evolución da automoción, que depende de factores externos, ten implicado que o dinamismo faga que a caída non sexa tan profunda como noutras comunidades, onde o nivel, por exemplo, de turismo internacional é determinante. Pero é certo que nunha comunidade máis pobre, se aínda agora temos unha crise, o que os galegos e galegas reciben é máis riscos, hai unha deterioración das condicións de vida de moitas persoas, hai máis persoas afectadas polo desemprego, hai unha situación máis complexa para os parados de longa duración, hai e haberá máis fogares sen ingresos e danos aos colectivos e aos mozos. Hai problemas.

A Unión Europea buscou un novo tempo, pasou páxina ao paradigma da ortodoxia e da austeridade, buscou novos mecanismos: ampliar a débeda, asumir novas políticas e fondos extra da covid en acordos como nunca se deron. Tamén en España se avanzou en innovacións sociais como os ERTE, como o ingreso mínimo vital, como a abertura aos autónomos. ¿Cal é o modelo de Galicia? ¿Cal é o modelo que ten a comunidade autónoma para afrontar todos estes retos? Non hai programa nin medidas nin plan económico para Galicia. Non hai diagnóstico nin da estrutura produtiva nin do ciclo, nin balance do impacto da covid, nin hai retos que cubrir; e o máis preocupante, non hai medidas nin orientación.

Por iso é necesario levar a cabo esa comisión para a reconstrución económica e social do país, na que imos contribuír, na que queremos colaborar e dar o mellor de nós mesmos ante esa carencia de proxectos para a economía do país nas políticas macro, nas políticas micro e nas políticas sectoriais. Porque vostede anunciou un plan de reactivación de 3.000 millóns de euros en campaña que non implicou nada, porque vostede anunciou en campaña que se ían crear 15.000 prazas de emprego público e non sei se foi unha noticia *fake* porque onte no seu discurso de investidura xa nin tan sequera volvera trasladar o compromiso electoral de xerar 15.000 prazas de emprego público. (*Aplausos.*) Foi o seu compromiso coas normas que hai e ten que cumprir polo crecemento, polo emprego, para a defensa dos sectores produtivos. É necesaria unha nova política económica que aposte pola dixitalización, pola transición enerxética e ecolóxica, porque se abandonou a xeración de enerxía con combustibles fósiles, porque son necesarias esas novas relacións de traballo que estuden como afecta a cuestión telemática e tamén é necesario atender o reto demográfico, porque é necesario que, despois de que nos últimos catro anos non houbera política económica para o medio rural e non houbera avances, agora se tomen medidas, e porque é necesaria unha nova política industrial.

As competencias que nos dá o Estatuto son plenas en materias económicas e, dende logo, teñen unha capacidade de desenvolver a política industrial, pero hai ausencia. En once anos vostede bota balóns fóra, ponse de perfil; hai que avanzar e hai que traballar. ¿Quen acadou a posibilidade de buscar un investidor para unha empresa como Alcoa, en Lugo? ¿Por que dende o primeiro momento non estivo o Goberno da Xunta colaborando? Querémoslle pedir que se comprometa, que traballe arreo polo emprego e pola actividade industrial en Alcoa San Cibrao, e aí haberá un gran acordo para buscar todas as medidas que permitan garantir ese emprego ante a deixadez de funcións dun goberno da Xunta que nada plantexou, que nada solucionou e que non tivo posibilidades; todas as medidas, porque o noso compromiso é con Galicia, é coas galegas e cos galegos.



Hai que traballar na reindustrialización de zonas como As Pontes, como Cerceda; e claro que hai que facelo en colaboración co Goberno de España. E, dende logo, respaldaremos todos aqueles proxectos de reindustrialización, aqueles proxectos de futuro que a Consellería de Economía e Industria lles presente aos galegos e ás galegas. Hai que reformular o Igape para convertelo nunha axencia de auténtica promoción económica, de impulso industrial, pegado ao tecido produtivo, non simplemente como unha axencia de liquidez. Temos que buscar eses mecanismos tamén para darlles aos traballadores de Navantia toda a posibilidade de carga de traballo mentres non cheguen as fragatas. É necesaria esa nova política sectorial no turismo, na cultura, na hostalería e tamén nas políticas de I+D+i.

Señor Feijóo, é a hora tamén dun gran acordo pola rexeneración e pola calidade institucional en Galicia. Ese acordo ten que pasar por distintos ámbitos. Aquí, no eido do Parlamento, hai que chegar a un gran acordo para que, despois da ausencia do presidente da Xunta na sede parlamentaria ao longo de todo o que vai de ano, especialmente na crise da covid, señor presidente, señor candidato á Presidencia, se comprometa a comparecer durante o tempo da crise da covid polo menos nunha ocasión cada mes para poder compartir, debater, analizar e plantexar as propostas que hai para a nosa Galicia. O presidente da Xunta de Galicia ten que estar exercendo as súas funcións no Executivo e cumprindo tamén ante tantas dificultades cunha rendición de contas ante este Parlamento. Temos que traballar por esa calidade institucional tamén cun replantexamento da utilización que o Partido Popular fai dos medios públicos de Galicia e da TVG. Nesta lexislatura ten que haber un cambio e ten que ser un cambio tamén para a pluralidade, para a información imparcial, para a calidade dos traballos dos profesionais que piden defender a Galega de forma continua durante tantas semanas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Queremos pedirlle, señor Feijóo, un gran acordo cos concellos. Sente vostede cos alcaldes das grandes cidades galegas, sente a falar con eles, a cooperar, a chegar a acordos, e sente con eles tamén, señor Feijóo, para explicarnos a todos e todas o acordo letal que vostede tivo na cidade de Ourense, alí onde vostede puxo o maior exemplo que hai de crispación, de tensión, de esperpento das políticas municipais de todas as cidades de Galicia e de todas as cidades de España. Esa é a súa responsabilidade, a dun Partido Popular que aínda hoxe di que secunda o acordo de goberno en Ourense, que é un acordo que indigna a cidadanía, un acordo contra natura e que meteu a terceira cidade máis grande en poboación de Galicia nunha situación de inacción, de parálise e de vergoña política. Vostede ten a responsabilidade de arranxalo porque vostede o creou. *(Aplausos.)*

Señor candidato á Presidencia da Xunta, os socialistas galegos estamos na alternativa ao Partido Popular, e sei que fixen un plantexamento distinto, con moitos plantexamentos de alternativa ao que o Partido Popular representa, pero quérolle dicir que dende o persoal e dende o político estamos dispostos a contribuír, e que se algunha das miñas verbas pode entenderse como un exercicio de tensión, que non se faga así, porque a nosa vontade é a vontade de contribuír, de colaborar, de chegar a acordos, de traballar por Galicia, porque é o que nos piden os galegos e as galegas.



Carballo Calero —a quen lle dedicamos o *Día das Letras Galegas*— falaba daquela frase que dicía: «Esperamos contra toda esperanza». Eu quéro lle dicir, señor candidato, que nesta lexislatura nós temos esa esperanza e que non faga vostede que esa esperanza non vaia adiante; que teñamos a capacidade de contribuír.

Quero acabar dicindo que esta é a lexislatura da protección das persoas. (*Aplausos.*) E non hai mellor forma de protexer as persoas que aplicar as competencias —amplas competencias— que nun estado autonómico lle dá o Estatuto de autonomía de Galicia ao Goberno que vostede preside. En todos os ámbitos fundamentais ten vostede materias e moitas competencias exclusivas, e para iso...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...o mellor acordo que podemos ter polos galegos e polas galegas é cumprir coas competencias que lle dá o Estatuto de goberno de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Moitas grazas, señoras e señores deputados. (*Aplausos.*)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Cidadanía galega, señores e señoras deputadas, señor candidato á Presidencia da Xunta, subo a esta tribuna sabendo que esta non é unha lexislatura máis. Estamos vivindo un momento excepcional e, en certa maneira, a Galiza de hoxe non é a mesma Galiza de hai seis meses. Esta é a lexislatura na que temos que enfrontar as consecuencias dunha pandemia que nos deixa unhas 17.000 persoas contaxiadas, unha caída do 18 % do produto interior bruto e a perda de miles de empregos de autónomos e de empresas. Mais, sen dúbida, o prezo máis alto desta crise son as persoas que perderon a súa vida. Na Galiza xa son 651 vítimas que deixan unha ferida profunda e que estarán sempre na nosa memoria e no noso corazón. (*Aplausos.*)

Eu, ao longo destes meses, fíxenme moitas veces unha pregunta: ¿canto vale a vida dunha persoa? ¿Canto vale a vida das nosas fillas, das nosas parellas, dos nosos pais, das nosas amizades? Para min non hai nada máis importante que esas vidas. Por iso penso que a mellor homenaxe que lles podemos facer non son minutos de silencio nin monumentos, senón poñer por diante a vida das persoas, defender unha sanidade pública libre de recortes (*Aplausos.*) e que nunca máis se faga negocio co dereito a unha vellez digna.



Como servidores e servadoras públicas temos ante nós a difícil tarefa de sacar adiante o país, temos a obriga de defender os servizos públicos, os dereitos das maiorías sociais, e traballar pola reactivación económica e social para darlles esperanza aos milleiros de persoas que hoxe viven con medo. Se hai algún momento no que urxe facer política con maiúscula é este, e esa é a intención do BNG. Imos estar á altura da responsabilidade que nos deron os galegos e as galegas para empezar, desde xa, a levantar o país, e que canto antes poidan mirar o futuro con esperanza. O noso compromiso cos galegos e galegas é total, con todos e cada un deles, votasen o que votasen, traballaremos neste Parlamento para todos e todas e, en particular, para aquelas persoas e colectivos máis afectados pola crise. *(Aplausos.)*

A esas persoas quero dicirlles que o BNG non vai fallar, que os dezanove deputados e deputadas do Bloque imos dar o mellor de nós mesmas e que imos traballar con toda enerxía para responder ás súas preocupacións e para aportar solucións aos problemas que en moitos casos lles quitan o sono.

Quero deixar claro que o BNG vai facer unha oposición crítica pero construtiva, de rigoroso control ao goberno pero de man tendida, porque son tempos de sumar e dialogar, e porque temos o convencemento de que esta ten que ser a lexislatura dos grandes acordos a favor de Galiza. Non son tempos de curtopracismo, de partidismos estériles ou de absolutismo cego e xordo, cando nos estamos xogando o futuro e cando está en risco a saúde e a vida das persoas. E temos que poñer no centro da nosa acción política a vida; a vida desas mulleres precarias que foron esenciais nos momentos máis duros da pandemia, e quero falar con orgullo *(Aplausos.)* do labor das traballadoras de limpeza, dos supermercados, das residencias, de axuda no fogar ou da sanidade; os nenos e nenas que teñen dereito a ser escolarizados nun entorno seguro. Como país, non debemos escatimar esforzos á hora de investir no máis importante, que é a súa educación, e hai que poñer no centro a vida dos mozos e mozas, que teñen dereito a ter un futuro aquí, porque hai unha xeración que está farta de ter que escoller sempre entre precariedade ou emigración... ¡Traballemos para darlle futuro neste país!

Porque, hoxe, os galegos e galegas esperan solucións, anticipación e capacidade de liderado. Por iso, señor Feijóo, o seu discurso do martes foi decepcionante e preocupante; decepcionante porque, nun momento no que estamos vendo como a covid agudiza unha fin de ciclo, vostede non sae da rutina nin das promesas repetidas; preocupante porque non asume as súas responsabilidades nin recoñece os erros da súa xestión. Vostede dicía antonte que botaba de menos que o Goberno central liderara a loita contra a covid. Eu dígolle hoxe que botamos de menos un presidente da Xunta que exerza como tal, que lidere o país ante a peor crise sanitaria e económica das últimas décadas. *(Aplausos.)* ¡Poña as pilas, señor Feijóo!

Un líder anticipase aos problemas; un líder goberna asumindo as responsabilidades; un líder non se esconde, como fai vostede, nin bota balóns fóra cando veñen mal dadas.

Durante o confinamento, vostede fixo campaña electoral usando, dun xeito obsceno, a Televisión de Galiza, que pagamos os galegos e galegas —cen millóns de euros que saen dos impostos—. *(Aplausos.)* Naquela altura comparecía, día si e día tamén, e desde o seu particular *Aló presidente* predicaba solucións para todo o que o Goberno central facía mal. Iso si, unha vez que acabaron as eleccións, recuperadas todas as competencias, vostede está desa-



parecido, e as súas receitas máxicas televisivas, tamén. ¿Onde están agora as solucións, señor Feijóo? ¿Onde están? Esa é a pregunta que nos facemos.

A día de hoxe non temos un protocolo claro de actuación en caso de gromos, o que provoca situacións tan dispares como que pecharon A Mariña con cen contaxios e sen transmisión comunitaria, e sen embargo, na Coruña, con máis de mil contaxios e con transmisión comunitaria, estiveron semanas sen tomar ningunha decisión. Explíquenos que criterio hai para prohibir, por exemplo, que en Santiago de Compostela non vaia poder haber reunións de dez familiares que non sexan conviventes e, sen embargo, permiten nesa mesma cidade vinte e cinco nenos e nenas xuntas nunha aula.

Galiza, señor Feijóo, ten os peores datos de rastrexo de todo o Estado español, os peores: só se localiza a orixe do 20 % dos contaxios. E actúan cunha opacidade e frivolidade que dá pavor: o 11 de maio a Xunta anunciou que os rastrexadores serían vinte, dúas semanas despois xa eran cincuenta, un mes despois xa eran ¡seis mil! É que, segundo vostede, toda persoa que traballa na Consellería de Sanidade é un rastrexador; ¡isto si que é pioneiro! Vamos... ¡un caso único, señor Feijóo!

Nós o que nos preguntamos é que fixo o señor Feijóo durante estes seis meses. Porque todo o mundo sabía que era fundamental que houbera rastrexadores, todo o mundo sabía cando comezaba o curso escolar e que era fundamental que os nenos e nenas tiveran unha resposta.

Eu mesma recoñecín durante a campaña que ningún goberno estaba preparado para poder afrontar unha pandemia como esta. O que non pode ser é que, despois de varios meses, o que se vexa é improvisación; improvisación ante un tema tan serio como o inicio de curso —o seu goberno sabía desde o 14 de marzo que o 10 de setembro había que volver ás aulas—. Tiveron seis meses para programar un inicio de curso seguro, puido decidir contratar máis profesorado e non o fixo, puido reducir as ratios e non o fixo, puido formar o persoal e non o fixo, puido dialogar e acordar coa comunidade educativa e non o fixo; e en vez de recoñecer que non fixo os seus deberes, o que busca é a quen botarlle a culpa.

Antes desta crise eramos moitas as persoas que nos preguntabamos para que servía un Ministerio de Educación cando as competencias estaban transferidas. Vista esta crise, a pregunta que nos facemos é para que serve unha Consellería de Educación que nin está nin se lle espera. *(Aplausos.)* É que, a unha semana de empezar o curso escolar, hai pais e nais que nin tan sequera saben se os seus fillos e fillas van ir en horario de mañá ou de tarde. Eu non sei se saben o que significa iso para a conciliación das familias; se non o saben, mal, e se o saben e actúan desta maneira, peor, porque parece que lle están tomando o pelo á xente deste país. *(Aplausos.)*

En definitiva, seis meses despois non temos rastrexadores suficientes e necesitamos que veña o Exército para salvalo, e seis meses despois non temos un protocolo eficaz para a volta ás aulas, e vostede, vostede persoalmente, pediu que a ministra de Educación centralice o retorno ás aulas. Esta crise, señor Feijóo, deixa espida a súa falta de previsión, de xestión e de capacidade para afrontar os retos que temos.



Pero o grave é que isto non é todo. O máis sangrante é, desde logo, o que leva acontecido coas residencias de maiores, o trato que recibiron as persoas maiores no momento en que máis necesitaban as institucións. Señor Feijóo, póñase na pel dun galego que sufriu a perda dun familiar nunha residencia. Tras meses de non poder velo, tras non poder acudir ao seu enterro, tras non poder, nin tan sequera, compartir a súa dor coas familias, ten que escoitar que o presidente usa esa morte como unha cifra máis para compararse cunha media. Dixo literalmente: «tivemos menos mortalidade en residencias que no conxunto de España, sete veces menos falecementos dos que nos corresponden por poboación». Señor Feijóo, teño que dicirlle que foi un dos momentos máis vergoñentos que vin desde que son deputada neste Parlamento. *(Aplausos.)*

E o que ten que facer é explicarnos qué está pasando nas residencias. ¿Como é posible que despois de todo o que pasou —que tiñamos que ter aprendido— xa teñamos tres novas residencias gravemente infectadas? Queremos saber que intereses teñen nese sector, a que se debe a falta de transparencia.

Eu xa adianto que o noso grupo vai traer ao primeiro pleno que se celebre neste Parlamento a creación dunha comisión de investigación para saber qué pasou nas residencias de maiores. Por respecto ás vítimas, que teñen dereito a saber a verdade; pero, sobre todo, porque hai que aprender dos erros para que non se volvan cometer no futuro. E nese momento, señor Feijóo, vostede terá que retratarse, e saberemos se quere estar coa verdade e coas familias ou que outros intereses escuros está defendendo. *(Aplausos.)*

E reclamámoslle que nun asunto como este non vaian a rebufo dos problemas, que se anticipen. E anticiparse significa corrixir o que non se está facendo ben. E é evidente que, mentres dure esta pandemia, a Xunta de Galicia debería de intervir todas as residencias privadas, para evitar os problemas que estamos vendo. É que hai que garantir que esas persoas van ter a atención que necesitan e que terán as portas dos hospitais abertas sempre que sexa necesario. Porque, miren, o que está pasando no Incio, en Culleredo e en Outeiro de Rei é un preaviso, é a advertencia de que algo está fallando, e a súa responsabilidade é poñer medidas para corrixilo.

E, por iso, teño que recoñecer que, coa que está caendo, eu esperaba do seu discurso moito máis que nunha enumeración de anuncios. Esperaba un mínimo de empatía, un mínimo de apego á realidade, e a verdade é que me sorprende que, nin ante a peor crise da última década, vostede sexa capaz de romper ese guión tan previsible co que vén aquí, con titulares que, logo, a maioría das veces, non se concretan en nada. Con coellos da chisteira, con leis que nunca se redactan, con plans que non se concretan, con medidas que logo non teñen ningún alcance, con propostas sen financiamento...; en definitiva, que veña aquí neste momento con retórica baleira que nada aporta, porque é que nada se consegue cando as palabras e os feitos camiñan en direccións opostas.

Fíxese todo o que leva prometido: prometeu un fondo para o crecemento; prometeu investimentos en reformas estruturais para o lácteo e o forestal; prometeu un programa de captación de talento; prometeu reter os investigadores mellor formados; prometeu atraer os investigadores de fóra en áreas estratéxicas; prometeu que Pemex ía establecer a súa



base loxística de Europa en Punta Langosteira; prometeu tamén que Pemex renovaríaa aquí toda a súa frota; prometeu a ordenación forestal e reducir os lumes; prometeu ampliar a base territorial das explotacións; prometeu un plan de industrialización do rural galego; prometeu novas vías de negocio para as auxiliares; prometeu o maior concurso eólico da historia; prometeunos o AVE xa para 2015; prometeu un centro de día en cada concello; prometeu cen mil postos de traballo na pasada lexislatura; prometeu que ía reverter a crise demográfica; prometeu que poñería en marcha na pasada lexislatura mil novas prazas de gardería na rede pública; prometeu que habería listas de espera cero nas escolas infantís; prometeu que xa estaría ampliado o Hospital de Pontevedra, o da Coruña, a nova facultade de Medicina en Santiago; prometeu continuar coa autovía Santiago-A Estrada, que teríamos a autovía Lugo-Sarria; prometeu a ampliación da Rede Natura; prometeu rehabilitar dez mil vivendas para alugueiro de mozos e mozas... ¡Prometeu, prometeu e prometeu!

¿De verdade, señor Feijóo, que non lle dá apuro, nin por un momento, ver que a súa palabra non ten ningún valor? (*Aplausos.*) E, sobre todo, ¿de verdade pensa que se poden enfrontar as consecuencias da covid-19 —as durísimas consecuencias económicas e sociais da pandemia— coas mesmas medidas, promesas e receitas caducadas? Nós, desde logo, pensamos que non; por iso dixemos desde o principio, xa á altura do mes de marzo, que esta situación, que esta crise, require de novas ideas, aprender das leccións que nos deixa e de grandes acordos de país; que nos sentemos todos e todas a falar e a sumar. Porque para defender a saúde e aportar na reactivación económica e social todos e todas somos importantes. Por iso, agradezo que vostede agora se sume a esa proposta de que é necesario un grande acordo de país, aínda que sexa seis meses despois.

Para que esta proposta non quede nun anuncio baleiro eu pídolle que concrete. Onte falounos desta comisión de reactivación no Parlamento, dun comité de expertos e do diálogo social. E eu pregúntome como se pode articular o diálogo e o acordo por parcelas. ¿Por que quere dividir o diálogo en vez de unilo? ¿Non sería moito mellor que nos puideramos sentar todos e todas xuntos na mesma mesa, unha mesa que sexa representativa da sociedade galega? Porque un acordo de país para a reactivación económica e social non pode ser só o resultado dun diálogo encorsetado nunha comisión, deben estar todos os sindicatos, o empresariado, as universidades, os concellos, os profesionais e os expertos da sanidade, dos coidados, do feminismo, do ecoloxismo, dos sectores máis dinámicos da sociedade galega. Espero, señor Feijóo, que non lle poña reparos a que nos sentemos todos e todas na mesma mesa para falar xuntos e xuntas sobre o futuro deste país. (*Aplausos.*)

E desde o BNG temos claro que este país ten futuro, que sairemos adiante se confiamos nas nosas propias forzas e en todo o potencial que ten Galiza. Estou convencida de que Galiza ten todo para poder ser a envexa de Europa neste novo tempo. Pero iso require romper coa rutina, confianza en nós mesmos e ambición de país.

Polo tanto, gustaríame en coherencia trasladarlle algunhas das propostas que no BNG consideramos urxentes e necesarias á hora de abordar o futuro e de construír ese grande acordo de país, onde as prioridades deben ser tres: a social, a reactivación económica e a defensa dos intereses de Galiza ante o Estado.



Evidentemente, a primeira prioridade ten que ser a axenda social. Vimos como a crise da covid puxo ao descuberto as graves consecuencias de once anos de recortes e privatizacións tanto na sanidade e na educación como na atención ás persoas maiores. A nosa sanidade —hai que recoñecelo— ten grandísimos profesionais, que compensaron coa súa dedicación as consecuencias do seu recorte, señor Feijóo.

Nós cremos que o xeito de agradecer ese labor non son cheques de hotel nin unha fin de semana, son condicións dignas de traballo para acabar coa precariedade. (*Aplausos.*) Esa debe ser a prioridade: acabar cun feito vergoñento de que hoxe o Sergas sexa a principal empresa de traballo temporal de Galiza. E quero darlle a benvida a pedir que se eliminen as taxas de reposición. Esas taxas de reposición, por certo, que o seu partido mantivo todos os anos que estivo gobernando en Madrid. (*Aplausos.*) E supoño que xa sabe que hai, grazas a unha proposta do BNG, un acordo no Congreso para eliminar as taxas de reposición. Polo tanto, agora o que necesitamos é o seu compromiso de que vai sacar a concurso as seis mil prazas vacantes do Sergas. Porque iso é o que está demandando ese persoal ao que lle aplaudimos nas xanelas, e agora hai que darlle estabilidade e futuro.

E dentro das urxencias da axenda social tamén é prioritario, polo tanto, reverter os seus recortes na sanidade pública. E para iso hai que empezar, en primeiro lugar, por fortalecer a atención primaria. Ten que poñerse xa un plan de douscentos millóns de euros para dotala de máis recursos e medios, para enfrontar esta segunda oleada da covid, e poder ser precisamente esa barreira de contención e recuperar as xerencias con capacidade resolutiva e orzamentos propios.

O segundo, desconfinar a atención primaria. Neste país non entende ninguén como é posible que poidamos ir tomar unha caña pero a medicina siga sendo por teléfono. O futuro da sanidade non pode ser a distancia entre a médica e o paciente.

E en terceiro lugar, no ámbito hospitalario, urxe un plan de choque contra unhas listas de espera, que eran altas e que medraron durante a pandemia, que permita atender as necesidades sanitarias do conxunto da poboación.

E nesta axenda social máis que nunca hai que falar do ensino. Esta crise deixou ver que os recursos económicos ou o lugar onde vives marca o acceso á educación. Existe unha fenda social e existe unha fenda dixital. E non podemos permitilo, porque non pode haber alumnado de primeira e de segunda, nin colexios de primeira e de segunda. (*Aplausos.*) Por iso, exixímoslle que abandone a improvisación e que consensúe unha volta ás aulas segura, onde se reduzan ratios en todos os niveis, onde se contrate máis profesorado, onde se atenda o alumnado con necesidades educativas especiais e onde a Xunta se responsabilice de servizos que son básicos, como os comedores, ou que entenda que para moitas familias que xa chegan afogadas a fin de mes o gasto das máscaras é inasumible. (*Aplausos.*) Pedímoslle que poña en marcha a distribución de máscaras gratuítas no ámbito escolar.

E reclamamos previsión. Nós, evidentemente, defendemos que a educación ten que ser presencial. Pero, vendo como van as cousas, parece importante que exista un plan B. E agardo, señor Feijóo, que teña ese plan B e que, se por desgraza hai que activalo, non o vexamos a



vostede pedindo que o salve a ministra de Educación. Señor Feijóo, é a súa competencia e é a súa responsabilidade. *(Aplausos.)*

E quero tamén resaltar algunhas das medidas no ámbito da atención ás persoas maiores. En Galiza faltan unhas doce mil prazas en residencias para poder cumprir as recomendacións da Organización Mundial da Saúde. O modelo do PP consistiu en non facer ningunha en once anos e en converter nun negocio o dereito a unha vellez digna. O fracaso deste modelo está á vista.

A nosa alternativa é moi clara: apostar por un novo modelo de residencias, cen por cento públicas, con centros de tamaño medio, cunha xestión democrática onde participen familias e residentes e mais garantindo o persoal suficiente para unha atención digna e de calidade. É o mínimo que lles debemos aos nosos maiores cando necesitan coidados, despois dunha vida de duro esforzo.

A segunda prioridade deste grande acordo de país ten que ser a reactivación económica. Neste ámbito, o fundamental é que non deixemos caer a industria que temos. E quero trasladar todo o apoio aos traballadores e traballadoras de Endesa nas Pontes e de Alcoa en San Cibrao, e pedirlle que o seu goberno traballe, que non se esconda detrás do Goberno central, que traballe para que Galicia reciba os fondos que necesitamos para facer unha transición enerxética xusta e solucións para a comarca da Mariña.

Pero tamén é evidente que hai que camiñar cara a un novo modelo económico, un modelo que aposte pola economía verde, polas enerxías renovables e pola innovación. E neste modelo é clave, en primeiro lugar, cambiar o modelo enerxético e o papel de Galiza neste ámbito do Estado. Por iso, queremos avanzar cara a unha tarifa eléctrica galega que abarate a factura da luz a familias e empresas, avanzar nun plan para impulsar enerxías limpas e o autoconsumo, así como que os beneficios da produción eléctrica queden no país. E pode facerse con participación pública no desenvolvemento de novos proxectos de enerxías limpas e recuperando para a xestión directa as centrais hidroeléctricas.

O segundo pilar deste novo modelo debe ser a investigación e a innovación. E o certo é, señor Feijóo, que o seu goberno nos deixou un país menos innovador. Galiza inviste en I+D+i un escasísimo 0,94 % do PIB, unha porcentaxe que é inferior á que se rexistraba á súa chegada ao goberno, que era no 2008 do 1,04 %, e que está moi lonxe da media europea, onde en países como Alemaña se sitúa arredor do 3 %. Señor Feijóo, a vostede gústanlle moito as medias, pero imaxino que esta non lle interesa.

E nós témolo moi claro: o futuro pasa pola ciencia e a innovación, e Galiza pode ser unha referencia neste ámbito. Por iso, propoñemos facer da innovación e da ciencia unha prioridade de país. E para iso hai que duplicar os fondos para a ciencia e a innovación nesta lexislatura, tendo un obxectivo, que é conseguir que invistamos en I+D+i o 2,5 % do produto interior bruto galego. Hai que crear instrumentos como o Inogal para captar e reter talento e acabar coa carreira, coa precariedade, definindo unha carreira investigadora. *(Aplausos.)*

E para avanzar nesta liña un país necesita industria. E resulta imposible avanzar cando a súa política industrial realmente son as portas xiratorias. Nós propoñemos que Galiza teña polí-



tica industrial, cun obxectivo que sexa o de situar o peso da industria galega no PIB no 25 % en 2030. E isto pode lograrse con medidas como un plan galego de reindustrialización en sectores estratéxicos, como a aeronáutica, a agroindustria, a automoción ou impulsando a industria audiovisual, cunha lei que combata as deslocalizacións e cunha estratexia para crear unha rede de empresas que pechen os ciclos produtivos no país, e acompañando con medidas no ámbito financeiro, reformulando o Igape e apostando por unha banca pública galega, sen esquecer que temos que apoiar os nosos sectores produtivos: a pesca, o marisqueo, a agricultura, a gandaría e cambiar o modelo forestal. Porque neste país non só temos o reto de sacar Ence da ría de Pontevedra, temos o reto de sacala do Consello da Xunta. *(Aplausos.)*

E, por último, a terceira prioridade deste grande acordo de país ten que ser a defensa dos intereses de Galiza, governe quen governe. Galiza sofre as consecuencias de once anos onde vostede pasou da submisión a Rajoy á confrontación estéril simplemente porque non gobernan os seus. E neste momento o que se necesita é poñer por diante os intereses de Galiza, governe quen governe, e temos que facer o que vostede non fixo nestes once anos.

E nesta axenda hai un punto moi importante: ¿como imos financiar a recuperación? E nós neste ámbito queremos facer tres propostas:

A primeira, proposta é que fixemos por consenso neste parlamento criterios e proxectos para defender ante o Estado de cara á distribución deses 140.000 millóns de euros procedentes da Unión Europea, que van ser importantes para financiar a recuperación económica e social.

A segunda proposta é que Galiza non pode seguir perdendo un financiamento que leva caducado desde o ano 2014. Hai que defender un novo modelo de financiamento. ¿Saben cal é a nosa proposta? Nós cremos que o mellor é un concerto económico que lle permita a Galiza xestionar o cen por cento dos nosos recursos, pero tamén sabemos que isto non vai conseguirse nun día. Por iso, propoñémoslle que, mentres non haxa ese novo modelo de financiamento, reclamemos a xestión do imposto de sociedades, que nos permitiría contar aproximadamente cunha cifra arredor de mil cincocentos millóns de euros máis cada ano.

A terceira proposta é defender que os concellos poidan desprezar toda a súa capacidade á hora de afrontar a loita contra a covid. Para iso hai que derrogar a Lei Montoro e hai que levantar ese veto para que os concellos poidan usar os seus aforros a favor da veciñanza. E tamén traballar para acabar cun modelo de financiamento que discrimina os concellos deste país, que reciben de media uns cincuenta euros menos que a do Estado.

Pero hai nesta axenda de defensa dos intereses de Galiza outras cuestións que son importantes para o noso desenvolvemento. Hai demasiadas infraestruturas pendentes no noso país, hai que saldar a débeda en infraestruturas. E non se trata só de falar do AVE, trátase de falar da modernización do ferrocarril en todo o país, das autovías do mar, de mellorar as conexións dos nosos portos ou do corredor atlántico de mercadorías.

E, por último, debemos aspirar a máis autogoberno. Levamos once anos onde conseguiu un récord que é moi triste: nin unha soa nova competencia para Galiza. E isto debilita a posición



de Galiza no Estado, pero tamén debilita a capacidade que temos para darlles resposta aos cidadáns nun momento coma este. E nós estamos convencidos de que con máis autogoberno e con máis capacidade de decisión daremos mellores respostas ás demandas que hoxe ten a cidadanía galega.

Por iso, queremos solicitarlle, en canto se constituía o Goberno —que vai ser esta fin de semana—, que se active xa a Comisión Mixta de Transferencias, para reclamar as que están pendentes, e que constituamos unha ponencia neste parlamento para falar entre todos e todas. Porque mellorar o autogoberno de Galiza non pode converterse nun tabú. Nós queremos abrir ese debate, con calma, con sosego, sobre un novo marco institucional, onde si nós cremos que Galiza ten que ser recoñecida como o que somos: unha nación, pero, sobre todo, temos que ter máis poder político, máis instrumentos e ferramentas para darlles respostas á Galiza do século XXI e á Galiza da covid. *(Aplausos.)*

Estas son algunhas das cuestións nas que desde o BNG pensamos que é importante traballar e avanzar para chegar a acordos. Mais non quería rematar esta intervención sen falar dalgún asunto máis. Falounos o señor Feijóo de moderación na súa intervención, e eu quero animalo a que practique esa moderación. Quero pedirlle moderación na política lingüística. *(Aplausos.)* A nosa lingua, a que máis nos une aos galegos e ás galegas, leva sufrindo un ataque brutal dos seus gobernos. E non creo que sexa unha casualidade que o galego sexa a única lingua do Estado que perda falantes, non é casualidade, é o resultado dunha política moi clara. E hai que dicilo con claridade: o seu trilingüismo é unha falacia, porque nin conseguiu mellorar a aprendizaxe de linguas estranxeiras, nin conseguiu nada positivo, o único que fixo foi deteriorar e arrinconar a lingua propia dos galegos e das galegas. Polo tanto, desconfinemos a lingua galega, atrevase a deixar atrás ese decreto.

E desconfinemos tamén a nosa cultura, porque a cultura galega é moito máis que un apéndice do turismo e do Xacobeo, é un elemento central da nosa identidade. Pero é tamén un elemento económico, que máis que nunca necesita apoio, porque unha parte da cohesión e do desenvolvemento social dun país tamén se mide no apoio que se lles dá aos nosos creadores e creadoras. *(Aplausos.)*

E pedímoslle moderación no uso da TVG como o seu gabinete particular de propaganda. Por iso, sería clave para demostrárnolo pois que imos ter un director ou directora na CRTVG antes de fin de ano, que non vai estar nomeado só polo Partido Popular, senón por un amplo consenso desta cámara e con garantías de que a TVG volva ser dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

Pedímoslle tamén moderación á hora de amparar e usar fórmulas antidemocráticas e corruptas, como é comprar vontades porque non se acepta o que votan os cidadáns nas urnas, como acabamos de ver en Castrelo de Miño e en Viana. *(Aplausos.)*

E, de paso tamén, ao mellor, nos pode explicar qué pactou con Jácome. *(Risos.)* E, sobre todo, se está contento cara a onde está camiñando a cidade de Ourense, porque é responsabilidade súa, ¿verdade, señor Feijóo? *(Aplausos.)*



E, por último, pedímoslle moderación á hora de non apoiar eses pactos coa extrema dereita do seu partido, que están atacando a cerna da igualdade e dos dereitos das mulleres. *(Aplausos.)* E pode empezar suprimindo os concertos educativos con eses centros do Opus Dei, que segregan a nenos e nenas. E tamén un maior impulso á hora de afrontar un dos graves problemas desta sociedade, porque a violencia de xénero require de máis recursos e de máis actuacións. Nós seguimos tendendo a man para que poidamos ter un grande acordo e que nesta lexislatura nos sintamos orgullosos e orgullosas de vivir nun país que dedica un de cada cen euros a loitar contra unha violencia que está matando as mulleres polo simple feito de selo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Finalizo, presidente.

Quero finalizar esta intervención facendo mención a unha noticia que coñecemos no día de onte e que é todo un símbolo: por primeira vez, un xulgado reconece o que era un clamor neste país: que o pazo de Meirás non é dos Franco, senón o resultado dun espolio. É unha nova que a min me fai sentir moi orgullosa de ser galega, que fala da dignidade deste pobo e que é un triunfo dunha forma de facer país.

E detrás desta nova hai que reconecer que está o traballo de décadas de asociacións da recuperación da memoria; de investigadores, como Carlos Babío; o traballo tamén de anos do BNG en Sada e neste parlamento, primeiro, en solitario e despois conseguindo unanimidades; accións como os «19 de Meirás», que os van xulgar por reclamaren que o pazo é do pobo; impulsos como os que deu Goretti Sanmartín na Deputación da Coruña, ao elaborar o primeiro informe dunha institución oficial que lle dá base legal á sentenza que hoxe está, e ao que despois tamén se sumou ese informe que fixo a Xunta de Galiza. Polo tanto, esta sentenza é un éxito de Galiza e de todos e todas os que pensabamos desde hai moito tempo que o pazo de Meirás é moito máis que un pazo, é un símbolo. *(Aplausos.)*

Recuperar o pazo podía parecer hai anos imposible ou unha utopía, pero hoxe está máis cerca, e demostra que hai outra forma de construír Galiza cando pensamos ao grande. Esa é a forma na que no BNG concibimos o país. E quero agradecer moi sinceramente a todas e cada unha das persoas, esas 310.137 persoas, que o pasado 12 de xullo colleron a papeleta do BNG e referendaron ese xeito de entender e pensar a nosa terra, porque é importante como concibimos o país.

E son tempos ademais nos que temos que pensar a Galiza que queremos, temos que deseñar a Galiza do futuro no económico, no social, no cultural, e facelo con ambición, con confianza nas nosas propias posibilidades, porque este é un gran país e temos todo o dereito, é máis: diría que temos toda a obriga de pensar en grande. Nós non nos poñemos límites cando se trata de darlle alternativas ao futuro das galegas e dos galegos. E con ese espírito traballaremos por Galiza cada día e pola súa xente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Coa venia, señor presidente.

Señor candidato e señorías, señoras e señores, vivimos certamente uns momentos excepcionais. Se toda democracia parlamentaria ten como un dos puntos esenciais o momento formal da investidura, porque con iso culminamos o proceso esencial da democracia, que é que a cidadanía libremente elixe os seus representantes, e estes desde o legislativo, que representa toda a sociedade —aquí estamos os representantes de toda a sociedade e de todos os colectivos que pluralmente a integran—, pois somos nós, representando toda a sociedade, os que lles imos dar confianza non só a un candidato, senón tamén a un programa, que foi co que concorreu á sesión de investidura.

Pois ben, hoxe en medio dunha pandemia, como a que a humanidade non viviu desde hai un século, ademais da responsabilidade habitual que require o apoio a un candidato e a un programa, creo que estamos diante dun momento no que a responsabilidade é aínda máis importante e é aínda máis esencial. Os preto de seiscentos cincuenta falecidos en Galicia, as súas familias, os máis de tres mil oitocentos doentes hoxe que padecen o coronavirus e os seus achegados, aos que transmitimos o noso apoio e solidariedade, exixen abordar o debate e toda a nosa actuación, non só hoxe senón nos vindeiros meses e anos, coa máxima responsabilidade.

Un gran historiador europeo, e ademais europeísta, o británico Tony Judt, no seu libro *O peso da responsabilidade*, que é un libro onde fai unha fermosa semblanza intelectual de tres grandes homes: Léon Blum —líder socialista francés—, Albert Camus e Raymond Aron, actualizou a vella distinción que xa elaborara hai máis dun século Max Weber, na que distinguía —como todos saben— no libro *A política como vocación* a ética das conviccións, que xustifica a acción política en determinados principios ou valores absolutos, con independencia de cales sexan as súas consecuencias, e a ética da responsabilidade, que define a quen actúa tendo en conta cales son os resultados posibles da súa actuación, e que ademais se xustifica precisamente porque as consecuencias previsibles de cada acción son viables nun mundo que non necesariamente responde —como sabemos— a racionalidades de corte moral.

Pois ben, para Tony Judt a acción responsable dos homes públicos caracterízase por tres elementos: en primeiro lugar, a responsabilidade política, que implica antepoñer os intereses xerais ou comúns aos intereses lexítimos, partidistas, sectoriais, propios; é dicir, antepoñer as persoas sobre a militancia. En segundo lugar, unha responsabilidade moral, que é manter a lealdade ao sistema democrático institucional, que se antepón tamén ao lexítimo compromiso ideolóxico que cada un ten. E, en terceiro lugar, a responsabilidade intelectual, que conleva atender a obxectividade analítica, tendo en conta o coñecemento especializado que á marxe dos debates ideolóxicos desenvolven tanto os homes e mulleres, que fan avanzar as ciencias naturais pero tamén as ciencias sociais.



E o exercicio responsable da nosa actuación pública exige como punto de partida recoñecer cal é a realidade da situación na que nos atopamos, porque sen unha diagnose precisa dificilmente poderemos comezar a camiñar. E diso, señorías, se trata. Non se trata de reproducir discursos dunha campaña electoral que xa rematou, trátase de a partir de hoxe dar respostas, avanzar na resolución dos problemas, (*Aplausos.*) porque a cidadanía está observándonos, e non nos vai avaliar pola nosa capacidade dialéctica nin polo compromiso ideolóxico, senón por sermos capaces de confrontar a grave crise que estamos a sufrir.

Ben, Galicia tiña unha situación razoablemente boa a finais do ano 2019, pois superáramos xa a crise do ano 2009, levabamos encadeando cinco anos de crecemento a unha medida anual do 2,5 do PIB, reducíramos en máis de nove puntos a taxa de paro, o proceso de converxencia en PIB per cápita con España estaba no seu punto máis alto, superando xa o 91 %, no 2019 os salarios galegos medraron un 3,5 % no conxunto do ano, fronte a un 1,6 % no conxunto de España, e ademais fixémoslo cunhas finanzas saneadas, o que permitía un rápido pago aos provedores.

Tamén estábamos mellor en indicadores sociais. A sociedade era máis igualitaria, fose cal fose o índice de medición —o de Gini ou o 2020—, tanto en relación con Europa e, por suposto, moito máis con España, que é un dos países máis desiguais de Europa. Tiñamos un menor número de familias en situación de pobreza que a media española. A cifra histórica da esperanza de vida en 83,4 anos fala ben dos indicadores sociais do noso país. E, certamente, iso tivo que ver cuns servizos públicos mellorados, tanto na sanidade —como pon en evidencia o barómetro sanitario— como en educación, como evidencia o informe PISA. Todo iso, ademais, facendo unha fonda transformación produtiva, equilibrando os sectores, abrindo a nosa economía, que bateu marcas de exportacións.

Certamente, non viviamos no país idílico ou de *jauja*. Afrontábase moitos problemas, algúns deles a curto prazo: a industria electrointensiva con Alcoa, que todos sabemos onde está a solución. Segundo, coa industria instalada na costa, por exemplo a conserva, que tivo un comportamento exemplar durante toda a pandemia e que ten ameazada a súa continuidade por un proxecto lexislativo que está en trámite nas Cortes, ou, por exemplo, o tema das centrais eléctricas, particularmente As Pontes, vítima dunha transición precipitada e inxusta e, ademais, sen alternativas. Decisións que, evidentemente, corresponden a outras instancias políticas. Ou, por exemplo, os estaleiros de Ferrol, tras o atraso das F-110, ausencia de solucións temporais, pedimos na Cámara un buque, un AOR, ou perdéronse as dez fragatas de Estados Unidos. Polo tanto, hai xa problemas a curto prazo, e por iso hoxe os seus traballadores están nas portas a recordárnolo.

Galicia non só afrontaba problemas a curto, senón tamén problemas estruturais a medio e longo prazo, moitos deles ademais compartidos con outras comunidades autónomas, Europa e boa parte do mundo desenvolvido:

Primeiro, o reto climático. Temos o reto da transformación enerxética, a racionalización dos recursos hídricos, os incendios forestais, os plans de seca, por suposto, o reto ambiental, tratar os residuos, pechar o ciclo da auga, promover a economía circular ou fomentar e re-matar o uso ordenado do territorio.



Tiñamos tamén o gran reto demográfico e da cohesión social, servizos públicos que fomenten a igualdade de oportunidades mellorando a sanidade, que segue a ser en España e en Galicia gratuíta e pública e universal. En segundo lugar, a educación, que —insisto— está moi mellorada, como o demostran non só os informes PISA, senón tamén a redución importante nas taxas de abandono escolar. E, por suposto, tamén o propio reto demográfico con saldos positivos dos últimos anos —particularmente, do último— no balance entre entradas e saídas, que non deixan máis que un pequeno atisbo de esperanza ante o declive da natalidade con dous riscos evidentes: tanto interxeracional, co envellecemento e os coidados, como o interterritorial, con zonas do noso país que perden poboación e, polo tanto, son abandonadas.

E, por suposto, avanzamos tamén e tiñamos o reto da cohesión, a dignidade, a tolerancia, o dereito á vivenda, a non-discriminación e a atención aos colectivos en exclusión social.

Por suposto, Galicia no 2019 tiña o reto da innovación como elemento modernizador do noso sistema produtivo: incorporarnos definitivamente a sociedade dixital, con investimentos en infraestruturas 5G e potenciando o I+D+i; potenciando os sectores estratéxicos clásicos como o automóbil, o naval, o forestal, o téxtil ou a alimentación; os novos postos en marcha da man deste goberno no ámbito aeroespacial, da biotecnoloxía e da enerxía; e tamén, por suposto, defendendo os servizos, o comercio e o turismo, que ten unha oportunidade ademais adicional co Xacobeo do ano que vén.

Galicia, en definitiva, afrontaba problemas con optimismo superada a crise financeira e en mellor posición que noutras etapas da súa propia historia, e moita mellor posición tamén que moitas comunidades autónomas de España.

Pero de repente apareceu o virus, sobreveunos a pandemia. Un virus totalmente descoñecido, do que axiña descubrimos a súa perigosidade pola capacidade de transmisión e expansión, pola letalidade superior a outros virus coñecidos, e ademais especialmente perigoso para as persoas maiores cun sistema inmunolóxico máis baixo ou con patoloxías previas. Golpeounos a todos sen exclusións e fíxonos dar conta da nosa vulnerabilidade. Trouxo de novo á primeira liña o concepto de incerteza. O mundo xa sabe que vive en incerteza e tamén ten riscos, sabemos desde Frank Knight que podemos convivir facilmente cos riscos porque son cuantificables, pero precisamente a incerteza non é cuantificable e, polo tanto, é moito máis difícil convivir con ela.

Tempo haberá para saber os motivos polos que a incidencia da pandemia afectou especialmente España. Pero mal fariamos como sociedade se non asumísemos que os seus efectos foron particularmente devastadores no noso país. País cunha das peores taxas de incidencia do coronavirus, coas peores cifras de Europa en incidencia acumulada, cun índice de funcións por 100.000 habitantes semellante ao de Gran Bretaña e que só superan o Perú e Bélxica, e que está por riba de países que aparentemente afrontaron a pandemia moito peor, como Estados Unidos, Brasil, Suecia ou México. E a diferenza destes países, ademais España tivo o peor e máis duro confinamento da nosa contorna, de todos os países da OCDE; o que, á súa vez, provocou un parón económico sen precedentes. De feito, a economía española está a caer en dous semestres arredor do 18,5; Portugal —o segundo país que máis caeu— non



chega ao 14; Alemaña só caeu o 10; Francia, o 13; e só Inglaterra nos supera co 20 %, porque acumula os problemas da pandemia aos propios vencellados ao abandono da Unión Europea.

En paro somos os primeiros de Europa, só equiparables a Grecia. Europa está nun paro do 7,1 tras a pandemia, a Eurozona no 7,8 e España, sen expedientes de regulación temporal de emprego, no 15,6. E unha vez superado o pico da pandemia, despois desta desfeita económica, vemos en agosto que volvemos encabezar ránkings negativos dos rebrotes. Na última semana do mes, 114 infeccións por 100.000 habitantes; unha expansión máis rápida da que hai en Estados Unidos, duplica a de Francia, multiplica por oito a de Italia e Reino Unido, e por dez a de Alemaña. Afortunadamente, cunha afectación a persoas de menor idade e, polo tanto, con menos mortalidade, e tamén cun sistema máis preparado, loxicamente, tras o peor do pico da pandemia.

Certamente, os datos de Galicia, sendo dramáticos, sen paliativos, non son tan malos no contexto español, pois as taxas de incidencia e mortalidade significativamente son máis baixas, mesmo nas residencias. A media de España —como saben— é do 1,75, e en Galicia é do 0,79 —a terceira que a ten máis baixa de todas as comunidades autónomas, tras Andalucía e Canarias, e, desde logo, moi lonxe doutras comunidades como Cataluña, que superan o 2,5—.

Pese á dureza do confinamento, a mellor e máis rápida desescalada deixounos en Galicia unha situación menos mala tamén no económico. Galicia é das catro comunidades autónomas con menos caída do PIB —segundo o IGE—: no primeiro trimestre foi do 3,6 e en España do 4,1; no segundo, do 17,9, mentres que en España foi do 22,1. Certamente, isto ten que ver coa nosa estrutura —á que fixen antes referencia—, xa que o sector agrario é máis potente na nosa comunidade comparativamente a outras que teñen un maior peso do sector turístico, pero tamén porque houbo recuperación industrial, porque se investiu no clúster do automóbil, porque hai máis confianza, hai máis consumo e non se viu este tan deteriorado. De xeito que o paro interanual —que en Galicia sobe quince puntos— queda lonxe tamén do de España, que sobe vinte e catro puntos.

Isto tamén nos pode levar a outra afirmación: hai que ter en conta que a posibilidade de recuperación ten que ver coa capacidade de reacción do gasto. Aquí criticouse moito o tema da austeridade, volvendo outra vez a non entender o que significaron os axustes que houbo que facer no pasado, que respondían a un ciclo keynesiano deseñado desde Europa, que implica que, entre outras cousas, cando veñen mal dadas como agora, Europa se volca con recursos.

O que si estamos a comprobar é que os países que tiñan saneada a súa economía e cumprían coas regras de disciplina fiscal, como Alemaña, teñen moita máis capacidade de investir para rescatar as súas empresas que España, que está lonxe aínda de acadar os obxectivos de déficit próximos ao equilibrio orzamentario e que, polo tanto, é moito máis dependente de axudas europeas e apenas ten marxe de reacción. Galicia nisto, novamente por ter unhas contas saneadas, é unha excepción e ten máis marxe de reacción.

Pois ben, esta é a situación na que estamos e o que toca é aprender as leccións do que acabamos de vivir e do que estamos vivindo para que sempre cando xestionemos o que queda



de pandemia poidamos superar a crise sanitaria e, por suposto, a económica e social que nos trouxo.

Eu creo que empezan a ser claras as leccións aprendidas da crise. En primeiro lugar, que somos vulnerables e que a vulnerabilidade é compartida. E hai que recordar a existencia dunha relación básica global, social, de interdependencia de todas as persoas. O filósofo Daniel Innerarity di que a pandemia non é un ben divisible. E iso ten unha consecuencia: exige mecanismos de cogobernanza.

En segundo lugar, creo que todos aprendemos o importante que son as institucións. Como sabemos algúns —por exemplo, o señor Caballero—, a mellor forma de reducir a incerteza é con institucións que funcionan, con institucións estables, porque aportan previsibilidade aos comportamentos. A estabilidade institucional é esencial. E son organizacións institucionalizadas tanto desde gobernos como desde parlamentos, pasando por sistemas públicos de saúde, burocracias administrativas ou organizacións sociais, as que efectivamente están dando resposta á pandemia. Polo tanto, é importante manter e conservar as institucións.

Terceiro, a importancia dos expertos. É evidente que hai unha contradición porque pese á insuficiencia do saber sobre un novo virus, que aínda non está investigado a fondo, a opinión dos expertos é crucial, e ademais temos avanzado, podemos confiar nos expertos. Eu quero recordar simplemente que hai un século, nos anos 1917 e 1918, a mal chamada «gripe española» matou —cálculase—, como mínimo, 50 millóns de persoas, nun mundo no que vivían 1.800 millóns de habitantes. Certamente, moi lonxe das cifras, por espeluznantes que sexan, que estamos a ter hoxe, nun mundo no que viven 7.700 millóns de habitantes. Porque o saber e porque a reacción da man dos expertos contribuíron con decisións a evitar aínda unha catástrofe peor. A xente morría nas rúas, hoxe, polo menos os que teñen a desgraza de morrer, fano en unidades de coidados intensivos.

A importancia dos expertos tamén é esencial para a reactivación económica. Aquí fomos da man de expertos sanitarios e tamén de expertos económicos, que nos formularon medidas inmediatas de liquidez para a recuperación da actividade e, finalmente, para deseñar proxectos tractores de futuro. Porque un dos erros desta crise é configurar o virus como se estivésemos nunha guerra. Hai un libro famoso de Mancur Olson, que se chama *Auxe e decadencia das nacións*, no que vén dicir que unha guerra, como hai que reconstruír o país, favorece a recuperación económica. Aquí non hai unha guerra, non hai unha destrución, o que hai é un virus que nos ataca. Polo tanto, as metáforas bélicas se nalgúns sitios son desaconsellables e no ámbito económico. O que temos que facer é recuperar a actividade, aproveitar os recursos dos que dispoñemos e adaptalos ás demandas que a través da axuda europea se canalizan cara ao noso país.

A cuarta lección é que a democracia é eficiente. Isto xa o sabíamos, sabemos que as democracias responden moito mellor ás necesidades. Pero tamén vimos na crise do coronavirus que países democráticos como Corea e Xapón o fixeron moito mellor que países autoritarios como China, como Brasil ou como Turkmenistán, por exemplo. O virus da pandemia —tense dito— afectou tamén o virus ideolóxico do populismo, e grazas a iso tamén temos boa mostra nesta cámara. Pero o importante é que a democracia restrinxida, como temos nós coa



Constitución ou como a Unión Europea, se revelou fundamental, o cal para nós é moi importante porque sempre defendemos a orde constitucional e sempre defendemos unha Unión Europea, que se foi criticada nestes momentos non foi por ser máis grande senón por ser máis pequena.

E a quinta lección é a importancia do común, o de todos, sexa público ou sexa privado. Na crise, o mercado proveunos de alimentación; o sector público, de sanidade; o voluntariado, de asistencia social e os mercados regulados, de telecomunicacións. O común foi importante, con independencia da súa titularidade. E o común tamén nos reforzou a idea de solidariedade. Os sistemas de protección social públicos, que son un seguro fronte á adversidade, réforzanse nun momento en que un virus ataca aleatoriamente, xera, polo tanto, incerteza xeral, ninguén se sente protexido e todos nos sentimos presos dunha vulnerabilidade total. Os sentimentos e a necesidade de instrumentos de seguridade e redistribución tamén se viron reforzados con esta crise.

Pois ben, se son estas as leccións que aprendemos da crise, o programa que presenta o candidato parécenos fundamente acaído para afrontar a situación na que estamos. Deu exemplos xa de entrada polo feito de que esteamos hoxe aquí. Foi a actuación do candidato no momento da convocatoria electoral, primeiro, atrasándoa, cando os expertos dixeron que o peor da pandemia se ía producir xusto na data para a que ían estar convocadas as eleccións; atrasándoa, primeiro. Segundo, seguindo a recomendación dos expertos, convocándoa para xullo. Terceiro, non suspendendo as eleccións cando houbo un gromo nunha das comarcas galegas. Foi seguindo sempre o consello dos expertos, pero tamén foi defendendo as institucións, defendendo a democracia e, por suposto, respaldando a estabilidade e a eficiencia das decisións públicas. Prevaleceu, en definitiva, o interese xeral, que hoxe nos permite estar aquí e non en campaña electoral, sobre calquera outro interese partidista. *(Aplausos.)*

Avalíao o feito que nos trouxo aquí, pero tamén o avalía o programa que presentou. Primeiro, non esquecendo que xunto co urxente hai cousas importantes, como a planificación estratéxica que propuxo á Cámara, cos eixos baseados no demográfico, na economía, na innovación, no medio ambiente, na gobernanza. Por suposto, porque falou dos problemas inmediatos que xa eran preexistentes, que non esquecemos e que aínda están por resolver: o naval, Alcoa, As Pontes, e dándolle prioridade absoluta á crise sanitaria e económica que trouxo a pandemia. Non foi un programa baleiro; oitenta e oito propostas concretas que, ademais, son un exemplo de incorporación das principais leccións da pandemia. E precisamente por ser axeitado a esta situación, certamente, nós con toda responsabilidade votaremos afirmativamente.

O discurso recolle, en primeiro lugar, a necesidade de cogobernanza, porque a vulnerabilidade é compartida. Cando se reclama un marco común de resposta —por exemplo, cunha lei de saúde— é porque, efectivamente, vivimos nunha sociedade que necesita un marco común de resposta. Cando se reclama unha reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira é porque compartimos problemas e necesidades de gasto e queremos pactar os criterios para a repartición dos fondos. Cando se pide a competencia no ingreso mínimo vital é porque temos trinta anos de experiencia na Risga fronte á inacción e a inoperancia do Goberno en dar as axudas prometidas polo ingreso mínimo vital. Cando pedimos información dos orza-



mentos é porque a incerteza é total e a planificación orzamentaria para o ano seguinte, para o 2021, é esencial para poder saír da crise. Cando pedimos participar na xestión do fondo de recuperación, porque competencialmente nos corresponderá aplicar no territorio as iniciativas que se impulsen, é precisamente porque temos que prepararnos para saír da crise. E cando pedimos resolver incertezas sobre sectores ameazados de peche, como Alcoa, o naval ou As Pontes, porque son normas e decisións que corresponden a outra autoridade, non o facemos por criticar nin por suplantar competencias, é porque defendemos os intereses de Galicia aquí fronte alí (*Aplausos.*) e tamén porque é o recoñecemento de que a pandemia nos pon diante dunha vulnerabilidade compartida que exige colaboración.

En segundo lugar, o programa tamén fai propostas de melloras institucionais desde a lealdade ás existentes: a Constitución española, o Estatuto de autonomía e a Unión Europea, que son fundamentais para saír da crise e deron respostas durante o peor dela. O estado de alarma da Constitución permitiu o confinamento, o sistema sanitario público que xestiona a Xunta deu saída e evitou unha catástrofe humanitaria e, por suposto, as axudas europeas vannon permitir saír moito mellor que se tivésemos que facer fronte a todos os gastos xerados cos nosos propios recursos. Certamente, o discurso reforza as nosas conviccións pero tamén o pacto constitucional e estatutario.

Sen embargo, a crise deixou en evidencia que estas institucións requiren reformas. O candidato fixo referencia a dúas. A primeira, a necesidade de institucionalizar a Conferencia de Presidentes, para que sexa un órgano de verdade codecisor, necesita a súa institucionalización e, por suposto, o financiamento autonómico.

A reforma está paralizada, ten que ser máis simple, estamos vendo que se están tomando decisións de repartición de fondos á marxe do sistema e que, ademais, teñen en conta criterios de gasto que antes non se tiñan en conta, como son o custo efectivo da prestación de determinados servizos públicos. Polo tanto, hai que facer unha reforma do sistema do financiamento autonómico, reunir o Consello de Política Fiscal e Financeira e solventar algunhas cuestións que están enriba da mesa, como, por exemplo, que vai pasar coas liquidacións negativas do ano 2022, se imos estar suxeitos ao que nos pasou, a herdanza do Goberno anterior coas liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009, se vai volver acontecer, ou se vai buscar un mecanismo distinto.

A terceira lección aprendida e incorporada ao discurso é a de contar cos expertos. Xa falamos do Comité sanitario, que existe, é coñecido, está integrado por persoas reais, e hai un comité económico. Iso permitiu unha mellor xestión, máis transparente e, ademais, vai facilitar o traballo parlamentario; facilita as respostas sanitarias, facilita as respostas nas residencias, facilita tamén as respostas no sistema educativo.

En cuarto lugar, tamén foi un discurso fundamente democrático. O resultado electoral foi claro e hoxe non hai moita incerteza sobre cal vai ser o resultado final da votación. Pero precisamente o exercicio de democracia se fai cando tendo unha maioría incrementada de corenta e dous escanos por vontade do pobo galego, ao que moito lle agradecemos a confianza depositada, aparece na cámara con propostas de diálogo: en primeiro lugar, diálogo social cos sindicatos e as organizacións empresariais e, en segundo lugar, no Parlamento, traendo



o plan de reactivación e procurando os acordos. Despois da man tendida ao respecto que recibimos da oposición, esperamos que sexan frutíferos e permitan mellorar o que nos envía o Goberno. *(Aplausos.)*

Pero tamén ofreceu pactos para definir e avanzar na axenda do emprego, na reactivación económica, no apoio ás pemes, no apoio aos sectores máis damnificados, porque a crise ten consecuencias asimétricas segundo o sector económico do que se trate; aproveitar o momento de aceleración social que produce a pandemia; fomentar o apoio aos sectores estratéxicos e, en definitiva, traballar desde un punto de vista estratéxico, que se materializará no novo plan estratéxico para Galicia.

E a quinta lección é a importancia do común; imos todos no mesmo barco e ninguén debe quedar atrás. De feito, das oitenta e oito propostas que fixo o presidente no seu discurso, corenta e unha son sociais, para a renovación total do Sergas, para o reforzo da saúde pública, o servizo de saúde pública, o plan de atención primaria, a hospitalización a domicilio, a renovación tecnolóxica, o reforzo dos hospitais comarcais e as mellores condicións de traballo para o persoal sanitario.

Señora Pontón, eu cría que as taxas de reposición xa estaban arranxadas, porque eran parte do acordo que vostedes firmaron para votar o señor Sánchez. Supoño que hoxe nolo diga aquí será porque quere que nosoutros tamén lle axudemos a que o señor Sánchez levante as taxas de reposición. *(Aplausos.)*

E, por suposto, propostas —insisto: ata máis de corenta— en servizos sociais, educación, vivenda, etc.

Señorías, ao igual que da pandemia todos podemos aprender cousas, e creo que o candidato axustou o seu discurso á nova situación, tamén podemos aprender todos do resultado nas urnas. Primeiro, dun pobo galego que votando nos deu unha lección de civismo, cunha participación superior en cinco puntos á do País Vasco o mesmo día. E tamén creo que melloramos porque hai que recoñecer, agradecer e valorar, e a oposición recoñeceu tamén hoxe mesmo o resultado, que nós á súa vez agradecemos, do mesmo xeito que felicitamos a todos os que comparten a honra de representar o pobo galego. É certo que as eleccións trouxeron unha lección: quen negou a limpeza do proceso democrático non entrou na Cámara e quen levaba oito anos na Cámara cuestionando a utilidade do Parlamento e cuestionando o réxime democrático do Parlamento de Galicia quería volver á Cámara e non volveu. Disto podemos tirar unha boa lección: Galicia apoia a quen pensa en Galicia, a quen fala de Galicia, a quen traballa por Galicia e a quen respecta as institucións de Galicia. *(Aplausos.)*

E se todos aprendemos esta lección será máis doado chegar a pactos. Somos conscientes de que os pactos non son unha cláusula de adhesión, somos conscientes de que no pasado chegamos a importantes pactos. Hoxe mencionouse aquí un: o pacto que permitiu á Avogacía do Estado poñer unha demanda, pola que en primeira instancia se vai recuperar a propiedade do pazo de Meirás para o patrimonio público. Fixémolo todos xuntos por unanimidade. Ninguén se debe colgar as medallas, pois téñenas todos: os militantes do Bloque, que levaban moito tempo exixindo que se fixeran cousas; por suposto, as asociacións de memoria his-



tórica; por suposto, os que traballaron en todos os organismos desde a Deputación aos concellos, pero tamén, por suposto, esta cámara, que a propia sentenza di que é porque había un consenso social, que é o que traduciu esta cámara, e foi unha das razóns polas que se estimou a propia sentenza. Ese é o camiño. Podemos conseguir cousas, que —como vostede dixo— hai anos parecían impensables, se traballamos pactando desde a unión e non procurando cuestións maximalistas.

Certamente, os pactos non son de adhesión, pero tampouco son de adhesión ao proxecto da minoría. Eu non vou falar —vostedes si que me entenderían— da correlación de forzas á que facía referencia Gramsci, pero o certo é que os pactos, loxicamente, terán que xirar arredor do programa que apoiou a maioría de Galicia. E nese contorno eu apelo á responsabilidade política, moral e intelectual da oposición; por suposto, sendo nós os primeiros que nos comprometemos a facer ese exercicio de responsabilidade. E creo honestamente que o candidato deu mostras no seu discurso da súa predisposición ao pacto, ao pacto con outras administracións, ao pacto no diálogo social, ao pacto no Parlamento.

E son vostedes agora os que teñen que decidir con feitos, non só con palabras, se antepoñen a actuación responsable que o momento exige ou persisten nalgúns dos hábitos que proliferaron na última lexislatura.

Se van exercer a responsabilidade política e van facer críticas construtivas, participar no debate político con propostas realistas, ou van tentar sacar ou provocar situacións que —como se dixo onte— é traballar para que haxa dentro de catro anos unha presidenta nacionalista ou recuperar a hexemonía da esquerda, tal como se dixo na noite electoral.

Se van exercer a responsabilidade moral respectando o sistema democrático. Se van erosionalo confundindo actuacións que por moi condenables que sexan de carácter persoal non se poden confundir co rol institucional que desempeña, por exemplo, a xefatura do Estado. Porque as presuntas irregularidades do rei emérito, a quen o país tanto lle ten que agradecer na recuperación da democracia, non obrigan a pronunciarse sobre o sistema constitucional, senón a admitir que todos os problemas, incluídos os que poida xerar o rei emérito, se poden solucionar a través da Constitución vixente. Incluída tamén a cuestión territorial, hoxe que se falou de novo marco institucional. Certamente, as comunidades que procuraron un novo marco institucional ou están a procuralo, como é o caso de Cataluña, non parecen ser o mellor exemplo para seguir.

Ou se van apoiar acordos con outras comunidades autónomas que de forma asimétrica acaban por prexudicar Galicia, como estamos a ver con algunhas decisións de gasto, ou, pola contra, van defender e non apoiar o Goberno central e van defender os intereses de Galicia.

E, en terceiro lugar, por suposto, se van exercer a responsabilidade intelectual. Señora Pontón, recoñecendo que hai autoridade académica e científica, tanto cando se fala da avaliación dos gromos da pandemia para saber cando é a mellor data para convocar unhas eleccións como para calcular os custos financeiros dunha proposta como a do cupo, que todos os expertos din que sería unha ruína para Galicia. Ou unha tarifa eléctrica, que os expertos que tivemos na comisión no Parlamento tamén demostraron que Galicia tería un déficit de tarifa



eléctrica; polo tanto, non baixaría o recibo da luz dos galegos, senón que subiría e, ademais, de forma importante.

Ou se vai ser a forza que como hoxe na primeira parte do seu discurso tende a man, está predisposta ao pacto, ou a que antonte, despois do discurso do presidente, dicía diante dos medios que ían loitar contra o virus e, ademais, contra o virus dun goberno que non ten ambición de país. Eu creo que esta non é unha forma de buscar pactos, non é unha frase excesivamente afortunada.

Desde logo, nós imos buscar pactos en defensa de Galicia. Nós non temos detrás ningún interese escuro, nin escuro nin claro.

Señor Caballero, haberá que optar entre se se recoñece a realidade dos datos, tamén os económicos, que reflicten unha economía máis produtiva, máis aberta e que, ademais, converxe con España.

Eu recoñezo a realidade das competencias, porque a enerxía é unha competencia estatal. O Goberno de España prometeu varias veces un estatuto para as electrointensivas, seguimos agardando por el. Ou, por exemplo, en materia —por citar os dous colectivos que hoxe se manifestan— da competencia de contratar carga de traballo para Navantia. Certamente e sobre todo, a Xunta ten contribuído a que en Navantia se traballe, e fomos criticados por iso cando se falaba de eólica mariña. Sen embargo, a competencia é fundamentalmente estatal.

Ben, señorías, nós —como dicía— estamos dispostos, pese a que temos unha ampla maioría, a procurar acordos para poder sacar o país adiante na peor crise da súa historia contemporánea, con responsabilidade política, con responsabilidade moral e con responsabilidade intelectual. Coa mesma responsabilidade e convicción coa que avaliaremos por cuarta vez a investidura e o programan que presenta a esta cámara Alberto Núñez Feijóo. Porque con eles, efectivamente, seguiremos camiñando para que Galicia siga sendo un gran país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Rolda de contestación do candidato á Presidencia.

Ten para iso a palabra don Alberto Núñez Feijóo.

O señor CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor presidente, señora portavoz do Bloque Nacionalista Galego, señoras e señores deputados do referido grupo, señor portavoz do Partido Socialista Obreiro Español-PSdG e deputados e deputadas do referido grupo, e señor portavoz do grupo parlamentario maioritario e señoras e señores membros do Goberno en funcións da Xunta de Galicia e deputados e deputadas do referido grupo maioritario, señorías, permítanme que empece, como non podía ser doutro



xeito, a dar a información exacta que temos neste momento en relación coa situación da pandemia covid na comunidade autónoma.

Neste momento, cos datos últimos, en Galicia están 3.818 persoas infectadas polo virus; é dicir, o 95,6 % da totalidade destas persoas atópanse no domicilio. Hai 159 persoas hospitalizadas, o 4 % dos infectados, e 15 persoas en UCI, o 0,4 % do total dos infectados. Esta situación en relación coa mesma situación que vivimos no momento pico da pandemia reflicte que neste momento en Galicia temos un 92 % menos de persoas en UCI e un 83 % menos de persoas hospitalizadas. Faleceu esta mañá un novo compatriota. Son 651 falecidos neste momento, a totalidade —insisto, máis-menos, xa que pode haber algún acontecemento nas últimas horas— que temos en Galicia. E isto é, sen ningunha dúbida, no que todos os grupos coincidimos como a preocupación máxima que temos como sociedade, a preocupación máxima que temos como representantes dos referidos cidadáns. Neste momento, o número de casos diagnosticados por 100.000 habitantes nos últimos catorce días, segundo os datos que facilita o Ministerio de Sanidade, en Galicia ten un valor de 125,6 e na media de España sobe a 211,8. E nos últimos sete días en Galicia hai unha relación de infectados por 100.000 habitantes de 64,2; e en España, 100,8.

Estes son os datos, señorías, que estamos ofrecendo —este Goberno si—, todos os días á disposición dos galegos a través dos medios de comunicación e por suposto a través das páxinas web da Xunta de Galicia, para que todos teñamos información en tempo real e non haxa nin dobre nin tripla contabilidade con algo que, como vostedes comprenderán, é algo que non debería estar suxeito a este tipo de facilidades contables.

O número de persoas que temos —usuarios e traballadores— infectadas nas residencias son 169 usuarios —é dicir, residentes— e 64 traballadores. E o número de persoas que faleceron nas residencias nas últimas semanas ascende a 11. Dado que temos 25.000 persoas nas residencias, a porcentaxe de usuarios e de traballadores infectados é do 0,69 % do total de persoas que traballan e que son atendidas no conxunto das residencias públicas, privadas e concertadas na comunidade autónoma.

Señorías, estes son os datos. E, como vén sendo habitual, sempre que teño ocasión de comparecer, tanto no Parlamento coma en calquera outra institución, é a miña obriga dalos con transparencia e con claridade, sen ocultar nin un só dato e sen facer ningún tipo de xogo en relación con algo que me parece que é simplemente humanitario.

A portavoz do BNG comezaba a súa intervención dicindo «¿canto vale unha vida?». A resposta é que unha vida non ten prezo. E, polo tanto, para nós ningunha vida ten prezo. Non imos dar por perdida ningunha vida e imos seguir traballando con todas as nosas forzas para loitar contra a pandemia. (*Aplausos.*)

Señor Caballero, agradézolle a felicitación que vostede nos fai como gañadores das eleccións que tivemos o 12 de xullo en Galicia. Agradézollo en nome do Grupo Parlamentario Popular e en nome da maioría dos galegos que tiveron a ben outorgarnos por cuarta vez a súa confianza. É certo, non vou entrar, como comprenderá, en como vostede valora esta vitoria e, en fin, en se participou menos xente ou se tivemos menos votos. Señor Caballero, vostede



saberá a quen lle corresponde facer esta valoración. Eu, simplemente, recórdolle que o Grupo Parlamentario Popular e as candidatas e candidatos do Partido Popular de Galicia obtiveron máis votos que o Partido Socialista e que o BNG xuntos. E obtiveron máis votos que o Partido Socialista, que o BNG e que todas as forzas políticas que se presentaron a estas eleccións. Creo que é tan contundente a resposta das urnas que empezar a contrastar a porcentaxe de participación... Eu, polo menos, non lle aconsello que siga vostede por ese vieiro. (*Aplausos.*) En todo caso, señor Caballero, di vostede que baixou a participación ao 58 %. Iso é verdade, sete puntos máis que en Euskadi, onde vostedes, por certo, creo que van formar goberno nas próximas horas.

Señor Caballero, señora Pontón, eu non veño aquí a reclamar a paternidade desta primeira sentenza. Haberá varias, toca recurso ante a Audiencia Provincial. Esperemos que non se recorra. Temo que si, e despois seguirá nas instancias xurisdiccionais correspondentes. Non veño reclamar a paternidade de que Galicia estea probablemente en condicións de recuperar un pazo, unha edificación, un ben inmovible que era de Galicia. Era de Galicia e, polo tanto, o lóxico é que o que é de Galicia siga sendo galego. Pero si veño felicitar os portavoces daquela —algúns deles coincidentes cos de agora— deste Parlamento, que foi o que iniciou a reivindicación política e a reivindicación parlamentaria deste inmovible. A partir de aí sumáronse outras administracións. Polo tanto, a todas elas —especialmente á Administración xeral do Estado e á Avogacía do Estado, que interpuxo a demanda— o noso recoñecemento en nome da maioría dos galegos. (*Aplausos.*) Penso que é de xustiza facelo porque foi este Parlamento de Galicia a primeira cámara que plantexou formalmente esta acción reivindicativa, despois, iso si, de non facer soamente pancartas senón de estudar, de propoñer, de recoñecer e de facer algo que non fixeron o resto dos grupos: estudar xuridicamente para que nun Estado de dereito a xustiza actúe con rigor.

Señorías, o señor Caballero dixo que había que saír desta crise con fórmulas distintas ás fórmulas coas que saímos entre o ano 2009 e o ano 2012. Nós saímos da crise que deixou o Partido Socialista, por certo, no ano 2009, e tamén da que volveu deixar o Partido Socialista no Goberno da nación no ano 2011. E esas cousas están zanzadas nas urnas. E, polo que se ve, á maioría dos galegos gustoulles como saímos da crise, porque tanto no ano 2012 como no ano 2016 a maioría dos galegos pensaron que o que fixo este Goberno era o que había que facer —ou polo menos o que faría a maioría dos galegos se tivesen a responsabilidade de xestionar as contas públicas—. Se agora a Unión Europea e o Banco Central Europeo plantexan escenarios distintos, vamos ver exactamente en que consisten estes escenarios, vamos ver que requisitos temos que cumprir como nación, como España, vamos ver exactamente como podemos saír desta situación.

Pero non olvide, señor Caballero, que as institucións europeas, tanto a Presidencia da Comisión Europea, como o comisario de presupostos europeo, como o Banco Central Europeo, están rexidos por persoas do Partido Popular de Europa. Polo tanto, sairemos desta crise espero que cun gran acordo entre o Partido Popular europeo —maioritario—, o Partido Socialista europeo e outras forzas menores pero tamén importantes que existen na Cámara europea. Pero pensar que imos saír desta crise con políticas socialistas na Comisión Europea simplemente é un erro que creo que se debe emendar, porque o vicepresidente do Banco Central Europeo, señor Guindos —que, por certo, non sei por que vostedes non o nomean



con maior claridade e contundencia—, é o que está permitindo pagar as nóminas neste momento aos funcionarios públicos no conxunto da nación. É o que está permitindo neste momento que poidamos chegar á fin de mes nas pensións. E o feito de que o Banco Central Europeo estea comprando toda a débeda pública que emite o reino de España creo que é algo que debemos poñer en valor, porque son políticas do Partido Popular europeo pactadas co Partido Socialista europeo. E ese creo que é un bo plantexamento para contextualizar como podemos saír desta crise con políticas que dende logo nós compartimos. *(Aplausos.)*

Señor Caballero, fixo vostede unha lectura da situación económica dos últimos anos que francamente se contradí cos datos que o profesor Puy concretaba nesta mesma tribuna. Porque di que estamos nunha situación económica, ou que estivemos nunha situación económica, pois das peores de España. Somos a comunidade autónoma, como vostede sabe, a segunda comunidade autónoma, que maior crecemento en termos de PIB per cápita tivo na última década —2009-2019—, a maior. Hai outras comunidades que perderon tamén moita poboación e que tiveron menor aproximación en termos de PIB. Pero o certo e verdade é que levabamos cinco anos consecutivos crescendo, ¡cinco anos consecutivos crescendo! A pesar da crise económica e a pesar da covid, hoxe temos menos paro que cando cheguei ao Goberno no ano 2009. Creo que iso ben vale a pena poñelo en valor como tecido económico e social capaz en Galicia de xerar este emprego. Hoxe, dende o comezo da lexislatura —por non ir máis alá—, hai 58.000 parados menos e 46.000 ocupados máis, segundo a EPA. E, polo tanto, dicir que estes indicadores son indicadores impropios... A taxa de paro no cuarto trimestre da EPA, o coñecido, era o 11,7 %, e cando chegamos ao Goberno era o 12,6 %.

Polo tanto, señoría, ao dicir que toda a economía en Galicia funcionaba mal pois, evidentemente, os galegos non lle deron a razón. E non lle deron a razón porque os galegos non son parvos. Non somos parvos, señor Caballero. Se vostede tivese a razón, probablemente eu non estaría facendo este discurso, e tocaríalle facelo á señora Pontón. Pero o certo e verdade é que neste momento, señorías, os galegos non lle deron a razón. *(Aplausos.)* Por iso non é conveniente subestimar a capacidade de reacción e a capacidade de recuperación da economía galega, dos traballadores galegos, dos directivos, das compañías galegas e de toda a capacidade do sector público en Galicia.

Temos unha taxa de paro por debaixo da que atopamos cando chegamos ao Goberno, xa hai once anos, a pesar da crise da covid. E en materia de afiliacións —que creo que tamén é un bo plantexamento—, pois temos neste momento 43.800 afiliados máis á Seguridade Social nesta lexislatura. E se nos comparamos coa covid, collendo agosto, este último mes, temos 44.000 afiliados máis á Seguridade Social nesta lexislatura, a pesar do estado de alarma durante marzo —segunda quincena—, abril, maio e a maioría de xuño. Temos máis afiliados á Seguridade Social que cando chegamos hai catro anos nesta lexislatura, no ano 2016. Polo tanto, esa apocalipse sobre a situación económica de Galicia creo que non é xusta, porque non é real. A taxa de emprego feminino está por riba da media de España, 61 % en Galicia, 59 % en España. E nunca houbo tantas afiliadas á Seguridade Social —mulleres afiliadas á Seguridade Social— como as que había a finais do pasado ano.

Polo tanto —insisto, señor Caballero—, vostede, que di que sabe moito de economía e que eu non sei nada de economía, pois siga sabendo vostede tanto de economía. Eu, simple-



mente, o que si sei é contar. E na taxa de paro xuvenil unha vez máis volve Galicia ter unha taxa de paro xuvenil cinco puntos por debaixo da media de España. Polo tanto, esta situación é unha situación que ben vale a pena poñer en contexto. Pero o que é sorprendente, señor Caballero, sabendo vostede tanto de economía, é que veña a falar da contracción do PIB e da contracción do emprego como consecuencia da pandemia en Galicia. Pero, señor Caballero, ¿é que non sabe vostede que en Galicia, tanto en taxa trimestral como en taxa interanual, o PIB caeu un 4,2 % menos que a media de España? ¿Pero de verdade que vostede este dato non o sabía? Estou convencido de que si. ¡Pero se non vale a pena vir aquí para dicir unha cousa que non é verdade! Porque ao final o importante é dicir as cousas. Un pode equivocarse, sen dúbida, pero, ¡home!, se a taxa interanual de PIB en España baixa un 22 % —22,1 %— e en Galicia un 17,9 %, dicir que estamos xestionando de forma ineficiente esta pandemia é unha autocrítica que lle fai ao Goberno central. É unha autocrítica e espero que non se enteren en Madrid do que vostede considera que é unha mala xestión da pandemia.

Mire, señor Caballero, nós intentamos xestionar a economía con rigor, e xestionar a economía con rigor é dicir que hoxe hai medio millón de galegos que non pagaron impostos, e que son normalmente as rendas máis baixas de Galicia. Nesta última lexislatura non pagaron impostos 337.000 galegos cando herdaron, que son as rendas máis baixas do país; e tampouco pagaron impostos máis de 66.000 galegos no rural, do cal practicamente non faláronvos. E tampouco pagaron impostos pois case 3.600 familias que compran vivendas no rural.

Por tanto, esta baixada de impostos, que é poñer o diñeiro no bolsillo dos que nos dan o diñeiro para chegar á fin de mes —é dicir, dos cidadáns que pagan os seus impostos—, é unha política absolutamente favorable ás rendas baixas e favorable ás persoas con máis dificultades económicas. Por iso creo que esta apocalipse sobre a situación económica dos últimos anos e sobre a situación económica actual non se corresponde coa realidade.

Galicia é a segunda comunidade autónoma que máis aumentou o PIB per cápita nesta última década. E con isto pódolles asegurar que me sentín moi satisfeito cando me presentei ás eleccións, sabendo que o noso partido podía non acadar a maioría. E a maior converxencia en renda con España na serie histórica, na historia económica de Galicia, a maior converxencia con España, deuse precisamente o pasado ano co 90,9 %.

Dicir que as nosas empresas non son potentes e pensar que a nosa política económica é destrozando os sectores produtivos, cando resulta que teñen cinco anos consecutivos de récord de exportacións, dicir que os nosos sectores económicos non son produtivos, cando resulta que nunca venderon máis, nunca competiron máis e nunca foron máis eficientes en prezo e en calidade na historia económica do país, é simplemente non querer a Galicia como creo que a debemos de querer todos os deputados e deputadas que aquí estamos. *(Aplausos.)*

Miren, se lles parece, non imos seguir afondando nestes datos, pero creo que é bo recordar que Galicia é a quinta comunidade autónoma que máis ERTE recuperou en España neste momento e que no noso paro —acaba de concretalo o portavoz do noso grupo—, tanto en termos de afiliación como en termos de paro, somos a terceira comunidade autónoma de España con mellores datos dende o mes de xaneiro ata o mes de agosto. Por tanto, señorías,



creo que é bo poñer en valor as cousas que acadamos entre todos. Porque, como vostedes poden imaxinar, isto non é só unha cuestión de que o Goberno o faga ben ou mal. Esta é unha cuestión da sociedade galega, á que eu pretendo acompañar e á que pretendo, dende o Goberno, servir.

Señorías, puxemos máis de 3.000 millóns nun plan, e probablemente sexamos unha das comunidades autónomas que primeiro o fixo, porque seguimos traballando durante a pandemia todos os días, por suposto, e o Goberno seguiu tomando decisións todos os días. E o feito de ser a primeira comunidade autónoma que activou toda a obra pública, cando había algunha comunidade autónoma socialista que aínda non sabía que se podía activar, cando resulta, señorías, que fomos a única comunidade que puxo dúas nóminas anticipadas para que a xente que non cobraba os ERTE puidera cobrar, creo que son cousas —que, por certo, saíron do diálogo social— que debemos poñer en valor.

Señor Caballero, vou exercer as miñas competencias se obteño a confianza desta Cámara, lévoo facendo durante case doce anos. Para min é unha honra poder ter a posibilidade de exercer as miñas competencias. E ese estatuto de autonomía que vostede trouxo á Cámara é o noso Estatuto de autonomía, polo menos o do Partido Socialista e o do Partido Popular. Espero, polo menos, que siga sendo o do Partido Socialista. E ese Estatuto de autonomía, que nós —igual ca vostedes— xuramos e prometemos defender sen ningún artificio previo e sen ningunha condición, é a nosa guía diaria de goberno e de acción política. Por tanto, coincidimos na Constitución Española e no Estatuto de autonomía como a nosa guía permanente de actuación, e invítooo, señor Caballero, a que poidamos profundar tanto na xestión das competencias estatutarias como constitucionais. (*Aplausos.*)

Señoría, criticábame vostede e dicía que non exercía as miñas competencias, e despois criticábame tamén por ter a ousadía de falar de que hai que modificar a Lei orgánica de saúde pública. Sería bo que se puxeran de acordo exactamente en que é o que fago mal, se é en non exercer as miñas competencias ou en excederme nas mesmas.

Mire, vostede sabe igual ca todos que o estado de alarma da lei orgánica de 1981, que é a que o crea, non está previsto para xestionar unha pandemia. Sábeo toda a doutrina constitucional, non está previsto para xestionar unha pandemia. Hai algún deputado que di que si. Bueno, sabe máis ca todos, é algo sorprendente. Sabe máis cós portavoces do Partido Socialista nos parlamentos, ou cós presidentes do Partido Socialista na Conferencia de Presidentes. Hai bastantes que non están de acordo co estado de alarma, co estado de alarma de forma indeterminada, indefinida. Pero ¿de verdade que vostedes non van acreditar unha lexislación con carácter orgánico e sanitario para xestionar un problema sanitario? ¿De verdade que van vostedes seguir dicindo que non? E resulta que a proposta alternativa é a de dezasete estados de alarma. ¿Esa é a proposta alternativa dos grandes xuristas dos que parecen ser que vostedes se acompañan?

Pois, miren, alá vostedes. Nós pedimos exercer as nosas competencias plenamente. E pedimos ter unha lei orgánica que posibilite o Estado das autonomías, e, en consecuencia, aos presidentes autonómicos e ás autoridades sanitarias autonómicas exercer as nosas competencias. Non creo que sexa moito pedir. Pedir e exercer as nosas competencias constitu-



nais e estatutarias cunha lei que non sexa un estado de alarma, no que o mando único decide o que hai que facer en todos os casos, é algo, señoría, que pediría calquera presidente que teña un mínimo de rigor na xestión das cousas públicas.

Mire, señoría, nós intentamos desde hai meses persuadir o Goberno central de modificar a Lei orgánica de saúde pública e a Lei xeral de sanidade, e tamén a Lei da xurisdición contencioso-administrativa, para non estar ao albur dos miles de xulgados contenciosos —incluso do xulgado que estea de garda en cada momento— e tomar as decisións que as autoridades sanitarias nos sinalan.

O presidente, na Conferencia de Presidentes da Rioxa, dixo e volveu dicir que non vía esa proposta, a pesar de que foi tamén solicitada por presidentes do Partido Socialista —que seguro que vostede non coñece—. Pois ben, o presidente dixo que ía darlle unha volta e que despois do verán volveríamos falar. O que trasladou despois do verán foron dezasete estados de alarma. É dicir, que ante situacións epidemiolóxicas similares é o presidente de cada autonomía o que sinala ou non sinala se hai estado de alarma. E pode ocorrer que nunha comunidade autónoma cunha situación epidemiolóxica igual que noutra haxa un estado de alarma e non na outra, e, polo tanto, que non poidamos transitar polas autovías ou polas vías de competencia estatal porque en cada sitio hai unha opinión e unha decisión en función do carácter político ou do propio goberno da comunidade autónoma. Non creo que iso sexa o máis oportuno. E o que nos plantexou o presidente é que, se alguén ten algunha proposta, que a presente. E para cumprir as miñas obrigas dixen que imos presentar unha proposta; polo tanto, estou respondendo exclusivamente ao que o presidente do Goberno nos invitou. ¿Parécelle mal que o presidente do Goberno nos invite a plantexar propostas de modificación da lei orgánica e parécelle que, por cumprir esa proposta, non esteamos xestionando con rigor ese estado de alarma?

Algún día haberá unha lexislación en España para xestionar as pandemias con rigor. E cando teñamos a lexislación para xestionar as pandemias con rigor pois non teremos sentenzas contraditorias nin teremos o interrogante da oportunidade, da opinión, e non estaremos sometidos ás motivacións máis ou menos intensas que unha autonomía poida plantexar ao xulgado de garda respectivo. Por iso, señor Caballero, non intento desde logo menoscabar a autoridade das Cortes Xerais, pero non esqueza que un presidente autonómico é o representante do Estado en Galicia e que, por tanto, me corresponde —se obteño a confianza desta Cámara— representar o Estado na comunidade autónoma. E facer unha proposta de modificación da lexislación sanitaria nunha pandemia é exercer as nosas competencias. Iso é o que lle intentaba trasladar. E podo asegurarlle que non teño máis interese que acertar, porque se acerta o Goberno de España na pandemia, acertaremos todos; e se, polo contrario, erra, estaremos errados boa parte da poboación. *(Aplausos.)*

Fixo vostede, igual cá portavoz do BNG, pois unha emenda á totalidade sobre a situación e a capacidade sanitaria do país, sobre o mal que xestionamos a sanidade. Ben, creo que isto é un clásico dentro das súas propostas. Crin que este tipo de cuestións xa non formaban parte do discurso. Porque que veña aquí un representante do Partido Socialista a dicir que me pide que saque todas as prazas vacantes do Servizo Galego de Saúde, que despois veña a portavoz do BNG a dicir que grazas ao BNG —é dicir, grazas a un voto no Congreso dos De-



putados— se vai poder sacar toda esa oferta pública de emprego, e resulta que no día de onte se fai esa votación e o Partido Socialista vota en contra de que se poidan sacar todas as prazas vacantes no ámbito do Servizo Galego de Saúde e dos servizos de saúde de España, é algo sorprendente.

Por iso digo que este tipo de cuestións, señor Caballero e señora Pontón, deberíamos tratalas cun pouco máis de seriedade. Levamos máis dun ano pedindo, dada a situación de déficit en moitas profesións sanitarias, que se nos deixe sacar todas as prazas. ¿Por que? Porque cumprimos todas as regras fiscais nesta comunidade autónoma en relación coas regras pactadas con Europa, e creo que as comunidades autónomas solventes teñen dereito a ter unha serie de consideracións en relación co seu gasto público. Por iso, señor Caballero e señora Pontón, nos sorprende que vostedes agora se fagan autores de intentar sacar todas as prazas públicas vacantes na sanidade. Miren, o que onte conseguiu o BNG foi un voto, ¡un!, nunha comisión de recomendación —non para modificar a lei, de recomendación, señora Pontón—. Non veña dicir que o Bloque conseguiu... O Bloque non conseguiu nada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E sería bo recoñecer que o Bloque ten un voto, fixo unha proposta e foi apoiada polo Partido Popular no Congreso dos Deputados e por outros grupos políticos. E grazas a todos estes conseguimos un voto máis, que era o do BNG, e estamos todos moi contentos, señorías. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Pero esta é a situación. Esta é a situación que temos neste momento en Galicia, pero en fin... (*Aplausos.*) En todo caso, todo aquilo que consiga o BNG no Congreso dos Deputados debe ser titular, porque de momento, que eu saiba, non conseguiu nada.

Creo, señor Caballero e señora Pontón, que non foron xustos cando cualificaron a sanidade pública do país. E non o foron porque, cando temos unha mellor sanidade que a media dos sistemas de saúde de España, non deberíamos ocultalo. Hoxe os galegos esperan menos —cos datos a 31 de decembro do ano 2019— para operarse ou para unha consulta; os profesionais operan nada máis e nada menos que unhas 40.000 intervencións máis cada ano do que operaban no ano 2009; os pacientes galegos teñen máis dereitos e teñen tratamentos novos, como o da hepatite C, e en oncoloxía e en atención ao ictus; hai máis servizos nos hospitais comarcais e nos hospitais xerais ca nunca; investimos 75 millóns de euros en tecnoloxía sanitaria durante a crise; e aumentaron as camas, e dicía o señor Caballero que diminuíron. Resulta que aumentaron de 7.007 a 7.524, unha porcentaxe do 7,4 % de incremento. Si, señor Caballero, revise os seus datos, porque é importante. Eu teño que revisalos tamén; por tanto, se revisamos os datos podemos chegar a acordos.

¿Que ocorrería durante a pandemia se non fixésemos o novo hospital de Vigo? ¿Que ocorrería en Vigo se este Goberno, que foi absolutamente calumniado e difamado en relación co hospital público de Vigo, non tivese o compromiso coa cidade e coa área sanitaria e non fixésemos o novo hospital público de Vigo? ¿Que ocorrería, señorías, se non ampliásemos o servizo de urxencias por cinco en dimensión no hospital da Coruña? ¿Que ocorrería se non equipásemos completamente con novos servizos o hospital de Lugo? ¿Que ocorrería se non duplicásemos a superficie do hospital da Mariña? ¿Que ocorrería se non incrementásemos as urxencias, o paridoiro e as plantas do hospital do Salnés? ¿Que ocorrería, señoría, se a sanidade fose como vostedes a deixaron e non como a que agora temos? (*Aplausos.*) Esa é a pregunta que creo que ben vale a pena contestar.



Creo que non é xusta a súa visión sobre a sanidade. Oitenta e seis centros de saúde dinse rápido, pero construílos en plena crise económica pode asegurarlles que é todo un esforzo titánico da sociedade galega que paga impostos. E queremos rematar os 27 que nos quedan. Pedimos solares, señorías. Non creo que sexa moito pedir. Non vou concretar os lugares onde non temos solares, e temos plataformas, cos alcaldes á cabeza, para pedir que fagamos centros de saúde sen transferir e sen ceder un só metro para facer o centro de saúde. Ese tipo de demagoxias, señorías, nunca teñen bo resultado nas urnas; e, se o teñen, é temporal. Non quero entrar nese tipo de consideracións pero observo —como non pode ser doutro xeito— o Partido Socialista e o BNG detrás das plataformas e dos alcaldes que solicitan ao Servizo Galego de Saúde facer un novo hospital, e, sen embargo, non ceden un só metro cadrado para facer un só centro de saúde, igual que no das residencias, nas sete residencias urbanas das que falamos. Non imos entrar niso pero sabemos perfectamente como está e que concellos colaboran cedendo solares e que concellos aínda non os cederon. Aínda non cederon un metro para facer unha residencia e resulta que o problema que temos é que a Xunta non os quere facer, igual que os centros de saúde.

Insisto, gustaríame excluír a sanidade do debate político nos próximos catro anos. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Xa temos a resposta. (*Murmurios.*) Consideran que son un inxenuo por excluír a sanidade do debate político. (*Murmurios.*) Eu considero que un presidente que pide consensuar a sanidade para os próximos catro anos non é ningún inxenuo, é alguén que cumpre co seu deber. (*Aplausos.*) E por iso, señorías, dado que vostedes van utilizar a sanidade como arma política, pois sigan vostedes traballando con esas armas que nós seguiremos incrementando as plantillas: 3.587 profesionais máis, de 36.256 a 39.843. Esas son as nóminas, o resto son lerias. Son as nóminas que se pagan cada mes, señorías, sen contar as máis de 1.500 persoas de reforzo que contratamos desde o 1 de marzo, catorce días antes de declararse o estado de alarma. Temos unha sanidade mellor valorada ca nunca, mellor valorada que cando a xestionaba o Bipartito. En atención primaria, en urxencias e en hospitalización está mellor valorada que a media do Sistema nacional de saúde. Temos a menor lista de espera da nosa historia. E non o digo eu, dío o Ministerio de Sanidade cando concreta os datos de listas de espera. E levamos en sanidade un incremento presupostario do 13 % —sen contar o gasto covid deste ano— en relación co ano 2008, cando foi o último presuposto do Bipartito. E por iso non sei exactamente de que se nos acusa. ¿Acúsannos vostedes, señorías, de non apostar pola sanidade pública? ¿Hai algún goberno que apostara máis pola sanidade pública? ¿Hai algún goberno que fixera máis hospitais, máis centros de saúde, na sanidade pública, e xa sen contar a situación económica na que vivimos? Hai 1.137 enfermeiras máis, 117 médicos de familia máis, e contratamos a todos aqueles que queiran traballar en Galicia —digo a todos—. Por tanto, cando temos un 37 % máis de quirófanos, tratar así a sanidade pública non creo que sexa razoable. Dende logo, eu síntome moi orgulloso da sanidade pública e vou seguir defendéndoa durante toda a lexislatura. Díxeno o martes e ratifícoo hoxe.

Tamén falamos a señora Pontón e o señor Caballero das residencias da terceira idade. Estamos a favor de falar das residencias da terceira idade, e todo o que se queira. Pero, señor Caballero, vostede quere crear unha comisión de investigación sobre as residencias da terceira idade. ¿Podería pedirlle ao seu Goberno que diga cantos falecidos hai en España nas residencias da terceira idade? ¿A quen quere investigar? ¿Ao Goberno central ou a un goberno que dá puntualmente todos os datos que se producen cada día? ¿Por que non sabemos en



España o número de falecidos pola covid? ¿Por que non sabemos en España o número de falecidos nas residencias da terceira idade cando as comunidades autónomas temos a obriga de dalos, e dámoslos textualmente cada 24 horas? ¿Iso é o que queren vostedes investigar?

Mire, con todos os respectos, que o Partido Socialista Obreiro Español pida nun parlamento autonómico que se faga unha comisión sobre os falecidos pola covid é algo, señor Caballero, no que hai que ter, dende logo, moita audacia. E eu non lle digo que vostede non a teña. Ao contrario, sorpréndeme a audacia que ten. Pero non creo realmente que debamos entrar nese tipo de consideracións. Por suposto, nós entramos no debate coas propostas que fixemos nas residencias, e imos seguir traballando nesas residencias, por suposto que si. Hai algunha deputada que se sorprende simplemente por dicir que temos 25.000 residentes e que a nosa porcentaxe de mortalidade é «x»; e que o conxunto de residentes en España é «x» e a porcentaxe de mortalidade en España é «x». ¿Que pasa?, ¿que cada vez que se fala de España isto é un problema para a portavoz do Bloque Nacionalista Galego? Cada vez que facemos simplemente unha reflexión sobre o que estamos facendo ben, o que estamos facendo mal e en que nos estamos equivocando, ¿estamos manipulando e estase terxiversando? Non, non me van ensinar a respectar os maiores, porque este partido respecta os maiores e respectaos sempre. E nunca fará motivacións políticas de por que o Partido Popular de Galicia acada a maioría. Parece ser que porque o votan os maiores. Pois si, señorías, imos seguir coidando os maiores e creo que non é razoable facer este tipo de consideracións. *(Aplausos.)*

Política social e política educativa. Imos seguir traballando, señor Caballero e señora Pontón, non teñan vostedes ningunha dúbida. ¡Pero dicir que eu me escudo detrás da ministra Cela nos temas educativos...! Pero ¿non lles parece razoable que nun estado federal...? *(Murmurios.)* Federal, o estado das autonomías... *(Risos.)* ¿Non é un estado federal? *(Risos.)* ¡Ah! Xa sei que a vostedes o que lles gusta é o estado plurinacional... *(Murmurios.)* Pois nós non temos ningún inconveniente en dicir que o estado das autonomías en España é moi semellante... Bueno, non, ten moitas máis competencias que o Estado federal alemán. *(Murmurios.)* Non teña vostede ningunha dúbida. Aos alemáns, desde logo, non se lles ocorre parcelar o país. A vostedes, si; a nós, non.

Polo tanto, dicir que o curso escolar nunha nación, España, non debe empezar con criterios semellantes e que nos escudamos no Goberno de España para intentar pactar criterios semellantes, é que iso é algo incompreensible. A pregunta é: ¿para que existe o Ministerio de Educación? ¿Para que existe o Ministerio de Universidades?, ¿para que existe o Ministerio de Ciencia? Se non teñen ningunha competencia, xa lles propoño tres menos, e aínda así quédanlle 19. *(Aplausos.)* Realmente, señorías, é algo moi sorprendente o que estamos facendo. *(Proseguen os aplausos.)*

Miren, os presidentes socialistas e os presidentes populares na Conferencia de Presidentes pedimos desde o mes de maio concretar uns acordos mínimos para ver como podíamos entre todos darlles seguridade ás familias, darlles seguridade aos docentes e intentar reconstruír o noso sistema educativo. ¡Desde o mes de maio! O presidente quedou no mes de maio de facer unha conferencia única para os temas educativos. ¡Nunca se fixo! E conseguimos que o 27 e o 28 de agosto se reuniran, por fin, os ministros do ramo cos conselleiros das comunidades autónomas. E acadamos un acordo —que, por certo, mañá na Conferencia de Pre-



sidentes pretende o Goberno que se faga un manifesto a favor do acordo—. Pois ben, todo o que o señor Caballero e a señora Ana Pontón me pediron aquí non está no acordo. ¿Que pasa?, ¿que vostedes nin sequera están de acordo co acordo que propoñen e que queren firmar mañá? (Risos.) ¡É algo moi sorprendente! Para saber exactamente cal é a proposta, deberiamos concretala. (Aplausos.)

Mire, vén dicir aquí que temos 90 ou 93 millóns para educación e que iso é moi importante. Non lle oculto a vostede que 90 millóns para este trimestre, dende logo, é unha cantidade importante. Pero, señor Caballero e señora Pontón, ¿podiamos estar de acordo en concretar un fondo covid nos presupostos do Estado para o ano 2021? Porque as nóminas hai que pagalas os doce meses do próximo ano, tanto as dos docentes, as dos profesores, como as do conxunto da comunidade educativa —e, por suposto, as do conxunto da comunidade sanitaria—. E por iso, señor Caballero e señora Pontón, canto teñamos as aportacións das entregas á conta do Goberno central veremos se esas aportacións do Goberno central chegan para pagar as nóminas do persoal que temos agora. Non fagamos demagogia nun país castigado profundamente cunha recesión económica histórica, cun incremento do paro histórico, cunha diminución de afiliacións á Seguridade Social histórica. E non fagamos demagogia nun país no que non sabemos como imos acabar este ano e como imos empezar o próximo.

Cumpriremos o protocolo educativo porque nos comprometemos coa comunidade educativa e fomos a primeira comunidade autónoma en traspoñer o protocolo educativo co que nos obrigamos co Goberno de España —co Goberno Socialista, o Goberno de Podemos e cos seus socios, incluído o BNG—. Por tanto, non creo que sexamos responsables de cumprir un protocolo que previamente temos pactado. Pero sobre os 90 millóns, señorías, ¿por que a Galicia se lle veu quitar outro 25 % do que lle correspondía no tema educativo? Correspóndennos, de acordo co sistema de financiamento, 36 millóns de euros máis, e quítannos 36 millóns de euros. ¿Por que? Porque agora resulta que na proposta do Goberno central para o custo educativo soamente se teñen en conta as persoas que viven nunha comunidade autónoma de entre 0 e 24 anos, nada máis. É dicir, que á escola non hai que levar a ninguén, que o número de colexios en Galicia versus os que hai en cidades concentradas non importa, que o número de comedores descentralizados que temos no país non importa. E o Partido Socialista vén aquí dicir que estes 90 millóns son un gran avance social. Mire, señor Caballero, nós non estamos de acordo coa repartición. Non estamos de acordo porque se fixo como lle interesa non sei a quen; dende logo, non cos criterios obxectivos que tiñamos pactados —bos ou malos— desde hai unha década.

Por iso imos seguir traballando na educación. Teremos todo o interese do mundo por acertar, pódollo asegurar. E imos seguir traballando coa comunidade educativa, cos mestres, coas profesoras, con todo o persoal. O que lles estamos facendo son PCR, e estámolles facendo tests de forma ordenada e de forma coherente. E seguiremos traballando cun plan de brotes, que debería ser razoable pactalo a nivel estatal. Sería bo pactar un plan de brotes a nivel estatal no ámbito educativo, porque así daríanos seguridade e daríanos fiabilidade para que cada comunidade autónoma non faga o que lle pete. ¿Iso realmente é incumplir as miñas competencias, pedir que os plans de deixar sen efecto unha clase teñan os mesmos criterios sanitarios en Castela-León, en Madrid, en Barcelona, en Sevilla ou en Vigo? Creo que sería



bastante razoable este tipo de cuestións nun estado autonómico, nun estado federal. Creo que si. E por iso nós imos seguir plantexándoo.

Mire, con todos os respectos, señor Caballero —e remato—, non creo que deba vostede falar con tanta énfase de que estamos moi mal nos temas de pobreza, porque estamos mellor que a media de España. Comprendo que ao mellor a vostede tampouco lle importa isto, pero vivimos nun país que ten o peor comportamento económico da Unión Europea. E vivimos nun país que vai ter unha porcentaxe de paro que non me atrevo nin a afirmar. Por iso, cando se nos mide deste xeito e resulta que duplicamos —duplicamos, multiplicamos por dous— os presupostos de discapacidade, cando a risga estaba con 22 millóns de euros no ano 2009 e estamos en 67,7 millóns de euros, case o triplo, no ano 2020, cando durante a pandemia se incrementaron as persoas con dereito á risga e cobran 1.600 familias, non creo que iso sexa un tema menor. E a axenda que pactamos cos axentes sociais no ámbito da pobreza é algo que nos debe facer sentir medianamente satisfeitos para seguir traballando. As taxas de pobreza en Galicia acreditan mellores datos, tanto no conxunto como na poboación en risco de pobreza económica como en carencia de material severa —en todos os datos—. Creo que iso é importante e paréceme que non é un tema menor. Por tanto, deberíamos falar cun pouco máis de prudencia en relación coa pobreza. Sen dúbida temos bolsas de pobreza, bolsas de desigualdade, nas que imos seguir traballando.

Eu teño todo o compromiso co Goberno central de falar de Alcoa en serio. ¡Menos mal que por fin falamos de Alcoa en serio! ¡Menos mal que primeiro non damos ningunha capacidade enerxética ás empresas hiperelectrointensivas e cando pechan resulta que as tomamos en serio! Pois eu si, tomábaas en serio antes de pechar, tómoas en serio para que non pechen e axudarei o presidente do Goberno de España a calquera solución que nos dea garantía de emprego na Mariña lucense e nesa fábrica de aluminio primario que tanto necesita Galicia. (Aplausos.) Vou seguir traballando co presidente do Goberno. Espero, señorías, poder dar informacións positivas, cousa que agora eu non teño, pero se conseguimos que un novo comprador se faga cargo da factoría non terán o contrario. Estamos traballando con rigor. Agora si, despois das eleccións empezamos a traballar con rigor, ¡menos mal! E o estatuto hiperelectrointensivo, ese que vostede dicía en cada mitin, resulta que nin existe. E menos mal, señoría, que agora tomamos en serio que España necesita unha fábrica de aluminio primario, porque a nosa produción é un terzo da demanda e porque, ademais, pechar o aluminio primario en España sería un disparate económico, industrial e social.

Sobre As Pontes e Meirama, señora Pontón —vostede, que ten tanta capacidade de influencia no Goberno central— e señor Caballero —vostede, que representa aquí ao Goberno central—, ¿resulta que o problema das Pontes e de Meirama é un problema da Xunta de Galicia? ¿De verdade que vostedes cren que poden imputar a un presidente autonómico a decisión de pechar as centrais térmicas en España no seu conxunto, sen deixar nin unha? A única batería que tería España sería a central térmica das Pontes, a única. En Alemaña hai máis de oitenta. ¿Como é posible? ¿Que pasa, que o Goberno alemán é menos verde que o Goberno español? Non estamos en contra de que vaiamos paulatinamente substituíndo ese tipo de centrais por enerxías alternativas, do que estamos en contra é de pechar de forma abrupta a central térmica máis potente de España, que fixo un investimento de máis de 200 millóns de euros. Incluso modificamos o trazado dunha estrada autonómica para poder ampliar a compañía e



agora resulta que hai que pechala. ¿Que ocorrería, señora Pontón, se no Goberno central, no peche de Alcoa, no peche de Meirama e no peche das Pontes, estivera o Partido Popular? ¿Que ocorrería, señora Pontón? *(Aplausos.)*

Imos, señor Caballero, seguir falando coa Federación Galega de Municipios e Provincias. Comprendo que será ese o órgano interlocutor, porque dicir aquí que hai que falar con 7 concellos e deixar ao lado os 306 restantes non me parece moi apropiado.

Dende logo que co anterior presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias —un alcalde invicto, por certo, durante moito tempo, o alcalde do Barco— chegamos a miles de acordos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si... Si, si, si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non teña dúbidas, tanto o presidente como o vicepresidente, co alcalde do Barco e co alcalde de Carballo chegamos a centenas de acordos, e gustárame chegar tamén coa nova directiva. A ver se o deixan ou se é posible. Nós non cambiamos, espero. Por tanto, non creo que sexa moi razoable falar de que non queremos falar. Temos unha excelente relación coa maioría dos alcaldes. ¿Por que? Porque estou á súa disposición. Pode vostede preguntar e diranlle que si; outros diranlle que non... Ben, pero pode vostede preguntar.

Co alcalde nacionalista de Pontevedra —por poñer un dato, ¡como só teñen un!, non vaia ser que se enfaden os do Partido Socialista— teño chegado a acordos. Non sei por que rin, non sei se se rin do alcalde ou de min, pero... *(Risos.)* Non creo que sexa moi razoable. ¿Por que non se pode chegar a acordos cun alcalde nacionalista? ¡Pero se o que pretendemos e o que buscamos é xustamente o acordo! O desacordo é o fácil, o acordo é o difícil, e por iso estamos aquí intentando falar de acordos e non empezar, señorías, preguntando e facendo unha crítica tan destrutiva á situación e á xestión da covid en Galicia, señora Pontón. Sorpréndeme. Sorpréndeme a súa primeira parte da exposición. O que dixó vostede da xestión da covid creo que non o merecemos; non o merecen os profesionais, non o merece o comité clínico e, dende logo, non o merece un goberno en funcións.

Mire, resulta que fomos a primeira comunidade autónoma que superou o estado de alarma en España, resulta que o señor portavoz do Goberno en temas da pandemia covid sinalou que Galicia fora unha comunidade autónoma na que se xestionou con rigor e que por iso saíu a primeira do estado de alarma, e agora resulta que o nacionalismo galego, en vez de sentirse orgulloso do que fixemos como sociedade, vén aquí simplemente descualificar unha das labours mellores que fixeron os profesionais sanitarios nos últimos meses. É algo moi sorprendente, señora Pontón, non o esperaba de vostede, porque creo que levamos falando moito tempo da covid, todos os domingos, ata que me dei conta de que falar os domingos cos responsables do Partido Socialista e do BNG valía para ser criticado os luns ou incluso para negar esas conversas e esas reunións.

Por iso me sorprende moito escoitar ese tipo de consideracións de por que cerramos A Mariña e agora non cerramos... Pero, ¿de verdade que vostedes cuestionan os criterios do Comité Clínico do Servizo Galego de Saúde? ¿Vostede sabe máis aquí de epidemioloxía, de infeccións, da unidade de críticos ou da transferencia do virus que os 35 profesionais do Servizo Galego de Saúde? Nós facemos o que os profesionais nos concretan, señora Pontón. Fixémolo, facémolo e seguiremolo facendo con vostede ou sen vostede. *(Aplausos.)*



Señora Pontón, no tema da Mariña, pechamos a circulación alí porque acababamos de saír dun confinamento e a porcentaxe de prevalencia a 7 e a 14 días nese momento era espectacular. Agora estamos nun momento totalmente distinto. Probablemente entre 700.000 e 800.000 persoas entraron e saíron en Galicia. Estamos sen confinamento desde unha data do mes de xuño e, polo tanto, os brotes e a incidencia sabiamos que agora ían ser moito máis altos do que podían ser naquel momento. Pechamos A Mariña con responsabilidade no período electoral, e esa responsabilidade, lamentablemente, non foi correspondida nin polo Partido Socialista nin polo BNG nin polos seus representantes na Mariña, o cal lamento profundamente.

Por iso, cando veñen falar aquí de por que pechamos A Mariña, señora Pontón, non lle vou recordar o que vostede dicía, o que me dicía durante a campaña electoral en relación coa Mariña e en relación coas miñas decisións en materia sanitaria. Por tanto, paréceme, señora Pontón, que se quere vostede falar de Galicia de verdade asumamos que o criterio do comité clínico é o criterio que vai ser respaldado polo Parlamento, porque ese é o maior favor que podemos facerlle para a seguridade e a certeza dos cidadáns. Non creo que dicir unha portavoz do BNG que en Galicia non hai un protocolo de brotes, cando resulta que está aprobado desde o mes de abril, sexa algo que deba dicir a xefa da oposición. Falemos en serio, señora Pontón, polo menos imos intentalo; falemos en serio disto. Cuestionar as probas, os rastrexadores, cuestionar os servizos de saúde pública, de medicina preventiva e o labor dos médicos de familia... ¡Alá vostede! «Non, que aquí non hai rastrexadores...». Pero ¿que dicimos?, pero se os datos son os datos.

Mire, en relación cos tests, o número de tests realizados en Galicia —datos do Ministerio de Sanidade—, PCR, test rápidos e outras probas realizadas, é dun valor de 215 por mil habitantes; en España, 195. ¡Pero se somos a comunidade autónoma con máis iniciativa no tema dos tests! ¡Se fomos absolutamente postos en valor polas autoridades sanitarias doutras comunidades autónomas e do conxunto de España! ¿Pero como que non facemos tests? ¿Como que non hai rastrexadores? ¿É que acaso un médico de familia que ten un paciente que dá positivo na covid na historia clínica non inclúe ese dato positivo e automaticamente...? (*Murmurios.*) ¿Pero de que se rin? ¿De que se rin? ¿Non sei se vostedes saben en que consiste un rastrexador en covid? (*Murmurios.*) Dáme a sensación de que o toman vostedes a broma pensando que este é un tema para horadar un goberno que aínda non tomou posesión. É algo moi sorprendente, pero, en fin.

Mire, con todos os respectos, discutir agora por que se pecha A Mariña e por que agora estamos actuando na Coruña, en Santiago, en Ourense ou en Lugo como estamos actuando é algo moi sorprendente.

A Dirección Xeral de Saúde Pública, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, as sete áreas sanitarias, todas as xefaturas territoriais de sanidade, os profesionais de atención primaria, os especialistas en medicina preventiva, en epidemioloxía, en microbioloxía, o persoal da Central de Seguimentos de Contactos —que hai decenas de persoas detrás dun teléfono—, todos, incluso a Policía Autonómica, se teñen presentado en domicilios de persoas que tiñan que estar corentenadas para comprobar se estaban ou non estaban. Son 6.152 os profesionais que están participando no sistema de rastrexo. Non entendo exactamente de que se nos



acusa. Será simplemente porque toca crear incerteza tamén sobre as cousas que están funcionando co máximo rigor en Galicia. Iso é querer a Galicia; e non comparto desprestixiar o que fai Galicia. (*Aplausos.*)

Liderar o país é defender o país. E defender o país de forma proporcionada, criticando o que hai que criticar, mellorando o que hai que mellorar e poñendo en valor o que hai que poñer en valor é algo bastante razoable.

Señora Pontón, o seu inicio de discurso dicindo e falando dos mortos nas residencias, deslexitimando as actuacións nas residencias dos miles de profesionais que estiveron traballando nelas é algo que non podo compartir e que me doe especialmente, porque creo que é absolutamente inxusto; vólvoo reiterar, absolutamente inxusto. Mire, temos máis probas que os demais, temos unha mortalidade inferior que os demais, somos a segunda comunidade autónoma de España con menos persoas hospitalizadas pola covid hoxe —ja segunda con menos hospitalizados de España!—, e di que non rastrexamos axeitadamente... Pero, exactamente, ¿como o farán os demais? Se somos a segunda comunidade con menos persoas hospitalizadas, ¿como farán os demais? ¿Como o farán alí onde gobernan os nacionalistas —que eses parece ser que teñen a patente de curso de querer o país—? Por tanto, non sei, pero sorprendeume moito, señora Pontón, porque crin que sobre ese asunto non iamos discutir. Asegúrolle que o estamos facendo con absoluto rigor, non teña vostede ningunha dúbida.

Señora Pontón, vostede manifestouse en contra do protocolo de educación antes de que fora aprobado. É unha forma evidente de facer unha oposición construtiva. ¿E vostede —pregunto— está a favor dunha convocatoria de conflito na educación antes nin sequera de coñecer o protocolo? Por tanto, ¿interésalle a educación realmente?, ¿interésalle o protocolo realmente?, ¿ou ten vostede outros intereses? Esa é a pregunta que creo que os galegos temos que facer. ¿Como é posible convocar un conflito aplaudido desde o BNG —non sei se instigado ou non— antes de que coñecéramos o protocolo aprobado en toda España e antes da transposición dese protocolo á primeira comunidade autónoma que o fixo de toda España? ¿Como é posible convocar un conflito educativo? ¿Pero de verdade que os pais merecen isto? ¿De verdade que os traballadores dos supermercados, como vostede refería, os traballadores dos servizos de urxencia, os traballadores das entidades que estiveron abertas durante o estado de alarma, merecen este tipo de plantexamentos? ¿Por que non plantexaron vostedes folgas durante o estado de alarma? Probablemente porque non podían, porque era ilegal. Con todos os respectos, antes non había nin máscaras nin podíamos protexer os traballadores dos servizos esenciais, e agora vir aquí cun conflito educativo antes de sentarse a falar e antes de coñecer o protocolo en sentido estrito é unha irresponsabilidade que, dende logo, eu veño denunciar aquí en nome da maioría dos galegos. (*Aplausos.*)

Mire, sobre as residencias da terceira idade. Non teño ningún inconveniente en falar das residencias da terceira idade, levo falando desde o mes de marzo, por suposto, e imos seguir falando. ¿Como non imos seguir falando se hai 25.000 galegos nelas? Pero, claro, resulta que falamos das residencias da terceira idade e nos atopamos con que a porcentaxe de persoas infectadas nas residencias da terceira idade en Galicia é das mellores de Europa —porque falar de España igual non lle parece ben—. Resulta que somos o segundo posto en



hospitalización e temos, en pacientes críticos, 4,07 pacientes por millón de habitantes e en España, 18,59. Non hai ningún parámetro, señoría, que nos deba facer pensar que todo o que facemos o estamos facendo mal, porque non é así e porque non é xusto dicilo.

Mire, temos que reflexionar sobre as residencias da terceira idade, señora Pontón, sen dúbida. E a reflexión tamén ten que ser sosegada e realista. Teña vostede a seguridade de que a Xunta de Galicia irá contra calquera tipo de residencia que non cumpra os parámetros e que iniciaremos informacións previas, como xa fixemos cando consideramos que non cumprían os parámetros, non teña vostede ningunha dúbida. Pero a reflexión do futuro, ¿cal é?, ¿seguir mellorando as residencias ou facer política coas residencias?

Sempre actuamos con absoluta contundencia. O 13 de marzo aprobamos o protocolo de actuación nas residencias da terceira idade, dez días antes que houbera un só protocolo en España. Fomos a primeira comunidade autónoma que interveu residencias en toda España —ja primeira!— e fomos a primeira comunidade autónoma que manifestou que todas as residencias da terceira idade tiñan que estar tuteladas pola Comunidade Autónoma; a primeira de España. Pero vostede, que quere tanto o país, ¿por que non pon en valor o que fixo o país? ¿Cre que é fácil xestionar este tipo de consideracións?

O 25 de marzo ditamos as primeiras residencias integradas, antes que calquera outra comunidade autónoma, e o 30 de marzo anticipámonos na intervención das residencias —foi a primeira decisión na intervención dunha residencia—. E, agora, cando aparece un brocho no Incio, actuamos de forma inmediata. Perdoe que lle lea un parágrafo do presidente da Sociedade Española de Xeriatria e Xerontoloxía: «*El rebrote por si mismo no supone una gestión inadecuada de la desescalada o del control da la infección, es la respuesta tardía a estos rebrotos lo que se debe evitar y minimizar al máximo*». E isto é o que estamos facendo, señorías. Polo tanto, non fagamos demagogia con este tipo de consideracións.

Agora resulta que as residencias concertadas ou privadas son residencias estigmatizadas, segundo o BNG. ¿Que ocorre?, ¿que non hai virus nos domicilios particulares?, ¿que non hai virus nas empresas?, ¿que non houbo incluso infección no Palacio da Moncloa? Señoría, ¿hai que facer público todo isto? ¿De verdade que vostedes están falando en serio nun tema tan complexo coma este, tratando de dicir que nós facemos negocio coas residencias e que temos algún interese coas residencias? ¡Pero, señora Pontón!

Liderar a oposición ten bastantes necesidades de altura de concepto, de documentación e de información. Non crea que é fácil. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non... ¡Alá vostedes, sigan así! Dende logo, hoxe a verdade é que non creo que a maioría dos galegos lle puxeran moi boa nota. (*Risos.*) O BNG reclama que todos os servizos sociais teñen que ser públicos e resulta que cando imos ver o que fai o BNG cando goberna pois resulta que non é así. A residencia da terceira idade de Ribadeo, propiedade da Deputación de Lugo e do Concello de Ribadeo, é de xestión privada... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —espero que non lle abran un expediente, señoría—. E despois, cando vemos os servizos de axuda no fogar que teñen os concellos en Galicia, decatámonos de que o 46 % dos concellos nacionalistas teñen xestión privada no servizo de axuda no fogar e resulta que cos alcaldes do PP, o 29 %. Pero, señora Pontón, ¿de verdade pensa que tamén somos parvos?



Non. Pódese xestionar con rigor, e se non hai rigor na xestión, hai expedientes sancionadores, inhabilitación, peche e clausura. (*Aplausos.*) Pero entrar agora neste tipo de consideracións é unha consideración inaxeitada.

Señoría, vostede trouxo aquí moitas promesas que se me imputan: prometo, prometo, prometo... Pódolle asegurar, señoría, que prometo non mentir tanto coma vostede nese parágrafo do seu discurso. (*Risos.*) Non, non, asegúrollo. Iso non supera nin un minuto de discusión seria.

Pero, ademais, hai unha cousa sorprendente, ¿vostede cre que os galegos cren todas as mentiras e que os galegos non valoran as súas verdades? Un discurso de investidura non creo que sexa o lugar máis oportuno para dicir que todos os galegos son suxeitos pasivos da mentira e non receptores da verdade.

Mire, señora Pontón, todo o que dixen está no *Diario de Sesións*, igual que todo o que dixó vostede, e é bo. Vostede leva máis tempo neste Parlamento ca min. Non teño ningún inconveniente en estudar o *Diario de Sesións*, as intervencións da señora Pontón e as intervencións do deputado Núñez Feijóo e ver, señoría, cal é o rigor das exposicións. Pero, vostede plantéxame un acordo, igual que o líder do Partido Socialista, e como nós estamos dispostos, resulta que, por introduci-lo no debate, copiamos a proposta de acordo. ¡Pois que sexa súa, non hai problema! ¿Queren vostedes a autoría da proposta do acordo de reactivación? Ningún problema, señora Pontón.

Mire, nós pensamos que debe haber unha comisión parlamentaria, porque este Parlamento representa a maioría; que debe haber unha comisión á que non se lle debe furtar o diálogo social, xa que son axentes democráticos que están votados nas urnas das empresas, igual que nas urnas dos cidadáns; por suposto, tamén unha representación dos empresarios e unha representación para nós —que imos seguir manténdoa— nun comité de expertos. Creo que se pode traballar con esta ferramenta. Dende logo, nós, así o plantexamos. Sería bo, señora Pontón, se vostede ten algunha influencia, que lle diga á CIG que se inclúa no diálogo social, (*Aplausos.*) porque isto de querer pactar, pero resulta que a central nacionalista non pacta nada, nin sequera se senta, pois ¡home! é un pouco complexo. Ao mellor é que vostede representa a central nacionalista. Bueno, polo menos no Parlamento se sentará, iso estará ben, pero invitámola. Está UXT, está Comisión Obreiras... Invitamos a CIG a que se sente ao diálogo social que imos iniciar, espero, de forma inmediata.

Mire, nós estamos a favor, señora Pontón, de falar co BNG, por suposto. E hai cousas moi importantes que pactamos co BNG. Xa sei que ás veces molesta recordar estas cousas, non as vou recordar. Soamente digo que con outros portavoces do BNG se pactaron cousas moi importantes, en materia de caixas de aforros, en materia de sanidade, en materia de financiamento. Pactamos cousas importantes, sería bo pactalas agora. Pero, empezar a dicir, para pactar unha axenda social, que nós somos os dos recortes... Señora Pontón, ¿de verdade que vostede quere un pacto con nós? ¿Que lle parece se lle digo que vostedes non cren para nada na sanidade pública do país e lle propono un pacto? Acabo de proponer un pacto na sanidade e ríen. ¡Se é que este é o problema, señoría! E que unha cousa é falar e outra cousa é facer. ¿Por que non podemos sacar a sanidade do debate público? ¿Por que? Bueno, se é o 44 %



dos nosos recursos, se abrangue a toda a sociedade e se estamos en plena pandemia, ¿por que non o podemos facer? ¿Tanto é pedir que o servizo esencial básico neste probablemente ano, ano e medio ou dous anos sexa un obxecto de pacto, que é a sanidade pública do país, e non entrar a ir en contra dos principios básicos da sanidade do país, que é dúbida da súa calidade? Di agora que o BNG está a favor das ofertas públicas de emprego masivas na sanidade, cando levamos pedindo iso hai un ano e medio. Señoría, di que o BNG xa o conseguiu en Madrid. Pero, señora Pontón, ¿de verdade vostede cre que isto é serio? Con todos os respectos, falar agora dos temas educativos cando o único que parece que aquí importa é o conflito na educación ou a dixitalización... ¡alá vostedes!

Mire, cando chegamos a Galicia, o 30 % do territorio non tiña nin internet, non existía. Hoxe está cuberto no 28 % do país, e o 2 % mediante medidas como o 5G e outras. Reducimos a fenda dixital da fachada atlántica do interior de Galicia en 30 puntos. Por primeira vez na nosa historia todas as escolas de Galicia están cubertas por internet con 100 megas, todas. Iso é histórico. ¿Como que non temos avanzado na fenda dixital? O 99 % dos centros públicos teñen un mínimo de 100 megas de cobertura de internet e temos máis de 120.000 alumnos con aulas dixitais. Claro que debemos de seguir avanzando. ¿Por que nos di que os temas da dependencia, os temas sociais, non os consideramos oportunos, nin traballamos niso, cando hai catro veces máis atendidos na dependencia agora que cando chegamos ao Goberno, en crise económica durante todos estes anos? No bipartito, 14.000; hoxe, 62.000 todos os meses. O servizo de axuda no fogar está multiplicado por 16, e as prazas de maiores. ¿Cantas residencias fixeron vostedes, porque non o recordo? O que si sei é que nós incrementamos un 44 % as prazas de residencias de maiores, e o total de centros de día, Alzheimer, prazas de discapacidade, o 55 %.

Mire, sería bo que vostedes, que teñen influencia no Goberno central, no Goberno central pasaran de financiar só o 24 % da dependencia a financiar o 50 %. Agora que estamos no goberno máis social da nosa historia, pois sería bo que pasasen, porque Galicia está sopor-tando o 76 % do financiamento en dependencia e o Goberno central o 24 %. Por conseguinte, toda a axenda social está á disposición. Non teña tan mal concepto da educación do país en comedores. Nos comedores hai un 10 % máis de prazas que cando chegamos, un 10 %.

No tema das máscaras, señoría, dende o principio solicitei o IVE reducido. Os gobernos de Madrid dixeron non, e a máscara ten un IVE do 21 %. Xa solucionaríamos boa parte dos problemas das familias galegas no ámbito educativo e en todos os ámbitos.

Na reactivación económica, estamos a favor, señora Pontón, de intentar buscar solucións e de buscar maiores implantacións empresariais. Gustaríanos que nos axudara, que cada vez que iniciamos unha explotación mineira non teñamos un problema; que cada vez que poñamos un parque eólico non teñamos un problema; que cada vez que intentamos diversificar o sector naval non teñamos unha discusión; que cada vez que busquemos a apertura dos nosos recursos naturais, cumprindo as normativas medioambientais, non sexan obxecto de discusión e obxecto de plataforma continuada e constante, porque Europa e España non están para isto, señorías, están para poñer todos os seus recursos de acordo coas leis medioambientais á disposición de tecer empregos e actividade económica.



Señoría, ¿por que non recoñece que nunca antes se fixera maior esforzo en innovación que agora, 591 millóns de euros, un 3,5 % máis que cando empezamos a lexislatura? Nos últimos anos en innovación Galicia creceu un 19 % e España, un 12 %. Creo que iso hai que poñelo en valor. ¿Por que non dicimos que hai 5.000 investigadores en Galicia que traballan todos os días no país —5.000— e por que non aceptamos que conseguimos no programa Talento reter ou atraer a máis de 1.500 profesionais? ¿Por que non poñemos en valor que todos os estudos de covid que foron seleccionados polo Instituto Carlos III e non obtiveron financiamento están financiados pola Comunidade Autónoma? ¿Por que temos esta visión tan negra, tan pesimista e tan deteriorada do noso país? ¿Por que, señora Pontón? Se os dous queremos o país, ¿por que non lle damos ao país o que lle corresponde, por que non aceptamos o que facemos ben e por que non melloramos aquilo que aínda non conseguimos mellorar? Se somos o primeiro produtor de automóviles neste momento en España, se conseguimos o cuarto turno en PSA-Peugeot-Citroën, a pesar da covid, supoño que será, entre outras cousas, porque facemos unha política de incentivación da formación bastante razoable. E agora resulta que nos acaban de confiscar 100 millóns de euros no presuposto das políticas activas de emprego e a vostede non a escoitei.

¿Que ocorrería se en vez do seu socio, o Partido Socialista, estivera o Partido Popular no Goberno do país e en plena crise económica e de emprego retrocede 100 millóns de euros as nosas políticas activas de emprego? Confío en que a ministra de Traballo os repoña, pero están no *Diario Oficial de Galicia* as ordes que convocamos e non podemos resolver porque nos confiscan 100 millóns de euros. Non escoitei a ningún nacionalista falar disto. «Iso non, porque todo o que sexa molestar ou diminuír as capacidades dun goberno doutro signo político a nós non nos interesa». A min si, porque creo que iso teñen dereito a sabelo os galegos.

Mire, señora Pontón, con todos os respectos, non sei exactamente de que se me acusa. Acúsaseme de non cumprir o Estatuto. ¡Pero, señora Pontón, se eu creo moitísimo máis no Estatuto ca vostede! ¿Como que non cumpro o Estatuto? Eu cumpro o Estatuto as 24 horas do día. (Risos.) Non sei por que ríen.

É a primeira vez que o BNG non falou da autopista do Atlántico, (Risos.) a primeira vez desde que eu recordo nos grandes debates. ¿Por que? Porque xa o tiña solucionado cando apoiou ao señor Sánchez, (Aplausos.) e resulta que dous anos despois nada se sabe da autopista do Atlántico.

Señora Pontón, dígollo con absoluto interese. Mire, apuntei as propostas do BNG: a banca pública galega, o concerto económico, a tarifa eléctrica e Galicia nación. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Xa, pero iso é realmente o BNG de sempre, (Risos.) o BNG dende que se fundou. ¿Pero de verdade que non evolucionamos nada?, ¿de verdade que vostede vai en contra de todos os profesores de Facenda pública de Galicia, que din que o concerto económico sería un disparate para o país? ¡E vostede agora resulta que vén aquí representar o país! ¿Pero que quere? Agora vai falar do imposto de sociedades xustamente cando non se recada. ¡É algo sorprendente! ¡Imos pedir agora o imposto de sociedades que non se recada!

Non, non, mire, imos falar en serio, se vostedes queren. Dos remanentes municipais, nin palabra o BNG. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, non, non, diso non. (Mur-



murios.) Non, non, non. ¿Imaxinan vostedes que estiveramos noutro lugar? (*Risos.*) Bueno, nós levamos solicitadas competencias para o país ao Goberno do señor Zapatero, ao Goberno do señor Sánchez e ao Goberno do señor Rajoy. Nós non mudamos, sendo incluso conselleiro de Obras Públicas plantexei o tema da autoestrada. Iso si, acaban agora de aprobar unha ponte en Sevilla —100 millóns de euros— sen peaxe, e a ponte de Rande, a pagala durante vinte anos. Daquela gobernaba o Partido Socialista co apoio do BNG. Pois non pasa nada, ¡non pasa nada! E nós, por pedir isto, facemos demagogia. Bueno, pois será así.

Respecto da moderación, señora Pontón, que vostede me veña falar de moderación é, dende logo, algo polo que aproveito para felicitala, e que ademais me enche de posible optimismo. Moderación, si, señora Pontón. ¡Moderación! Cando o BNG faga unha resposta axeitada ás cousas que facemos ben e critique as cousas que facemos mal, entraremos nun escenario de moderación. Pero a moderación lingüística non é a moderación nacionalista, señora Pontón. A moderación lingüística é a moderación do bilingüismo cordial e harmónico. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Mire como un deputado brillante do BNG sabe perfectamente cal é a nosa política lingüística. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

¿Que estamos preocupados polo uso do galego nos mozos? ¡Por suposto! Pero que os mozos saben máis galego que cando nós eramos mozos, ¡por suposto! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, ¿mentira? Bueno, ¡que máis dá, se total os do BNG sempre teñen razón! ¡Que máis dá! ¿Para que imos perder o tempo? Seguro que non viviron na miña aldea, pero é igual, vostedes viven noutros sitios.

Imos seguir traballando na moderación, a favor, señora Pontón; a favor dun estado autonómico descentralizado, a favor de desenvolver o Estatuto de autonomía, a favor de respectar a Constitución española, a favor de respectar a monarquía parlamentaria. Todo iso é a moderación. (*Risos.*) ¡Ah!, ¿rin? Bueno... Respectar a monarquía parlamentaria non é moderación, segundo os nacionalistas. Nós pensamos que si, pero se agora resulta que por falar da monarquía parlamentaria o BNG ri, pois, como é natural, hai algún problema de moderación que é conveniente seguir centrando nas seguintes sesións que teñamos no Parlamento.

Miren, señorías, con todo o respecto, falo con toda a vehemencia porque creo nisto, porque levo adicando a miña vida a isto e comprenderán que adicar unha vida a unha cousa na que non se cre non tería ningún sentido. E do mesmo xeito que a señora Pontón cre no que di e o señor Caballero tamén, os que estamos aquí, o señor Puy e eu, que somos os que tivemos a oportunidade de falar en representación dos demais, cremos nisto, e como cremos nisto, imos traballar; iso é o que lles propono.

Sería bo chegar a acordos, porque se non chegamos a acordos agora —dicía a señora Pontón—, no inicio, non imos chegar, seguro, durante toda a lexislatura. Se durante unha pandemia non somos capaces de chegar a acordos, estamos regular. Nós, na Conferencia de Presidentes, chegamos a acordos sen documentación; imaxine se temos capacidade para chegar a acordos. Porque eu non vexo o señor Sánchez como presidente do Partido Socialista. Non, non, para min é o presidente do meu goberno. Bueno, pero ¿a cantos acordos chegamos na Conferencia de Presidentes sen documentación? ¿Pero vostedes non falan cos seus colegas do Partido Socialista noutras comunidades? ¡Se nos convocan sen documentación! Iso si, na



primeira que tivemos documentación foi na de onte para firmar un manifesto en favor do inicio do curso educativo de acordo co protocolo axeitado. Non vou dicir que o líder do Partido Socialista en Galicia estivo en contra na Conferencia de Presidentes, porque, se non, comprenderá vostede que o deixaría en mal lugar, señor Caballero.

Por tanto, o que pon o protocolo é o que temos a obriga de cumprir, e o que non pon o protocolo deberíamos de intentar —dado que non foi obxecto de consenso— adialo para seguir mellorando o país.

Mire, os galegos, señorías, foron moi claros nas urnas, ampliaron o apoio a este proxecto, e Galicia ten un goberno autonómico co apoio da maioría dos cidadáns. Eu teño a honra de ter sido un candidato, e de ser un candidato, respaldado por un gran partido, o partido que gañou as eleccións. Este partido ten a honra de colleitar máis votos que todas as forzas políticas con ou sen representación parlamentaria nestas últimas eleccións, pero, dende logo, eu non vou tentar ser o presidente desta gran maioría, que sería perfectamente lexítimo. Vou intentar, se obteño a confianza desta Cámara, ser o presidente de todos os galegos e de todas as galegas. *(Aplausos.)*

Aqueles galegos que confiaron en nós e que confiaron en min como candidato á Presidencia da Xunta teñen a seguridade de que cumprerei a miña palabra. E a aqueles galegos que confiaron noutros partidos e que na noite electoral non estaban tan contentos o que lles podo asegurar é que estean tranquilos, porque, se son investido presidente, vou actuar como presidente de todos os galegos e de todas as galegas, e vou gobernar en consecuencia.

Por tanto, as eleccións xa foron, xa remataron, e se este Parlamento me outorga a confianza, os galegos non van ter un candidato nin van ter un partido senón que van ter un presidente e un goberno.

Xa non hai slogans, nin promesas, nin candidatos, haberá feitos, e xa non hai partidos que nos importen, polo menos a min. Se asumo a Presidencia da Xunta, o meu partido seguirá sendo o mesmo: Galicia. E por iso, señorías, quedo coa parte positiva ou propositiva do seu discurso. Son vostedes libres, sen dúbida, como fixeron en boa parte das súas intervencións, para seguir criticando o que fixo un goberno que acaba de ser validado polas urnas, para seguir criticando o que fixemos durante a última lexislatura e as lexislaturas anteriores.

Eu propóñolles —dado que insistir no mal que fixemos as cousas despois das eleccións non parece moi construtivo— que en vez de intentar volver gañar as eleccións —que non tocan ata o ano 2024— vaíamos gañar xuntos o futuro, cada un coa parcela que poida e coas propostas que considere oportunas.

Señoras e señores deputados nacionalistas, ademais de felicitalos polo seu resultado electoral, nós probablemente non nos imos poñer de acordo cando falemos de España, e non nos imos poñer de acordo porque a vostedes non lles gusta España, e ademais a vostedes ás veces dá a sensación de que non lles importa o que ocorra en España. A nós si, porque somos españois, porque a nosa nación é España, porque cremos na Constitución española, no Es-



tatuto de autonomía, e imos defender a Constitución e o Estatuto de autonomía durante toda a lexislatura. *(Aplausos.)* Pero, salvo iso, podemos falar de moitas cousas.

E seguro, señorías do Partido Socialista Obreiro Español-PSdeG, que tampouco nos imos poñer de acordo en dicir que o Goberno central é o mellor goberno posible e que todo o que se di na Moncloa é oráculo que temos que cumprir. Pero eu creo que nos podemos poñer de acordo en espazos de entendemento. E hai un espazo tan grande que se chama Galicia, na que seguro que hai moitos recunchos para poñerse de acordo, e, por tanto, do mesmo xeito que me pedirán que non vaia en contra da maioría dos galegos que votaron, eu tamén son perfectamente consciente de que vostedes non van estar de acordo con cuestións que nós propoñamos.

Pero, ¿por que non buscar realmente acordos concretos? Se do que se trata é de reforzar a unidade e a convivencia, pódolle asegurar que non vou ter ningún prexuízo. Se do que se trata é de que poidamos loitar con máis forza contras as consecuencias sanitarias, económicas e sociais desta crise, o meu goberno non vai establecer ningún tipo de cordón sanitario. E, por suposto, non lle porei xa máis ningún veto a ninguén; non lle porei ningún veto a ninguén que queira traballar por Galicia, sexa nacionalista ou socialista.

Eu non lle vou pedir nunca que renunciem aos seus principios nin á súa forma de entender Galicia, e estou convencido de que vostedes non me van pedir nunca que renuncie aos principios que representamos. Eu non me atrevo nin sequera a pedirilles o seu voto, nin sequera me atrevo a pedirilles a súa abstención —o cal me parecería unha decisión moi intelixente—, pero, dende logo, o que si lles vou pedir é axuda, porque o que temos por diante necesita a axuda de todos. E antes deste último turno da tarde, eu veño pedir axuda, porque levo tempo xestionando o país e nunca vivín unha situación como a que está vivindo España e a que van vivir as partes que a compoñen, como esta nacionalidade que se chama Galicia.

Por iso veño pedir axuda, porque creo que nos vai facer falta, e veño pedir axuda porque os galegos o precisan, e, dende logo, porque os galegos e as galegas o merecen.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Feijóo.

Suspendemos a sesión ata as cinco da tarde, ás dezasete horas.

Suspéndese a sesión á unha e trinta e cinco minutos da tarde e retómase ás cinco e cinco minutos da tarde.

Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia. (Continuación.)

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.



Reanudamos a sesión.

E antes comunícolles a todas as deputadas e todos os deputados que foi dirixido un escrito á Mesa do Parlamento, que a Mesa cualificou e aprobou, no que se solicitaba a delegación de voto da señora González Albert, por non poder asistir a esta sesión, na señora Pontón, a portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Entón, realizamos a sesión. Corresponde agora unha rolda de dez minutos por cada grupo parlamentario; todo iso tamén de acordo co recollido no artigo 136.5 do Regulamento. Tras este debate, no que contestará no último turno o candidato á Presidencia, levarase a cabo a votación. De momento, eu non lles podo comunicar cal é a hora exacta da votación, pero comunicareino con tempo suficiente cando remate o debate. A votación será pública e farase o chamamento por orde alfabética do primeiro apelido, comezando polo deputado ou deputada cuxo nome sexa sacado á sorte, agás os membros do Goberno en funcións e mais os membros da Mesa da Cámara, que votarán ao final. As súas señorías responderán dende o propio escano cun «si», «non» ou «abstención». O candidato será elixido se obtén os votos da maioría absoluta. Esta elección comportará a aprobación do programa de goberno, segundo o artigo 136 do Regulamento.

Polo tanto, agora comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios.

Ten, en primeiro lugar, a palabra, por un tempo de dez minutos, o portavoz do Grupo Parlamentario Socialista, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Señor presidente, señoras e señores deputados, Galicia é un gran país. Un país de xente traballadora; de cidadáns comprometidos, con valores, con plantexamentos; de xente que ao longo da historia amosou como o compromiso co seu ben facer leva adiante o conxunto da nosa comunidade. Estamos vivindo momentos de enorme complexidade, como en todo o mundo, ante unha crise desta dimensión sanitaria, económica e social. E, por iso, queremoslle dicir ao candidato á Presidencia da Xunta que ten a man tendida do PSdeG-PSOE dende a oposición; dende unha oposición crítica que vai traballar para axudar o Goberno da Xunta de Galicia a dar as mellores respostas nos momentos máis complexos. Por iso defendemos que ten que ser a lexislatura da protección das persoas e que se teñen que buscar avances neses catro grandes acordos: o da prioridade social, o da recuperación económica, o da rexeneración democrática e da calidade institucional e o do autogoberno. Nesa liña imos traballar.

E imos traballar na liña da economía, señor Feijóo, porque cando a vostede lle dan os datos reais vostede sinala que alguén fala dunha apocalipse. E algúns dámoslle datos de forma real, de forma fehaciente. Vostede chegou a plantexar aquí que saímos da crise do ano 2009 na que nos deixou o Goberno de España e na que agora nos deixa outro novo goberno. ¿É que non se enterou vostede de que houbo unha gran recesión e agora unha gran pandemia? Ese maniqueísmo de buscar responsables dunha determinada liña é errado e a cidadanía non o entende. Porque ata o Partido Popular de Europa está mudando os seus plantexamentos, e parece que vostedes, o Partido Popular de Galicia, non se queren resignar a ver que hai outra opción á da política da ortodoxia e que esa política da austeridade que vostedes de-



fenderon —e seguen, parece, defendendo— ten que pasar páxina ante unha crise desta envergadura.

Vostede quere sinalar que o PIB per cápita creceu ao longo destes dez anos de forma importante. Eu voulle poñer un exemplo moi claro que os galegos e galegas que nos seguen dende a Televisión de Galicia poden entender con moita claridade: unha familia galega con dous pais —un pai e unha nai— e dous fillos teñen un determinado nivel de renda per cápita. Se un dos fillos se vai de Galicia, a renda per cápita sobe, pero o país vai a peor e esa familia está nunha situación máis complexa. (*Aplausos.*) Esa é a realidade dos feitos. (*Aplausos.*)

Eu sei, señor Feijóo, que vostede sabe contar. Eu sei que sabe contar, pero tamén sei que vostede sabe contar contos; contos económicos para non darlle a realidade ao noso país; a realidade dun país que está preocupado polo que está acontecendo e que se atopa cun presidente da Xunta de Galicia que non quere poñerse coa empatía necesaria ante unha situación tan complexa.

Pedímoslle hoxe que vostede corrobórase aquí, nesta sesión de investidura, que vai levar adiante esa oferta de 15.000 prazas públicas á que se comprometeu na campaña electoral. E, vólvolle pedir: cumpra ese compromiso. Igual que lle imos pedir que cumpra no ámbito da política sanitaria. Temos visións distintas, pero parécenos de máxima gravidade que vostede queira hoxe plantexar aquí un pacto de silencio para non falar da sanidade pública, que vostede diga que debemos retirar o debate da sanidade pública, cando é un debate democrático, lexítimo, para ter as mellores políticas e para controlar o Goberno ante os recortes. (*Aplausos.*) E por aí non podemos pasar, temos que defender a sanidade pública con total claridade. (*Aplausos.*)

Nós non coñecemos a proposta de lei orgánica de saúde da que vostede fala. Pode ser que a coñeza o Grupo do Partido Popular, os demais non. Sabemos que fala de moitas cuestións, pero tamén é certo que vostede non di toda a verdade cando non recoñece que a Lei orgánica do estado de alarma, no apartado 4.b), fala directamente do estado de alarma para dar resposta a esas situacións de pandemias, de crises sanitarias. Iso está na lexislación. E se hai posibilidade de mellorar, fágase, pero fágao vostede tamén co seu partido; que acuda ao Congreso dos Deputados coa iniciativa lexislativa e que represente todo o Partido Popular para non ter distintas propostas en función de quen governe do Partido Popular nunha comunidade ou noutra. (*Aplausos.*)

Eu quérolle pedir, ademais, que se poñan a traballar no inicio do curso escolar. Sabemos que hai protocolo, que había un da consellería que logo se anunciou que se retrasaba, pero hai neste momento unha enorme preocupación. Haina en toda España, pero aquí os deberes se fixeron peor e menos que en ningún lugar. Mentres outras comunidades autónomas dende o mes de xullo empezaron a contratar profesores extra para poder reforzar o inicio, aquí non se fixo nada. De repente, empeza o curso escolar e todos os pais e nais de Galicia estamos fundamentalmente preocupados porque non cumpriron co esforzo necesario, e agora chegamos tarde. Fagan todo o posible para iniciar este curso escolar con normalidade.

A noticia do día, señor Feijóo, desgraciadamente, deuna vostede: o candidato á Presidencia da Xunta de Galicia négase a que se abra unha comisión de investigación para ver que acon-



teceu nas residencias na nosa comunidade. E creo que é algo fondamentale preocupante porque a vostede lle fallou o subconsciente. Dixo que non quería unha comisión de investigación para que o investigásemos a vostede e ao Grupo do Partido Popular. E nós non queremos investigar ningún partido político, queremos aclarar os feitos, cumprir cunha débeda moral coas vítimas e coas familias das vítimas, aprender dos erros, explicar que pasou en residencias con tantos contaxios e explicar que pasou cos protocolos. E, por iso, pídlle que rectifique, que dea un paso adiante e que sexa partidario de abrir esa comisión de investigación na que ten o compromiso do grupo parlamentario de actuar con responsabilidade diante dos feitos e coas familias por diante. *(Aplausos.)* Debémosllo a Galicia e debémosllelo aos galegos. *(Aplausos.)*

Señor Feijóo, hai que acadar acordos. E hai que acadar acordos a todos os niveis: nos grupos parlamentarios, entre as forzas sociais e tamén cos concellos; dende logo, coa Federación Galega de Municipios e Provincias, aquela que vostede convocaba na CECOP de forma continua ata o mes de xullo, pero é que agora xa non convocan a CECOP. Polo tanto, a coordinación implica tamén iso, pero ademais é positivo que o presidente da Xunta de Galicia fale, dialogue e sente cos alcaldes e alcaldesas do noso país. E por iso lle dicía que, ademais de falar coa dirección da Federación Galega de Municipios e Provincias, sería positivo que sente tamén os alcaldes e alcaldesas das sete grandes cidades galegas ou, se quere vostede, dos vinte principais municipios ou dos que teñen máis de vinte mil habitantes para que haxa ese diálogo diario, ese diálogo fecundo entre a Administración autonómica e uns concellos que traballan tanto e arreo alí onde o Goberno da Xunta non chega.

E, por certo, ¿e de Ourense, para cando? ¿Vai falar de Ourense? ¿Vai falar vostede do pacto letal que lle marcou á terceira cidade máis importante de Galicia? ¿Vai manter o pacto que os seus representantes do PP seguen tendo con Jácome nun exercicio de indignidade, de esperpento e de inacción? ¿Por que non fala da súa responsabilidade onde está o alcalde que o Partido Popular puxo nunha das cidades máis grandes de Galicia? *(Aplausos.)* Fale de Ourense e arranxe a política municipal de Ourense porque queda unha lexislatura moi longa e lle debe ese compromiso despois de poñer ese resultado letal.

É hora de falar de moitos aspectos fundamentais. Agora a prioridade é a resposta fronte á crise económica, social e sanitaria. Eu díxenlle que a resposta institucional hai que facela co Estatuto de autonomía, que dá as competencias ao Goberno da Xunta nas materias fundamentais para facer fronte a esta crise económica, social e sanitaria. Non se trata de que o candidato á Presidencia da Xunta de Galicia aspire a ser o líder da oposición ao Goberno de España; trátase de que o candidato á Presidencia da Xunta execute, exerza as súas responsabilidades cos galegos e coas galegas. Polo tanto, esa é a nosa liña de acción.

Cando se superen os momentos máis complexos desta crise da covid, terá vostede tamén a man tendida do PSdeG-PSOE para falar da reforma do Estatuto. Primeiro, a crise da covid, pero, se todo evoluciona como esperamos e chegamos a unha parte da lexislatura na que toda a cuestión sanitaria, económica e social da crise está suficientemente despexada, nós estamos dispostos a falar da reforma do Estatuto; a falar para facer unha reforma que permita ter un deseño institucional máis eficiente para facer boas políticas públicas, para defender as persoas. Porque nós non cremos na autodeterminación; nós cremos nunha acción



política que poña as persoas por riba de calquera outra clase. E, nesa liña, pedímoslles a todos os grupos parlamentarios que estean abertos a ese traballo, a actualizar o Estatuto, non para poñer ningunha causa colectiva por riba das persoas, senón para que na lexislatura das persoas teñamos tamén o mellor instrumento estatutario para facer as mellores políticas públicas en sanidade, en educación, en residencias e en tantos ámbitos que temos. Esa vai ser tamén a disposición do PSdeG.

Queremos tamén sinalar nesta intervención que temos por diante uns anos de moita complexidade e nos que hai uns fondos europeos que van supoñer tamén unha oportunidade para saber afrontar esta crise, que os fondos que vai haber dende a Unión Europea para os distintos estados, tamén para un estado autonómico como é o de España, temos que ver como aproveitálos, e queremos contribuír e colaborar dende esa comisión ou dende onde se plantexe, dende a oposición, porque teño plantexamentos distintos aos seus, pero respectamos o resultado das urnas nestas eleccións e que vostedes teñen, dende logo, a maioría para gobernar. Pero querémoslle dicir que temos que facer fronte a eses retos de dixitalización, de transición ecolóxica, de novas relacións sociais. Non podemos perder o tren de aproveitar que nesta crise, cos fondos que van chegar de Europa, non fagamos as reformas e as aportacións estratéxicas necesarias para poñernos ao día, para non quedar atrás, porque xa tivemos a experiencia de tantos fondos ás veces que non foron aproveitados en toda a súa magnitude.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Decía Celso Emilio Ferreiro que «o povo quere terra/ coma Anteo na fábula./ A terra quere povo/ para ser fecundada./ Nunca virá de fóra/ remedio ou esperanza.» Eu creo que de fóra pode haber remedios ou esperanzas, pero creo que temos que cumprir cun proxecto de país que dea tamén a eses fondos europeos un impulso suficiente para conseguir ter unha Galicia de máis oportunidades e unha Galicia de futuro, e para iso terá a man tendida.

Señor candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, as diferenzas de proxecto, de medidas, de ideas entre o Partido Popular e o Partido Socialista para estes catro anos evidencian que, dando resposta á mensaxe dos nosos votantes, o PSdeG está e estará na oposición, pero quero desexarlle toda a sorte e todo o mellor goberno para estes catro anos, porque a súa sorte é tamén a sorte de todos os galegos e galegas.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señores e señoras deputadas, señor candidato á Presidencia da Xunta, mentres nós estamos celebrando hoxe aquí este debate, hai miles de cidadáns que



nas súas casas ou nos seus postos de traballo están mirando cara a nós e quizais pensen se os temos en conta cando subimos a esta tribuna. Iso é o que creo que temos que ter presente, que neste país hoxe hai miles de persoas que teñen medo e que teñen medo porque non saben que vai pasar co seu traballo, porque quizais desconfían de que no futuro non se van poder seguir facendo cargo das súas facturas, que teñen medo pola súa saúde e que teñen medo porque estamos a poucos días de iniciarse o curso escolar e non hai garantías desa seguridade para os nenos e nenas, ou tamén que teñen medo porque teñen persoas maiores nunha residencia e saben que son un colectivo de risco e que necesitan que haxa protección por parte das autoridades sanitarias.

Creo que o noso reto e a maior responsabilidade que temos hoxe é darlles solucións reais aos problemas que ten esa cidadanía e non vir a este Parlamento a unha guerra de cifras e a un pim, pam, pum que non lles vale absolutamente para nada, senón que hai que darlles solucións. E por iso eu quero reiterar desde esta tribuna que esa é a principal preocupación do BNG, a de sacar adiante o país no medio da principal crise sanitaria e económica que levamos vivido nas últimas décadas, e que a nosa responsabilidade — máis a do Goberno, pero tamén a do conxunto dos deputados e das deputadas— é aportar para poder erguer o país nunha situación moi difícil e poñer por diante os intereses de Galiza. E eu quero que quede claro que esa é a vontade do BNG, a de traballar por todas e cada unha das persoas deste país, pensen o que pensen, votasen a quen votasen, porque, desde logo, é o reto máis importante que nós temos como sociedade. *(Aplausos.)*

E por iso eu quero insistir en que non é baladí como queremos construír acordos. Nós entendemos que ante unha situación excepcional como a que estamos vivindo é importante que todos e todas nos poidamos sentar na mesma mesa, que ese acordo non se conciba desde a rutina dun goberno que elabora un plan, que o remite ao Parlamento e que usa a súa maioría absoluta para sacalo adiante, e que construíamos realmente ese gran acordo de país sentándonos todos e todas a falar e a aportar as diferentes visións e ideas que existen na sociedade galega, porque a sociedade galega é plural, non hai unha sociedade monopartita. Galiza é un país onde hai visións diferentes de como debe articularse o futuro. E nós temos a responsabilidade de traer aquí esas diferentes alternativas e de buscar aqueles puntos de encontro que nos permitan avanzar.

Por iso, señor Feijóo, gustaríame que non veña aquí a piñón fixo e simplemente a dicir que non porque as propostas veñen da oposición e que valore seriamente o que nós lle estamos trasladando, porque para construír un acordo de país á altura da situación que estamos vivindo neste momento é necesario que fuxamos da rutina e que teñamos realmente un espazo onde os diferentes sectores da sociedade galega —partidos políticos, sindicatos, organizacións empresariais, as universidades, os concellos e os sectores máis dinámicos da sociedade galega— teñamos un foro onde acordar e traballar polo ben do país. É un ofrecemento sincero, e gustaríame oír de vostede algo máis que un chascarrillo no momento no que estamos vivindo a situación máis difícil do país dos últimos tempos. *(Aplausos.)*

Porque, mire, é evidente que entre o Partido Popular e o BNG hai moitas diferenzas a respecto de como concibimos a política, de como concibimos o país e de cal é a nosa ideoloxía, pero tamén pode crerme cando lle desexo sinceramente que o goberno que vaia conformar



nos próximos días sexa un goberno que acerte, porque os seus acertos serán os de todos e de todas, e estamos nun momento no que debe de acertar, en primeiro lugar, para salvaguardar a vida e a saúde das persoas e, en segundo lugar, para salvaguardar o futuro económico deste país. E isto eu sei que é un reto importante que vai requirir de moito máis que o que viña facendo o seu goberno.

Para acertar é importante ter unha diagnose realista de cal é o punto de partida e tamén recoñecer que hai cousas que non se están facendo ben, porque se vostede vén aquí como veu pola mañá a dicirnos que hai unha Galiza onde todo está ben, onde non hai nada que modificar, porque o seu goberno xa ten claro o que hai que facer, e que todo o que leva feito está perfecto e ademais son infalibles —porque non recoñecen que no medio dunha pandemia como esta se están facendo algunhas cousas mal—, iso si que me preocupa, señor Feijóo, porque se non recoñecen os erros provocará que os galegos e galegas teñan que seguir pagando as consecuencias da súa falta de autocrítica. (*Aplausos.*) Iso si que me parece grave.

É que chega a un punto en que, fíxese, acaba crendo as súas propias mentiras. Mire, vostede díxonos aquí, por exemplo, que había máis emprego. ¡Pero se hai menos xente ocupada que cando vostede veu! Só temos que ir ás estatísticas para velos. Ou mesmo chegou a afirmar —nun tema no que tampouco é que queira centrar demasiado o debate, pero é que me parece moi exemplificante de como vostede distorsiona a realidade— que no caso de Meirás o primeiro informe que se fixera fora o da Xunta e que logo foran o resto de institucións a rebufo. ¡É que non foi así, señor Feijóo! O primeiro informe que se fixo foi o da Deputación da Coruña, que concretamente fixeron público o 27 de febreiro, e logo a Xunta fixo público un informe a finais de xuño. E a sentenza que todos e todas recoñecemos como un éxito de Galiza afortunadamente o que vén dicir é que o informe da Deputación da Coruña vai na liña correcta, e non lle fai moito caso ao informe da Xunta nalgún aspecto, como, por exemplo, en que había que indemnizar a familia Franco. Iso foi o que pasou, e dígollo simplemente porque, claro, vén aquí e distorsiona a realidade; faino co caso de Meirás, pero faino tamén con outros temas que son máis preocupantes.

Vostede é que volveu aquí dicir que os recortes en sanidade non existiron, e isto é unha tomadura de pelo. Quixo esconder detrás dunha pandemia o grave problema que hai na sanidade, e moi concretamente na atención primaria. Eu podía —e quero facelo— recordarlle que neste país nos últimos anos houbo grandes mobilizacións dos traballadores e traballadoras da atención primaria en contra da súa política sanitaria, porque quen ataca a sanidade non é quen denuncia os recortes, é quen precariza as condicións de traballo dos traballadores e traballadoras da sanidade. (*Aplausos.*)

¿Sabe que dicían os xefes de servizo de atención primaria cando a finais de 2018 dimitiron en bloque pola súa política sanitaria? Dicían: «Os xefes de servizo decidimos dimitir porque estivemos organizando as carencias da sanidade pública, pero non se pode organizar a miseria. O sistema mantense polo sobreesforzo dos profesionais». Iso é o que dicían os xefes de servizo de atención primaria neste país e, desde logo, paréceme deshonesto querer esconder os problemas que ten a nosa sanidade detrás dunha pandemia. Non o faga, porque está xogando coa sanidade do futuro. (*Aplausos.*)



Mire, recortou máis de 2.000 millóns de euros en atención primaria, que hoxe ten menos recursos que cando vostede chegou á Xunta de Galiza. E ou mente vostede ou mente o Estatuto Galego de Estatística, porque hai menos camas instaladas nos hospitais galegos que cando vostede chegou á Xunta de Galiza. *(Aplausos.)* É o que di o Instituto Galego de Estatística. E, ademais, fíxese se hai problemas nese ámbito que vostede, para que Galiza cumprira cos criterios do plan de desescalada, tivo que incluír camas que non existen, que habería que instalar en polideportivos para poder cumprir os criterios; incluíu os hospitais de campaña para poder cumprir cos criterios de desescalada.

Desde logo, señor Feijóo, creo que se vostede o que pretende é continuar con esta política sanitaria se vai equivocar e vai cometer un erro histórico para o futuro deste país. *(Aplausos.)* E reitérolle —porque me queda moi pouco tempo— que si, a min me parece que é vergoñento o que pasou nas residencias de maiores, o que levan dito a respecto dese tema e que non queiran recoñecer os erros. E paréceme, ademais, alarmante que nos digan que o fan ben porque outros o fan peor; como outros o fan peor, vostede cre que as cousas van ben. Non creo que ese sexa un argumento que poida utilizar ante ningunha persoa deste país.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Esa é unha parte do problema, que vostede, en vez de compararse con quen o fai ben, compárase continuamente cos peores, e Galiza merece ter un goberno que quere que este sexa un exemplo de país. Necesitamos un goberno con ambición, un goberno que confíe nas nosas posibilidades para poder saír adiante.

Hai un momento no que todos e todas temos que traballar polo ben de Galiza. Eu e o meu grupo somos xente humilde que coa mellor das vontades vimos a este Parlamento a dar o mellor de nós para sacar a Galiza adiante. E, á marxe das diferenzas, queremos poñer os galegos e galegas por diante desas diferenzas. Cremos que este é o momento dun grande acordo de país e, de verdade, señor Feijóo, creo que Galiza merece algo máis que a súa rutina e que os seus chascarrillos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, eu esta mañá saín de aquí —e agora, sobre todo, coa última parte da última intervención— un pouco confundido, porque estamos nun debate de investidura e non nun debate do Estado de autonomía previo a unhas eleccións.

Certamente, podemos discutir datos, señor Caballero: se o que marcha da familia é o fillo que traballa, o PIB cae —polo tanto, eses exemplos tampouco son, quizais, demasiado in-



teresantes—. Cae o PIB per cápita se o que marcha é o que traballa; se o que marcha é un neno, pois, efectivamente, o PIB per cápita sobe, pero porque vai estudar.

Pero tampouco é momento agora de entrar nestas cousas; o feito é que o PIB per cápita subiu, e iso é unha magnífica noticia, porque cando diminúe a poboación, a capacidade produtiva dun país cae. Polo tanto, Galicia, a pesar de ter unha mala situación demográfica, está mellorando moito a eficiencia da súa economía porque sobe a produción per cápita, e iso é unha boa noticia.

Igual que é unha boa noticia que o xulgado fallara a favor da avogacía do Estado seguindo os informes xurídicos; entre outros, o que lle mandou este Parlamento e que elaborou a Xunta por encargo desta Cámara, porque iso é un gran triunfo de todo o país. E todo sumou porque, como di a sentenza, o importante é que había un amplo consenso social, e diso é do que temos que estar satisfeitos, é a lección que hai que aprender. Se imos xuntos coa razón por diante, conseguimos os obxectivos; se imos separados, o máis probable é que non houbera sentenza. Esa creo que é a principal lección do tema de Meirás.

Eu dicía que non estamos rendendo balance. Nestes momentos xa falou o pobo de Galicia, e deu un resultado moi claro: 42 deputados ao proxecto do Partido Popular, 19 ao do Bloque Nacionalista Galego e 14 ao do Partido Socialista. Se eu estivese na oposición, o que entendería é que, despois de catro vitorias consecutivas por maioría absoluta, mesmo incrementando porcentaxes nunha situación de crise económica como a que vivimos, e agora nunha situación de pandemia xestionada por este goberno, non se pode dicir que está todo mal. A vostede preocúpao que o señor Feijóo diga o que está ben, e a min o que me preocupa é que a oposición siga dicindo que está todo mal. Realmente, desde un punto de vista político, non me preocupa demasiado. Como comeceamos a lexislatura outra vez falando da década negra, de que todo está mal, de que a sanidade se está destruíndo etc., supoño que teremos, en vez de catro, cinco lexislaturas por maioría absoluta para gobernar. (*Aplausos.*)

O feito é que as eleccións o que deron é unha vantaxe a Galicia: a vantaxe de ter estabilidade e a de ter un goberno estable con catro anos por diante. Pero, certamente, temos un problema diante que xera a peor situación coa que un goberno ten que lidar. Eu dixen esta mañá —e repito— que Galicia está no país, en España, que ten os peores resultados sanitarios e económicos de Europa. E, polo tanto, iso é algo que todos teríamos que pensar. Certamente, Galicia —e ao mellor por iso tamén temos a maioría que temos— está significativamente mellor que a media, o cal non é un consolo; nin sequera estar un pouquiño mellor no ámbito económico que Portugal, polos últimos datos que coñecemos.

O importante é que temos confianza no país; o importante é que temos confianza no presidente, e temos esa confianza porque actúa con responsabilidade, porque se nota que aprendeu, ademais, dos feitos. Vostedes seguen coa idea de que se está dicindo o mesmo que se dixo sempre. Eu creo que, se algo demostrou a xestión da crise nos últimos meses, foi a importancia da anticipación e da reacción rápida. Onde vostedes ven cambios de criterio como, por exemplo, por que se fixo unha cousa na Coruña e outra en Santiago, pois dígolles que foi porque se viu na Coruña que pechar máis tarde, cando había un contaxio nun ximnasio, era perigoso, porque despois se expandía moito. E desa lección aprende Santiago: cando apa-



rece nun ximnasio, loxicamente, tómanse as medidas antes. Iso é reaccionar e anticiparse, non é non ter criterio.

Din que non se está a facer nada. Pois, ¡home!, o rexistro de viaxeiros, que eu saiba, fíxoo a Xunta, non o Ministerio. As medidas de contención nas comarcas da Mariña e da Coruña, ou recentemente no barrio de Lugo —ou, máis recentemente, en distintas cidades—, tamén foi o conselleiro de Sanidade quen as puxo; non foi ningún ministro. ¿Que administración está a facer cribados no persoal docente, no das escolas infantís, nos temporeiros, nos empregados da industria...? Creo que está clara cal é a resposta. ¿Quen acaba de publicar no DOG un protocolo para ordenar os procesos de corentena e illamento e establecer un réxime sancionador para quen o incumpra? A Xunta. Quizais debería telo feito o Ministerio, pero fíxoo a Xunta. ¿Quen impulsou a prohibición de fumar cando non hai distancia de seguridade que evite o contaxio a través do aire? Foi a Xunta. Engadiuna uns días despois o Ministerio. ¿Quen desenvolveu un protocolo educativo que impoñía a máscara obrigatoria no alumnado a partir dos 6 anos? Foi a Xunta; iso si, uns días despois, tamén o Ministerio.

E o que é máis importante: ¿como se implantaron ou como se impulsaron estas medidas? Pois, fíxose, primeiro, contando cos concellos, e dialogando coas alcaldías, coa Fegamp e coa delegación do Goberno a través do CECOP, e as medidas despois leváronse a España, con propostas aos consellos interterritoriais e ás conferencias sectoriais e mesmo, como esta mañá chegou a reprocharse, mandando proxectos de lei ao Estado para contribuír desde Galicia a dar saídas a unha mellor xestión da pandemia.

Ademais de todo isto, de actuar con reacción, con urxencia, para resolver os problemas, tamén aprendemos a importancia dos expertos; todo isto foi da man de expertos. Insisto: en Galicia hai un comité de expertos coñecido, con nomes e apelidos, non como noutros lados. E tamén aprendemos a importancia das institucións, porque reducen a incerteza. Vimos que a Autonomía funciona, porque está máis próxima e coñece mellor a realidade á hora de facer confinamentos; vimos que o Estado tamén funciona, porque ten instrumentos para, cando a situación se desborda, xerar o estado de alarma, e vimos que a Unión Europea funciona porque, se non é por ela, nestes momentos, como ben dixo o candidato esta mañá, Galicia —España— está vivindo ao creto que dá o Banco Central Europeo e, por suposto, a esperanza de recuperación da nosa economía pasa polos fondos que, por primeira vez, cun endebedamento consorciado de todos os países da Unión Europea, nos van dar.

A crise, evidentemente, tamén demostrou que hai necesidades de axustes. Eu creo que o candidato fixo un bo argumento a favor do cogoberno. Todos nos alegrámos cando se falou do ingreso mínimo vital; todos dixemos que o lóxico era que o xestionaran as comunidades autónomas que tiñan experiencia; déuselles a dúas comunidades autónomas. Resultado: o 1 % dos solicitantes do ingreso mínimo vital téñeno cobrado no día de hoxe e, ademais, os que deixaron as rendas básicas autonómicas quedaron sen renda, porque nin recibe un nin recibe outro.

É necesaria a coordinación. ¡É necesaria a coordinación tamén nas cuestións financeiras! Estamos vendo que ningún grupo da oposición fixo comentarios sobre a repartición dos fondos educativos, e a min isto chámame poderosamente a atención, porque esa é a clave. Pó-



dese dicir que se vai facer, que se vai contratar... Pero, ao final, todo iso ten que ter detrás un respaldo financeiro. E, ademais, é necesaria a transparencia e a obxectividade na repartición dos fondos; non pode ser que os fondos de educación saian dos criterios racionais que teñen en conta o custo de prestación do servizo educativo en cada comunidade autónoma, por exemplo, en Galicia, a dispersión e o transporte.

Sobre isto xa houbo unha alusión, que foi a alusión a un novo cupo —e se non é ao cupo, que é maximalista, ao imposto de sociedades—. Ben, hai outro autor, Ivan Krastev, que dixo que unha lección da pandemia —que eu esta mañá xa non trouxen a colación— é que a ruptura das redes de subministración e a clara interdependencia económica que hai entre as nacións demostran, entre outras cousas, que o nacionalismo é economicamente insostible. E hoxe a líder nacionalista deunos un claro exemplo pedindo a transparencia do imposto de sociedades. Resulta que o imposto de sociedades, que ten toda a lóxica redistributiva no ámbito no que traballa o mercado, no que traballa esa empresa, é un problema para España, porque as empresas cotizan fóra; é un problema para a Unión Europea, porque as empresas que traballan en Europa cotizan fóra; e é un problema internacional ata o punto de que se están poñendo impostos sobre as transaccións internacionais para controlar algo as grandes corporacións, que non hai quen siga porque as empresas tenden a domiciliarse por incentivos fiscais, e a gran solución económica para Galicia é o imposto de sociedades. Eu creo que, se contamos con iso para financiar todo o gasto que se propuxo, se fai certa a frase de Krastev: «o nacionalismo leva á ruína económica». (Aplausos.) E, se hai algunha dúbida polo movemento das empresas ante decisións políticas, recorden o que pasou cando empezou o *procés* e se fixo a declaración de independencia. ¿Onde se domiciliaron unha boa parte das máis importantes empresas catalás?

A pandemia ten cousas positivas. Eu creo que o aprecio ao común, ao que nos une como seres humanos, o apoio e a solidariedade coas vítimas da enfermidade axudan a quen sofre a continxencia ao sentirmos todos vulnerables...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...tamén a predisposición ao traballo conxunto e común —eu creo que tamén o presidente recolleu isto—, cunha comisión no Parlamento na que esperemos que esas ofertas de diálogo sexan sinceras e produtivas, e a través do diálogo social.

Presidente, eu quero, en nome do grupo maioritario, darlle a en hora boa: é vostede un caso único, con catro maiorías suficientes para gobernar, no contorno democrático no que nos movemos e, ademais, subindo porcentaxes de apoio. Isto non pode ser outra cousa que o resultado do traballo responsable, do traballo ben feito, da súa confianza en Galicia; unha confianza en Galicia que creo que compartimos todos os grupos. De aí tamén que tendamos a man aos grupos da oposición, porque a tarefa que temos por diante é inxente.

Presidente, moita sorte, moito acerto, e saiba que conta coa maioría da Cámara —que é o mesmo que dicir coa maioría de Galicia— para traballar pola superación desta pandemia. Estou seguro de que o conseguiremos.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Puy.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Turno de dúplica do candidato.

Ten a palabra o señor Núñez Feijóo.

O señor CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Caballero, moitísimas grazas pola man tendida que resumiu a súa primeira parte da intervención. Imos ver se somos capaces de concretar o contido e o alcance dese ofrecemento que, como vostede sabe, é un ofrecemento absolutamente recíproco. Recíproco porque, efectivamente, non estamos nunha lexislatura normal. Non estamos nunha situación normal, e por iso creo que ben vale a pena poñerse de acordo en algo. Sería bo poñerse de acordo na xestión da pandemia; sería bo poñerse de acordo nos fondos europeos; sería bo poñerse de acordo, polo menos, cando discutimos, nas cifras, porque, cando se fai un diagnóstico certo, posibilita un tratamento eficaz.

Eu agradezo moito —e tomo boa nota en sentido estrito— que a súa man, a man do seu grupo, estea tendida cara ao grupo maioritario, e entendo que estará tendida tamén cando teñamos ocasión de formalizar o novo goberno de Galicia.

Señoría, non intentei en ningún caso trabucar, nin a vostedes nin a ninguén, cando dixen que a crise do ano 2009 en Galicia —do ano 2011 en España— era unha crise que estaba xestionando o Partido Socialista. Dixo vostede que houbo unha recesión, e é certo. A diferenza entre uns países e outros é que moitos países aceptaban que había unha crise económica, pero vostedes negárona de forma constante, continuada e consciente. Negaban a crise económica nas eleccións do ano 2008. Gañaron as eleccións do ano 2008 porque a maioría da xente pensaba que, realmente, non había unha crise; como moito, unha pequena desaceleración, e vostedes deixaron unha Xunta chea de buratos. A responsabilidade deses buratos do presuposto do Bipartito fora, maioritariamente, do Goberno do Partido Socialista en Madrid, porque transferira á comunidade autónoma, de forma artificial, unhas aportacións en IRPF e en IVE que eran falsas, e polo tanto, o burato que lle deixaron ao Goberno seguinte superou os dous mil millóns de euros.

Por iso non me parece xusto escoitar o BNG e o Partido Socialista falar dos supostos recortes. Miren, nós o que fixemos foi nacer recortados, porque tivemos 2.000 millóns de euros sen pagar e tivemos que pagalos para que a xente, os autónomos e as pequenas e medianas empresas puidesen chegar á fin de mes. Por tanto, deixaron unha Galicia recortada, e nós entregamos unha Galicia —antes da covid— cos mellores datos económicos que se recordan en termos de PIB, en termos de exportacións, en termos de crecemento económico, en termos, señorías, de índice de produción industrial, en termos de modernización e innovación,



e tamén en termos de saúde pública e de educación pública. E remítome aos resultados do informe PISA, aos resultados do barómetro sanitario e aos resultados obxectivos das listas de espera, da tecnoloxía, dos novos hospitais e dos novos centros de saúde.

Creo que o profesor Puy intentou explicar que o PIB per cápita é un pouco máis complexo do que vostede vén aquí a caricaturizar. Pero, bueno, como vostede é profesor disto eu non teño nada que dicir, como vostede pode imaxinar. Pero imaxino que Asturias, Aragón, Castela e León ou Cantabria tamén baixaron a poboación. Entón ¿por que nós, xunto con Extremadura, somos a comunidade autónoma que máis incrementou o PIB per cápita de España nos dez anos de goberno? E ¿por que somos, por riba de Extremadura, a comunidade autónoma que converxe coa media de España con maior intensidade?

Mire, señor Caballero, dicía o señor Puy que o PIB tamén ten en conta a capacidade produtiva do país, e cando temos menos capacidade produtiva entenderán que iso tamén nos resta en canto ás capacidades de produto interior bruto. Por tanto, vir aquí a dicir que nada, que isto de incrementar o PIB —a primeira comunidade autónoma— e entrar en termos de converxencia con España coma nunca é un tema de xogo floral do candidato á Xunta de Galicia, ¡home!, iso non é moi razoable. Non é moi razoable dende o punto de vista dun deputado e moito menos é razoable dende unha persoa que se dedica a ensinar unha parte da economía. Pódolle asegurar que incluso en dereito somos capaces de interpretar o PIB per cápita dun país. Por iso me sorprende que vostede teña este plantexamento tan sorprendente. ¿Por que somos capaces de incrementar as exportacións cun récord histórico do país? ¿Non lle parece que iso é meritorio? ¿Non lle parece que é meritorio, por exemplo, que sexamos a comunidade autónoma que menos incrementou a débeda pública de España? Non, dálle igual. Dálle igual, señoría, deber ou pagar. Comprendo que os verbos dinse igual, no mesmo espazo de tempo, pero entre deber e pagar hai unha enorme diferenza. Cando chegamos ao Goberno había máis poboación, e, sen embargo, a débeda en función de PIB estaba por riba da media de España. Agora hai menos poboación e, sen embargo, a débeda en PIB é 6 puntos inferior á media de España. Algunhas cousas fariamos ben en política presupostaria e en política económica. Saneamos o país, e cando se lle di a un presidente que non executa as súas competencias cando deixa un país saneado...

Quedaría saneado para a oposición se tivese os votos necesarios para poder gobernar, e sen buratos no presuposto. Pódolles asegurar que entrar nunha comunidade autónoma sen buratos no presuposto eu non sei o que é. E pódolles asegurar, señorías, que cumprir o déficit público e estar incluso un ano a piques do equilibrio das contas públicas rebaixando os impostos para medio millón de cidadáns galegos —é dicir que o 99,9 % dos galegos non teñen que pagar un patacón cando herdán dos seus pais e das súas nais, ou que en Galicia ningún galego ten que pagar un euro para unha transmisión, para unha permuta ou para unha compravenda no ámbito rural— creo que ben vale a pena poñelo en valor, poñer en valor este gran esforzo de país que fixemos entre todos.

Por iso, cando un galego debe 2.000 euros menos que o resto dos cidadáns que viven en comunidades autónomas, e cando a facenda pública autonómica ten un 18 % de débeda sobre o PIB, cando resulta que hai comunidades autónomas co 40 % de débeda sobre o PIB, ¿que comunidade autónoma é máis libre? ¿Que comunidade autónoma xestiona mellor as com-



petencias propias? ¿Que comunidade autónoma xestiona mellor o autogoberno? ¿Unha que debe o 40 % do seu produto interior bruto ou unha que ten unha débeda do 18 % do seu produto interior bruto, con 6 puntos por debaixo da media?

E somos capaces de ter todo isto, señorías, sendo a comunidade autónoma que mellor paga do país, que mellor paga do país en termos de días dende a presentación da factura ao día de aboamento por parte da facenda autonómica.

Señor Caballero, isto do PIB creo que vostede non o le ben, ou, se o le e nos quere enganar, sería dubidoso, sería estraño. Porque, despois da reprimenda desta mañá, dicindo que ¡como ía a economía galega, que ten unha contracción do PIB! —vólvolle repetir que 4 puntos por debaixo da media da economía española—, é algo que creo que ben vale a pena poñer en valor. Por iso, señor Caballero, sobre os temas económicos digamos que temos distintas opcións.

Mire, eu fun xefe da oposición durante catro anos, igual que o meu grupo. Tiñamos claramente un enorme apoio electoral, gañáramos as eleccións de forma contundente, o presidente Fraga volveu gañar por quinta vez consecutiva as eleccións e faltábanos un escano para a maioría absoluta. ¿Sabe cantas comisións de investigación deixaron facer o seu grupo e os nacionalistas ao grupo maioritario da Cámara? ¡Ningunha!, ¡cero! Nunca xamais votaron vostedes a favor dunha comisión de investigación impulsada polo grupo maioritario da Cámara, ¡jamás! ¿Saben que este grupo maioritario da Cámara dende xa hai varios anos lle outorga á oposición o dereito a presentar unha comisión de investigación cando considere oportuno? Preséntena, exerzan vostedes as súas capacidades para presentar unha comisión de investigación. Non hai ningún problema. Supoño que, se presentan vostedes algunha comisión de investigación e exercen ese dereito que nós non tiñamos cando eramos maioría menos un escano, asistirán a ela. Non vaia ser que nos convenzamos de facer unha comisión de investigación sobre a sanidade e que os primeiros que non asistan sexan o Partido Socialista e o BNG (*Aplausos.*) Supoño, señorías, que iso non é o razoable en materia de residencias.

En todo caso, señor Caballero, hai que ter coidado sobre ese tipo de plantexamentos, porque ¿vostede cre que é razoable que o noso país, España, non saiba o número de falecidos pola covid, e que haxa unha estatística do Ministerio de Sanidade e unha estatística do Instituto Carlos III e outra estatística do Instituto Nacional de Estatística? ¿A vostede parécelle que iso nos dá un pouco de credibilidade e, sobre todo, lexitimidade para investigar? ¿Investigar o que? Eu pódolle asegurar que en Galicia non hai ninguén —¡ata aí podíamos chegar!— que poida dicir que a Xunta de Galicia omitiu un só dato en materia covid, e moito menos en materia de falecementos —en residencias, fóra das residencias, nos hospitais ou en calquera lugar—.

Pero, en fin, hai cuestións, como é lóxico, que nos diferencian. Vostede plantexa unha reforma estatutaria. Di que quere falar dunha reforma estatutaria unha vez solucionado o problema da crise. Eu agradézolle que teña vostede a confianza de que seremos capaces de solucionar a crise na que estamos. Di que vostedes non aceptan o dereito á autodeterminación. Bueno, non creo que haxa, polo tanto, un gran acordo na Cámara, porque ten vostede os seus socios nas deputacións e nas cidades que plantexan o dereito á autodeterminación de Galicia. Vostede hoxe non, non o plantexa. Non sei se o plantexa o Partido Socialista a



nivel nacional, non sei cal é a opinión do Partido Socialista de Cataluña, pero si me gustaría coñecer cal é a proposta do Partido Socialista na reforma estatutaria. Con moito interese, se nola trae, se nola plantexa, se nola fai chegar, podemos estudala. No ámbito constitucional caben distintas sensibilidades. O que si lle podo asegurar é que supoño que discutiremos o texto, non a exposición de motivos; porque na anterior o problema era que non estabamos de acordo na exposición de motivos, daba igual o texto.

Mire, con todos os respectos, como dicía a señora Pontón, creo que a principal preocupación da xente que nos está vendo non é nin o dereito de autodeterminación nin a reforma do Estatuto de autonomía. Pero, como é lóxico, teño todo o interese por coñecer cal é a sensibilidade do Partido Socialista actual, baixo o seu liderado, en relación coa reforma do Estatuto de autonomía de Galicia.

Estou de acordo con vostede, señoría, en que hai que estudar e hai que aproveitar os fondos europeos, sen dúbida. E vostede está de acordo comigo en que a política de fondos europeos neste momento está en mans, maioritariamente, do Partido Popular europeo. E por iso lles agradecemos á presidenta da Comisión, ao Banco Central Europeo e ao comisario de presupostos que teñan esta sensibilidade, que, como pode vostede imaxinar, dentro do mesmo grupo parlamentario nós compartimos.

E o certo e verdade é que temos presentados tres proxectos tractores, que non foron invalidados. É certo que os temos que remitir a esa comisión de reconstrución con maior detalle. Os tres proxectos tractores dos que falamos, e que diagnosticamos e concretamos durante a pandemia, están feitos por xente independente, por xente que coñece ben o mercado real, o mercado galego, as capacidades dos recursos naturais de Galicia, as capacidades madeireiras e forestais, as capacidades enerxéticas, e tamén as necesidades de reciclar os puríns e todo tipo de consideracións para facer unha planta enerxética. Todo isto ben vale a pena que vostedes nos axuden a melloralo, incluso a amplialo se se considera oportuno. Sería fundamental. Pero sabe que neste momento o que está en xogo —púxeno enriba da mesa e tampouco foi comentado— é o que se está neste momento aprobando en Europa, e lamentablemente parece que está aprobado, que son uns criterios para a repartición de fondos europeos polos que Galicia pode perder o 40 %.

Por tanto, teñamos unha visión ampla dos fondos europeos e non pensemos que o tema é como utilizar o fondo europeo de reconstrución —que por suposto— namentres estamos perdendo fondos europeos no presuposto ordinario. Porque Galicia non pode perder fondos europeos, e esta é a proposta que neste momento os xefes de goberno, empezando polo noso, evidentemente, teñen enriba da mesa. E isto supón para Galicia unha diminución do 40 % dos fondos europeos que viñamos percibindo no anterior período. E o único partido e o único grupo que está poñendo isto enriba da mesa dende hai meses é este grupo. A min gustaríame estar acompañado ante estas cuestións. Non soamente é falar mal de Galicia en Bruxelas, que é unha das cuestións que algún parlamentario utiliza —non tanto do seu grupo coma doutros—.

Por iso penso que temos moito traballo. Dende logo, os fondos europeos hai que aproveitalos. Vostede comprenderá que volver facer o Plan E, con 8.000 millóns do Plan E, non é a pro-



posta. O Plan E socialista entendo que foi parte dos erros do pasado e que agora non imos incorrer neles. Eu critiquei o Plan E e fun amplamente criticado nesta Cámara. Critiquei que en época de crise económica non podíamos ampliar as beirarrúas e os parques. Había que buscar medidas estruturais, e agora temos que falar de medidas estruturais. E este non é o momento —entendo eu—, no debate de investidura, para falar de medidas estruturais. Pero saiba vostede que nós acompañaremos o Goberno de España, que é o noso goberno, cando plantexe medidas estruturais de verdade. ¿Para que? Para manter o Estado do benestar no futuro, para crear emprego, para ter diñeiro nas pensións, para non enganar a ninguén, para non dicir que hai que contratar miles e miles e miles de persoas e resulta que non temos diñeiro para pagar a nómina das que xa temos contratadas.

En definitiva, señor Caballero, para falar en serio eu recibo a súa man tendida, para falar en serio. E teña vostede a seguridade de que eu non teño máis obxectivo que falar en serio. Porque o resto é moi cansino e pódolle asegurar que non é nada interesante, porque con padrenuestros laicos non imos pagar nada e non imos solucionar nada. E falar agora, como falan con tanta facilidade, de número de persoas que hai que contratar, do número de cuestións que temos que facer cando resulta que despois non sabemos nin sequera como podemos adiantar os orzamentos do ano 2020... Porque non temos un só dato do Goberno central, ¡nin un!, e estamos no mes de setembro. Isto é histórico. ¡Nada! Os presidentes autonómicos e as comunidades autónomas non sabemos nin a regra de déficit nin a regra de gasto nin a capacidade de endebedamento nin as aportacións para facer os presupostos da comunidade autónoma e resulta que aquí os grupos da oposición piden que se contrate. A pregunta é: ¿vostedes poden dicirme con que? Non, hai un fondo covid. O fondo covid foi diseccionado de acordo cuns intereses que aínda descoñezo. Pero anulárono no fondo covid o sistema de financiamento autonómico. E Galicia perdeu no fondo da sanidade e no fondo da educación, nos dous fondos. Tampouco escoitei nada, señorías, e creo que iso si que é importante. Por iso eu recibo con moito interese, señor Caballero, a súa man tendida. Porque quedo con iso. O resto das cuestións entendo que son cuestións para incluír nun debate —para iso se chama debate— e para incluír nun turno de intervención. Pero, honradamente, penso que se a man tendida é para falar dos asuntos que lles interesan aos traballadores, aos parados, ás familias con menos recursos, aos profesores ou ao persoal sanitario, conte vostede co noso compromiso non só de escoitar, senón de aprender.

Podía parecer que despois dalgúns anos non temos que aprender nada. Non, señora Pontón, aínda nos queda moito que aprender, moitísimo; a min o primeiro. Levo toda a miña vida dedicada ao servizo público e a xestionar intereses públicos. Nunca estou satisfeito ao cen por cento con ningunha das decisións que adopto. E pódolle asegurar que non teño máis interese que aprender e estudar todos os días. Porque aquel que cre que sabe máis, ou aquel que cre que ten máis experiencia, ou aquel que cre que pode dar clases aos demais... A min non me interesa dar clase, interésame aprender. E interésame aprender porque o que temos por diante non é pouco.

Di a señora Pontón que hai moita xente que ten medo, e é lóxico. No que eu nunca vou participar é en meter medo, iso non. (*Murmurios.*) ¡Xa está ben o medo que temos para que veña a xente aquí meternos medo! (*Aplausos.*) Iso, señorías, iso xa non. (*Aplausos.*)



Por iso eu, dende logo, vivo nun país onde a sanidade pública é das mellores de Europa; onde o abandono escolar baixou á metade; onde temos cen mil alumnos que coñecen moitísimo máis inglés, moitísimo máis do que nós coñeciamos na súa idade, e onde todos os mozos e mozas saben ler e escribir e entender perfectamente a lingua propia. Eu, dende logo, vivo nun país que ten máis de douscentos quilómetros de vías de alta capacidade sen un euro de peaxe, feitas en plena recesión económica. Eu vivo nun país que nunca pescou tanto como agora e no que o prezo de quilo e por tonelada nunca foi tan grande como agora e tan elevado. Eu vivo nun país onde nunca se produciu tanta madeira como agora, tanto viño como agora e tanto leite como agora, ¡nunca!

Eu vivo nun país, señora Pontón, que creo que é o mesmo que o seu. O que pasa é que vostede vive nun país que probablemente subestima. E pensa que os galegos non somos capaces de mirar sen medo o que temos diante, e sempre ten que buscar a culpa en alguén: no goberno, se goberna o PP, e en Madrid, se goberna alguén que non sexan vostedes e os seus socios. Pois non, señoría. ¿Nós temos un gran país? Si. ¿E hoxe este país está mellor que no ano 2009? Tamén, sen dúbida.

A maldita pandemia veu destrozando as capacidades e as expectativas económicas que tiñamos no país, porque iamos nun dos mellores momentos da historia económica de Galicia. Señora Pontón, celebre iso porque creo que é importante. Iso, señorías, é moi importante.

Señora Pontón, veu agora falar de emprego. ¡Pero se vostedes no último ano de lexislatura destruíron cincuenta mil empregos! Eu atopei unha Galicia que destruíra cincuenta e catro mil afiliados á Seguridade Social nos últimos doce meses, cando vostede apertaba sempre o botón a favor do Goberno. E agora resulta que temos nada máis e nada menos que máis xente e menos paro que cando chegamos ao goberno, pero resulta que todo o fixemos mal. Temos 37.325 parados menos nesta lexislatura. E se quere vostede coller os datos de agosto, incluso durante a pandemia, 26.000 parados menos. Estes son os datos, señoría.

Colle vostede as afiliacións. Pois 43.800 afiliacións máis nesta última lexislatura. E se quere comparalas coas de agosto, pois en Galicia hai 44.000 afiliados máis á Seguridade Social. Estamos entre a segunda e a terceira comunidade autónoma con mellor comportamento no paro.

E por iso —eu volvo reiterar— a min sorpréndeme, señora Pontón, que teña tan mal concepto do país. Porque é evidente que podemos seguir mellorando, por suposto. Pero, ¡home!, dicir que en termos de paro e en termos de afiliacións...

O que temos é unha poboación activa distinta, evidentemente. ¿Por que? Porque perdemos xuventude, e entre os menores de trinta e cinco anos temos 165.000 persoas menos. Por tanto, cando vostedes fan a comparación da poboación activa —que mesturan todo—, sen embargo non din que temos 95.000 persoas máis traballando con máis de trinta e cinco anos. Iso non o din. Como temos menos poboación xove van por aí. Pero iso da poboación, a poboación activa, o paro, as afiliacións e a EPA haberá que mesturalo todo e chegar a unha conclusión, non coller unha variable e intoxicar todo o conxunto de variables posteriores.

En afiliacións estivemos practicamente no mesmo número de afiliacións que herdamos no ano 2009, a pesar de que España estivo a punto de pedir o rescate; e nós estábamos no go-



berno. E outra vez volvemos estar no goberno cando España está sendo auxiliada polo Banco Central Europeo sen límite. Seguimos no goberno ¡Seguimos no goberno nesta enorme dificultade, nunha dificultade extraordinaria, cunha perda de produto interior bruto do 22 %! Parecía imposible.

¿Alguén pode dicir aquí a que vai chegar o paro a finais deste ano? ¿Alguén pode aventurar en canto imos incrementar o déficit público de España e, en consecuencia, tamén das comunidades autónomas que a conformamos? ¿De verdade que non imos falar en serio dos temas máis serios que temos por diante?

Esa é a nosa proposta, falar en serio. Se as eleccións xa foron, se agora non toca ata o ano 2024, ¡aproveitemos! Aproveitemos o caudal de confianza dun pobo que en plena pandemia acudiu ás urnas, a pesar de que houbo partidos políticos que estaban dicindo que era un disparate acudir ás urnas e que tiñamos que acudir ás urnas agora. Iso tamén quedou xulgado na historia de cada un, señorías. A min intentóuseme convencer de que fixese as eleccións en setembro, ¡jou en outubro! E eu intentei responder que iso era unha enorme irresponsabilidade, que os brotes ían ser exponenciais e que o mellor momento para facer as eleccións era finalizado o período de confinamento. Señorías, está no *Diario de Sesións*, nas hemerotecas; a cada un a súa responsabilidade. Eu síntome moi orgulloso, señorías, de actuar de boa fe e sempre defendendo os intereses de Galicia, nunca defendendo os intereses dun partido político concreto. (Aplausos.)

Non, señora Pontón, nunca escoitará de min que en Galicia todo está ben, porque Galicia, por moi ben que poida estar, nunca estará como merece. Nunca escoitará de min dicir que o que facemos é o máximo que se pode facer. Nós intentamos acertar e moitas veces non o conseguimos, pero non temos ningún compromiso con ninguén, senón cos galegos e máis nada; non temos que dar conta a ningún *politburó*. Aquí nós estamos nun partido político democrático que se presenta ás eleccións, que fai o seu programa electoral, que se somete ás sesións de investidura e que se somete ao control da Cámara.

Non hai un presidente da Xunta que respondese tantas preguntas como respondín eu. Porque antes só podían facer unha pregunta trinta e sete escanos, ¡só unha! Recordarano vostedes: unha pregunta. A maioría da Cámara podía facerlle unha pregunta ao presidente; é dicir, dúas ao mes. E agora resulta que aquí poden facer preguntas —como é lóxico— todos os grupos: o Grupo Mixto, o grupo que xa non está e os outros dous grupos que quedan. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Hai un grupo que non está —digo eu—. Non sei, antes había tres portavoces, agora parece ser que hai dous. Incluso tivemos un do Grupo Mixto. Non sei se o recordarán pero eu si, perfectamente; contestaba as preguntas.

Digo, señoría, que Galicia merece tanto, que merece todo. Por iso, cando digo: ¿por que non falamos en serio da sanidade pública?, non estou dicindo que non se debata a sanidade, por suposto. Lamento se me expresei mal cando dixen: saquemos do debate da política o debate sanitario. Non, da política demagóxica, (*Murmurios.*) da política falsa. (*Murmurios.*) Miren, señorías: unha das razóns polas que me dedico á política é porque creo que a mentira non pode vencer a verdade. (*Murmurios.*) E dedícome á política para que a verdade estea por riba da mentira. (Aplausos.)



E cando un, señoría, di que o PP privatiza a sanidade, mente; cando un dicía que o PP cobraría equis diñeiro por unha consulta, equis diñeiro por unha proba, equis diñeiro por unha pernocta nun hospital, mentía. ¡Pero iso ten membrete dos partidos políticos, iso está repartido en campaña electoral!... (*Murmurios.*) Si, si, si. Iso é o que creo que debiamos de desterrar. Cando un lle di á xente que en Vigo fixemos un hospital privado, mente. (*Murmurios.*) E cando un está intentando trasladarlle á xente que os médicos no Sergas dan altas porque teñen incentivos do Servizo Galego de Saúde, está mentindo. (*Murmurios.*) Esa é a política sanitaria na que creo que non debemos volver incidir, esa é a nosa proposta. ¡Alá vostedes! ¿Quérena recoller? Poderíamos avanzar. ¿Non a queren recoller? Pois será a súa responsabilidade.

Pero dicir que agora temos menos camas que antes... ¡Pero se é falso! Ou dicir simplemente que para superar o test do Ministerio de Sanidade contamos as camas dos hospitais de campaña, cando resulta que o test do Ministerio de Sanidade concretaba capacidade para despreñar hospitais de campaña en todas as comunidades autónomas, e había que rellenar ese input. E resulta que cumprimos o test por rellenar iso. ¿E vén aquí dando un exemplo de verdade sobre as camas? Pero, señorías, de verdade que este é un tema serio, señora Pontón, jé un tema serio!

Agora resulta que o Plan de saúde mental cambiou e os enfermos mentais están en distintos sitios e non en hospitais psiquiátricos internos. Polo tanto, salvo nas unidades de Psiquiatría de agudos —por suposto—, xa non hai camas crónicas de forma continuada e contundente como había no hospital de Toén ou no Hospital Psiquiátrico de Conxo. E agora resulta que a señora Pontón fai a conta sen telo en conta e chega a un conto. (*Risos.*) Pois quero dicirlle que, mentres sexa presidente, que me digan que Galicia ten menos camas hospitalarias, evidentemente, non o podo aceptar.

Cando se baixa a estancia media hospitalaria —antes a estancia media estaba en dez días e agora en sete días— resulta: ¿que é máis eficiente?, ¿ter un paciente dez días internado ou telo sete? Paréceme razoable telo sete. E cando incrementamos un corenta por cento a cirurxía maior sen ingreso, iso resulta que non computa en cama. ¡Ah, e debería de computar!

De verdade, ¿imos falar en serio algunha vez da sanidade do país? Un Servizo Galego de Saúde que fai máis cirurxía maior ambulatoria que nunca, un Servizo Galego de Saúde que fai unha estancia media máis pequena que nunca é un servizo público eficiente. O público tamén pode ser eficiente, e pode ser eficiente a sanidade pública dun país cando é capaz de facer menos pernoctas e máis cirurxía ambulatoria, como fan os mellores servizos de saúde do mundo. E iso é o que creo que debemos de plantexar, señora Pontón, e non vir aquí cunhas contas que non as cre salvo o que llas pon, e ¡alá vostede se non quere comprobalas!

Señora Pontón, rutina é volver falar outra vez de nacionalizar a banca. ¿Pero non se dá conta de que iso, ademais de cansado, é absolutamente anacrónico? (*Murmurios.*) É que non existe entón a Unión Europea —xa sei que a vostedes igual non lles interesa a Unión Europea—. Nacionalizar a banca, romper a rede eléctrica de distribución e facer unha para Galicia. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero, ¿de verdade que iso non é rutina, señora Pontón? Para min iso si que é rutina, porque os partidos van evolucionando e imos intentando interpretar cal é a mellor receita para solucionar os problemas da xente. E non vir aquí coa biblia nacionalista galega todos os días para intentar adoutrinar a maioría do



país que non é crente na biblia nacionalista galega. (*Aplausos.*) ¡Señoría, déixenos liberdade para crer no que pensamos! (*Aplausos.*)

Non, señoría, non, os galegos pensan por si mesmos e saben perfectamente que as nacionalizacións sempre se fan para nacionalizar perdas. (*Murmurios.*) Si, si. (*Murmurios.*) Ben, jalá vostedes!, ¡como están os seus países e como están estes! (*Murmurios.*) ¡Como está o hemisferio onde nós traballamos e como están outros lugares onde traballa a nacionalización e o estado por estado!

Míre: deixe de mandar tanto na xente e deixen a xente que vele polo seu propio criterio e que faga o que considere oportuno. Porque esa é a diferenza entre unha persoa, un ser humano, e outros seres vivos: a capacidade de pensar, a capacidade de decidir, a capacidade de non estar sometido ao que digan os de sempre. (*Murmurios.*) Non, non, a capacidade de votar, a capacidade de competir, a capacidade de estudar, a capacidade de sacrificarse, eses son realmente os retos que nós estamos plantexando. Interéstanos unha Galicia libre e non unha Galicia nacionalizada. Interéstanos unha Galicia europea e non unha Galicia ensimesmada. Interéstanos unha Galicia americana, europea e española, e non unha Galicia nazón. Iso é o que nos interesa, señorías. (*Aplausos.*) Interéstanos un galego libre para dicir o que lle pete. (*Aplausos.*)

Señorías, en todo caso, creo que sempre é unha honra poder debater con vostedes, vaino ser durante os próximos anos, e con moito interese. Creo que fixemos unha serie de propostas, e a maioría delas nin se comentaron. Igual é que non están tan mal feitas. Penso que facer unha lei orgánica, facer unha proposta para mellorar o vademécum lexislativo en España en materia de pandemias é imprescindible, porque está baleiro. E creo que facer unha lei de saúde pública en Galicia é o responsable, porque hai que dicir o que queremos para España e tamén o que queremos para Galicia nunha pandemia.

E plantexar nada máis e nada menos que o redimensionamento do ámbito da saúde pública, plantexar que temos que informar a todas as familias durante o curso escolar, plantexar que imos cumprir o compromiso e o protocolo que asinamos co Goberno central e co resto de colegas de comunidades autónomas e dicir, señorías, que estamos esperando un solar na Coruña para facer un novo hospital creo que é unha boa noticia. É unha boa noticia, e seguro que nos imos poñer de acordo. Ou dicir que temos que adxudicar o Hospital de Montecelo, que quedou deserto na primeira licitación, creo que é unha boa noticia. Por iso cando dicimos que imos finalizar os hospitais e finalizar os centros de saúde supoño que non haberá ningún municipio gobernado polo Partido Socialista ou polo Bloque Nacionalista Galego que estea pendente de ceder unha parcela axeitada e suficiente para poder facer un centro de saúde. E como non toca falar agora disto, eu si que sei cales os ceden e cales non. E aínda encima —insisto— fan unha plataforma para dicirlle á Xunta de Galicia, ao presidente e ao conselleiro de Sanidade, pois que están privatizando a sanidade no seu concello. Eu non sería capaz de facer isto, é un problema de talante. Non son capaz, é que non me sae. Eu non podo botarlle a culpa ao BNG dunha cousa na que a culpa é miña, e eu non podo botarlle a culpa ao Partido Socialista dunha cousa que é responsabilidade miña. Por tanto, sexan un pouco serios e avancemos nun país que quere finalizar os seus hospitais, ampliar os hospitais, finalizar os centros de saúde e facer unha atención primaria máis resolutiva e máis comprometida.

Na discusión que tivemos en canto a se había que limitar ou non as citas en atención primaria vostedes están a favor de limitalas. Dígano claramente, vostedes cren que as axendas dos médicos



de atención primaria deben estar pechadas: 15 persoas, 20 persoas..., e punto. E se unha persoa pide unha cita e está cuberta, non se lle dá. Ben, ese é o seu plantexamento. É perfectamente lexítimo, pero dígano, porque esa era a gran discusión que tiñamos naquel momento. E a gran discusión que temos neste momento é seguir avaliando e seguir plantexando as propostas.

Unha nova normativa para as residencias da terceira idade. Se a fíxese o Bipartito xa non era necesario facela. Pero era a mesma que deixara Fraga, e a mesma que se deixa agora. Imaxinen vostedes que supoño que non todos o fariamos mal sempre, e os desa bancada. Serviu para un goberno que tiña o benestar como frontispicio. Pois eu penso que, cando incrementamos o Plan de atención e axuda no fogar ou un 40 % as prazas en residencias da terceira idade, algunhas cousas se fixeron ben. E cando renovamos toda a tecnoloxía e as infraestruturas —que aínda nos queda, sobre todo na tecnoloxía— no ámbito da xustiza; ou cando temos unha mesa de diálogo social con dous sindicatos —fáltanos un terceiro—; ou cando xa tiñamos pechado o Plan estratéxico de Galicia ata o ano 2030 e temos que reconsideralo pola pandemia —están vostedes, por suposto, para perfeccionalo e melloralo—; ou cando falamos de reformular o Xacobeo; ou esas cousas como o Plan de apoio ás familias numerosas ou a equiparación das familias monoparentais; ou a equiparación das familias de dous fillos e as numerosas; ou a gratuidade dende o mes de abril, e por primeira vez en toda España nunha comunidade autónoma, das escolas infantís para o segundo e sucesivos fillos. Son máis de cincuenta propostas no discurso de investidura e que eu veño someter, xa para finalizar, á decisión da Cámara.

Miren, señorías, reitero —como no final da anterior intervención— que eu veño aquí a pedirllas a súa confianza. Pero, sobre todo, dado que ao mellor non obteño a confianza de vostedes —espero ter a confianza do grupo maioritario—, digo que veño aquí a pedir axuda. Porque a pesar de levar doce anos no Goberno son perfectamente consciente da situación á que nos imos enfrontar, á que me vou enfrontar, a partir do próximo sábado cando, como todo parece indicar, poida tomar posesión como presidente de Galicia. E o que temos por diante non será nada sinxelo, seino. E por iso estou intentando non facer só un discurso de investidura, senón intentando poñer e contextualizar o que imos facer na lexislatura. Se pensamos que todo o feito está mal feito, non imos facer un diagnóstico axeitado. E por iso eu lles dei a miña visión do que fixemos, do que conseguimos e de onde estamos. E comprenderán que podía ser un discurso de investidura moito máis sinxelo, e vir aquí a dicir as catro consideracións, responder con moito interese ás cuestións que vostedes queiran e votar. Pero pensaba que neste momento había que facer un gran esforzo por concretar cales son as nosas propostas durante a pandemia, que había que facer un gran esforzo por dicirlles ás familias que probablemente non estivemos á altura das circunstancias no inicio do curso educativo e que probablemente puidemos facer as cousas mellor; sobre todo se tivésemos un protocolo que perseguimos, porque era un protocolo fundamental para o país e porque pensabamos que ir en carreira cada un polo seu lugar, con independencia do que ocorra no país, é algo impropio. Podemos agora conseguir titulares de prensa, pero ¿que ocorrerá ante o primeiro brote nunha clase? Aínda hoxe en España non temos un acordo para concretar cando se deixa sen clase unha unidade escolar, porque aínda hoxe o Goberno central non quere falar de en que momento, en que lugar e con cantos infectados —e en que lugares os infectados— daría lugar a abandonar ou desaloxar unha clase ou un colexio enteiro. ¿Non lles parece que iso ben vale unha reflexión seria e non andar por aí dicindo que vou contratar a non sei quen e a non sei cantos se probablemente ou lamentablemente podemos ter menos horas lectivas que o curso pasado? ¿De verdade que este tema non é un tema suficientemente sólido e serio para falar diso?



E por iso intentei trasladar esa mensaxe e por iso veño aquí a ampliar o entendemento que houbo nas urnas. Co entendemento nas urnas sería suficiente para gobernar, absolutamente suficiente. Somos, ou seremos, o goberno con máis apoio electoral de España. Sería suficiente con esta frase finalizar o discurso de investidura, pero non é isto, non é utilizar o 48 % dos votos nin a maioría por cuarta vez consecutiva e ampliada para intentar que esa maioría intente desoír ou non ter en conta o que propoña a oposición. E por iso os invito a facer propostas. E por iso digo, díxeno e reitéroo, que quero contar cos sindicatos e cos empresarios, e por iso intentaremos mellorar e activar o diálogo social. E dixen que quero contar cos profesionais, cos mellores de todos os sectores, do sector da automoción, do sector téxtil, do sector da conserva, do sector da pesca, do sector da pizarra e da pedra, do sector naval, con todos os profesionais, e concretar como podemos utilizar os fondos europeos e pasar a unha economía dixital e a unha economía circular.

E por iso eu pedín e seguirei pedindo a colaboración dos concellos, porque os concellos son clave, porque teñen competencias e teñen responsabilidades. E cando alguén quere investir un euro en Galicia, un alcalde, un conselleiro, un presidente da Xunta, ten que priorizar calquera investimento que haxa no ámbito municipal. E para iso necesitamos licenzas, e para iso necesitamos permisos; e para iso non necesitamos estar pendentes dunha licenza, dun permiso ou dunha autorización en ningunha administración pública.

E eu quero contar co Goberno de España porque é o meu goberno. Poreime á disposición do presidente do Goberno o próximo sábado porque é o presidente do Goberno de España. E por iso lle pido a ese presidente que sexa tamén leal e construtivo con Galicia como Galicia é leal e é construtiva co Goberno central. (*Aplausos.*) E por iso lle pedín dende o principio que fixeramos unha comisión de reactivación. Estaban as cámaras disoltas. Estabamos construindo un plan de recuperación con 3.000 millóns de euros, un plan social, un plan educativo, un plan cultural, un plan turístico, estabamos dando 60 millóns de euros de préstamos para a vendima, estabamos reconstruindo o país coa Cámara disolta e, sen embargo, traballando e dando todo o que podíamos dar naquel momento. E esa comisión de reactivación é para que compartamos, pero hai que compartir o diagnóstico, porque, se non, imos equivocarnos no tratamento. E por iso é tan importante que a nosa historia, a nosa historia clínica e económica, sexa compartida. Porque, se non, señorías, o tratamento que imos implementar non terá os efectos que perseguimos.

Señoras e señores, non sempre imos facer o que vostedes digan, por suposto. ¿Por que? Porque temos un mandato que cumprir. Pero, dende logo, si imos sempre escoitar o que vostedes nos queiran trasladar. E non sempre imos poder dicir que si a todo, non imos poder dicir que si a todo, porque moitas veces non teremos diñeiro para facelo e outras veces as prioridades que vostedes marcan non serán as mesmas que nós temos. Pero o que si lles podo asegurar é que explicaremos as razóns sempre que vostedes fagan algunha proposta e nós non poidamos atendela. E non sempre nos imos poñer de acordo, por suposto, pero eu si pido que manteñamos o respecto, porque iso será fundamental. Se esta lexislatura é a lexislatura de volver recuperar o respecto parlamentario, de volver recuperar o respecto a un goberno democrático, de que o Goberno respecte a oposición democrática e de que a oposición democrática respecte o grupo maioritario da Cámara, seguro que estaremos avanzando no bo camiño e deixando de retroceder, como fixemos en lexislaturas anteriores. (*Aplausos.*)



Señorías, como dicía a señora Pontón, hai demasiadas familias que perderon un ser querido, hai demasiadas familias que nin sequera puideron despedilo; hai demasiadas familias que viven con angustia e que non saben se van traballar o próximo mes e hai outras que xa saben que non van traballar; hai demasiadas familias que sofren as consecuencias demoledoras dunha crise económica que aínda non coñecemos con toda a súa intensidade. Gardémoslles sempre o respecto que merecen e fagámonos merecedores da confianza as 75 mulleres e homes que conformamos esta Cámara, fagámonos merecedores da confianza a través do respecto que propono que manteñamos entre nós. E quero empezar dicindo que, se algunha vez non estou á altura das circunstancias no respecto, pedirei desculpas, pero o que si pido é respecto entre os parlamentarios, e entre os grupos e o Goberno. E despois de intentar explicar o programa de goberno, despois de intentar compartir un diagnóstico —que non é compartido, polo menos en boa parte, pero que é o noso diagnóstico—, pódolles asegurar que intentei responder ás cuestións que aquí se concretaban.

E permítanme que finalice dirixíndome aos galegos e ás galegas, que son xustamente aqueles que nos puxeron a todos aquí.

En primeiro lugar, quero dicirlles aos galegos e ás galegas que isto pasará e que volverán os días bos. Sigamos todos cumprindo as ratios, as recomendacións en materia de saúde pública, sigámonos coidando todos e, polo que máis queiran, sigamos actuando co sentidiño co que actuamos durante a primeira onda da pandemia. Saben os galegos que teñen un bo servizo de saúde. Non desconfíen del. Teñen excelentes profesionais, excelentes urxenciólogos, excelentes ucistas, excelentes especialistas en enfermidades infecciosas, excelentes internistas, excelentes médicos de atención primaria e, por suposto, unha excelente plantilla de enfermaría e de auxiliares de enfermaría.

Eu seguirei falando con crueza, seguirei dicindo as cousas como as vexo. Seguiremos falando, lamentablemente, de falecementos, de contaxios e de medidas restritivas. E imos adoptar todas aquelas que consideremos oportunas, ¡todas! —explicándollelas, por suposto, aos alcaldes como primeiros representantes do pobo—, aquelas que o comité clínico do Servizo Galego de Saúde, despois do debate asistencial e clínico que teñamos, considere oportuno trasladar. Pero ao tempo seguirei traballando para que algunha vez poida dicirlles aos galegos que a pandemia acabou. Esa é a primeira cuestión que quero dicirlle a este pobo.

En segundo lugar, quero dicirlles aos galegos que hoxe sofren máis as consecuencias económicas e sociais desta pandemia que estamos aquí e que estamos aquí por riba de calquera outra circunstancia. ¿Podía —o máis fácil— dedicarse un a outra cousa? Probablemente. ¿Podía un non someterse ao risco de saír da vida política despois dunha derrota electoral? Tamén. Pero aquí estamos, aquí estamos e imos traballar todos os días. Galicia caracterízase por dúas cuestións. A primeira é a solidariedade dos galegos, que a aprendemos secularmente —e moito máis na emigración—. Tamén pola capacidade de superación, xa que nunca nos regalaron nada, non estamos afeitos a grandes agasallos nin a grandes investimentos, nin en épocas pretéritas da Ditadura nin en épocas democráticas. E por iso, como sabemos o que custa un euro, estamos aquí de pé insistindo en que imos ser capaces de saír adiante. *(Aplausos.)*

E, en terceiro lugar, señorías, quero deixar constancia no Diario de Sesións, señores membros da Mesa, señor presidente, da miña confianza en todos os galegos e galegas e do meu



agradecemento pola súa confianza. Como vostedes poden imaxinar, non é fácil expresar para un o que supón ser presidente da Xunta durante tres lexislaturas continuadas, e moito menos ser presidente da Xunta probablemente nunha cuarta lexislatura continuada.

Seguro que a resposta a esa confianza non pode ser outra que poñerme á disposición de todos, dende o primeiro ao último galego do país, dende o primeiro neno ou nena ao primeiro maior, avoa ou avó. Eu, como todos os que estades aquí, son un galego máis, un galego máis que quere a Galicia sen excepcións. E son un galego que quixo os galegos que escollen a súa vida, que deciden onde queren ir, onde queren traballar e a que se queren dedicar.

Eu teño a inmensa honra de vivir en Galicia e dedicarme a Galicia. E, por iso, permítanme que finalice dicindo: Galicia, Galicia, Galicia e, por cuarta vez, Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Núñez Feijóo.

A votación levarase a efecto ás 18.45, ás sete menos cuarto. Polo tanto, suspendemos a sesión ata esa hora, na que serán convocados a través dos timbres.

Suspéndese a sesión ás seis e trinta e seis minutos da tarde e retómase ás seis e cincuenta minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión.

Procedemos, de seguido, á votación para a elección do presidente da Xunta de Galicia.

Pechen as portas, por favor.

A votación efectuarase conforme os procedementos que antes expliquei. De seguido, a señora secretaria procederá a sacar á sorte o nome da deputada ou do deputado polo que se vai comezar a votación.

Como ben saben, os membros do Goberno en funcións e mais os da Mesa da Cámara votarán ao final, e rematará a votación coa presidencia.

A señora SECRETARIA DA MESA (Porro Martínez): Número 35. Pérez López, Daniel.

O señor PRESIDENTE: A votación iniciárase polo nome que saíu agora elixido, don Daniel Pérez López. Para iso prégolle á secretaria que faga o chamamento para a votación, recordando que as respostas na votación son «si», «non» ou «abstención».

A señora SECRETARIA DA MESA (Porro Martínez):

Pérez López, Daniel: Non.

Pérez López, Noelia: Si.

Pontón Mondelo, Ana: Non.

Prado del Río, Paula: Si.



Presas Bergantiños, Noa: Non.
Puy Fraga, Pedro: Si.
Queixas Zas, Mercedes: Non.
Rey Varela, José Manuel: Si.
Ríos Santomé, Paulo: Non.
Rivas Cruz, Xosé Luís: Non.
Rodeiro Tato, Ovidio: Si.
Rodil Fernández, Olalla: Non.
Rodríguez Dacosta, María del Carmen: Non.
Rodríguez Miranda, Antonio: Si.
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña: Non.
Sanz Arias, Cristina: Si.
Seco García, Martín: Non.
Suárez Sarmiento, María Elena: Si.
Tabarés Pérez Piñeiro, Iago: Non.
Tellado Filgueira, Miguel Ángel: Si.
Torrado Quintela, Julio: Non.
Vázquez Domínguez, Sandra (*Vota Pedro Puy Fraga por delegación.*): Si.
Vega Pérez, Daniel: Si.
Verea Fraiz, Borja: Si.
Abelairas Rodríguez, María Isaura: Non.
Aira Díaz, María del Carmen: Non.
Alén Castro, Gabriel: Si.
Álvarez Martínez, Luis Manuel: Non.
Amigo Díaz, María Encarnación: Si.
Arangüena Fernández, Pablo: Non.
Arias Rodríguez, Raquel: Si.
Armada Pérez, José Antonio: Si.
Balseiro Orol, José Manuel: Si.
Bará Torres, Xosé Luís: Non.
Caballero Miguez, Gonzalo: Non.
Candia López, María Elena: Si.
Carballo Páez, Ramón: Si.
Carreira Pazos, Iria: Non.
Castro García, Daniel: Non.
Castro Rey, Paloma: Non.
Cores Tourís, José Manuel: Si.
Díaz Mouteira, María Sol: Si.
Díaz Varela, Noa Susana: Non.
Fernández Alfonso, Ramón: Non.
Fernández Gómez, Alexandra: Non.
Fernández Prado, Martín: Si.
Fernández-Tapias Núñez, Marta María: Si.
Francisco Rivera, Juan Carlos: Non.
Gallego Sanromán, María Leticia: Non.
González Albert, María (*Vota Ana Pontón Mondelo por delegación.*): Non.



González Iglesias, María do Carme: Non.
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio: Non.
Murillo Solís, María Guadalupe: Si.
Nóvoa Iglesias, Marta: Si.
Otero Rodríguez, Patricia: Non.
Pazos Couñago, José Alberto: Si.
Pérez Fernández, Rosana: Non.
Pérez López, Álvaro: Si.
Quintana Carballo, Rosa María: Si.
González Vázquez, José: Si.
García Martínez, Fabiola: Si.
Vázquez Almuíña, Jesús: Si.
Rodríguez González, Román: Si.
Pomar Tojo, Carmen María: Si.
Conde López, Francisco José: Si.
Vázquez Mourelle, Ethel María: Si.
Vázquez Mejuto, María Ángeles: Si.
Martínez García, Valeriano: Si.
Rueda Valenzuela, Alfonso: Si.
Núñez Feijóo, Alberto: Si.
Ortega Otero, Marina: Non.
Porro Martínez, María Corina: Si.
Prado Cores, María Montserrat: Non.
Calvo Pouso, Diego: Si.
Santalices Vieira, Miguel Ángel: Si.

O señor PRESIDENTE: ¿Votaron todas as deputadas e deputados? (*Pausa.*) Non queda ningún.

Efectuada a votación, os votos emitidos son 75; os votos a favor, 42; os votos en contra, 33. Obtida a maioría absoluta, proclamo presidente da Xunta de Galicia a don Alberto Núñez Feijóo.

Moita sorte. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: A elección comunicarase á súa maxestade El-Rei, conforme o disposto no artigo 18 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, das normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Levántase a sesión.

Boa tarde a todos.

Remata a sesión ás seis e cincuenta e oito minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

